



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta e un minutos do trinta e un de xullo de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D^a. Consuelo Besada Lores, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia o Concelleiro do Partido Popular D. Javier Domínguez Lino e a Concelleira D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiós en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3701.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26 DE XUÑO DE 2012 NÚMERO 473.- De conformidade co disposto no artigo 91 do Real decreto 2586/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta á corporación da acta da sesión anterior realizada o 26 de xuño de 2012, número 472 e non solicitándose rectificación ningunha polos membros presentes, esta queda aprobada por unanimidade.

3702- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3696.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE POIO, PARA A CESIÓN DE DÚAS VIVENDAS, FINCA E EDIFICACIÓNS ANEXAS NO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DE CHABOLISMO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Patrimonio para os trámites sucesivos do expediente; 3697.- URBANISMO, EXP. 81/12, SOLICITUDE DE REDUCIÓN DA LIÑA DE LÍMITE DE EDIFICACIÓN NA AP9, A ALIÑACIÓN EDIFICATORIA EXISTENTE NA ACTUALIDADE, EN RÚA PEIRAO E PRAZA PEIRAO, SAN SALVADOR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 3698.- URBANISMO, APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente. Comunicouse a Xestur Pontevedra, SA e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3699.- CONCELLERÍA DE DEPORTES, PROPOSTA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCÍONS NOMINATIVAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3700.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE, A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, BISEXUAIS E TRANSEXUAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

A Corporación dáse por enterada.

3703.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a corporación dáse por enterada.

3704.- INTERVENCIÓN, INFORME TRIMESTRAL DO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2012.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda,

Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de xullo de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do informe de Tesourería e Intervención de data 30 de xuño de 2012 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

A secretaria presente na sesión procede a explicar o contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreran máis de 3 meses da súa anotación no rexistro contable sen que se procedese ao recoñecemento das obrigas e o segundo, sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

En conclusión as facturas aprobadas, que se atopan pendentes de abono por un prazo superior a 40 días (ata o día 20 de maio), tendo en conta a data de finalización do 2º trimestre natural (30/06/2012), alcanzan un importe de 270.326,08 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

D. Ángel Moldes pregunta se se inclúen as facturas que aínda están pendentes de pago procedentes do primeiro trimestre, isto é, se acumula ambos.

O presidente da Comisión resposta que o informe responde en sentido estrito ao segundo trimestre máis considera que no que se refire ao pendentes de pago, abarcará as tamén as do primeiro trimestre. Así mesmo traslada aos restantes membros que o Ministerio colgou un informe tipo e que a data de referencia a ter en conta será a do rexistro de entrada e non o de aprobación polo que resulta máis gravoso xa que resulta difícil realizar todos os trámites nos períodos de referencia.

Rematado o debate, a comisión da por realizado o trámite para os efectos de ser elevado á consideración plenaria. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido polo Tesoureiro Municipal e Interventora con data 30 de xuño de 2012 e acorda que se remita o devandito informe aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

Neste momento entra no Salón de Sesións a Concelleira D^a. Alicia Martínez González.

3705.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE RELATIVA Á REVISIÓN DO ACORDO DE EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA OU COMPENSACIÓN EN TANTO NON SE PRODUCIR A REVISIÓN.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción conxunta presentada no Rexistro Xeral do Concello o 11 de xullo de 2012, número 3500 e que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 16 de xullo de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta aos membros da Comisión do texto da moción de data 10 de xullo de 2012 e que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 11 de xullo de 2012, núm. 3500 en relación á revisión do acordo de exención do pagamento do Imposto sobre Bens Inmóbéis (IBI) por parte da Igrexa Católica, ou compensación en tanto non se producir a revisión e que di textualmente: “A fiscalidade debe ser o maior instrumento de redistribución económica e social dos poderes públicos e a maneira máis directa para que estes poidan exercer a solidariedade, contribuíndo á cohesión social e á prestación de servizos públicos a seus veciños. A regra básica dun sistema fiscal xusto é que tódolos cidadáns e institucións deben contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo ca súa capacidade económica.

Necesitamos un sistema fiscal máis progresivo e redistributivo que xere recursos suficientes para prestar e soste os servizos públicos fundamentais que demandan os cidadáns.

Especialmente na actual situación de crise económica que está afectando ao noso país e que cada vez sofren maior número de cidadáns, as institucións públicas deben de contar con maiores recursos para poder atender aos que peor o están pasando, os concellos como administración máis próxima aos cidadáns e que mellor coñece a realidade dos seus veciños son os que están en mellores condicións de facer este traballo indispensable para o mantemento da cohesión social.

No actual escenario de crise económica, no que a baixada de ingresos, o control do déficit e as débedas contraídas polos concellos fan indispensable a revisión urxente da fiscalidade municipal e para que a elevación da presión fiscal non redunde de forma desigual nuns veciños e entidades sobre outros, é imprescindible restrinxir ao máximo a aplicación de exencións e bonificacións.

O recente RDL 20, de 30 de decembro de 2011, de “medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público”, é froito da política contraditoria de subida de impostos que está promovendo o Goberno do PP. En dito Decreto instase ás Corporacións Locais a unha subida do IBI entre o 4% e o 10%, obrigando así a incrementar a presión fiscal sobre os cidadáns e institucións.

A Igrexa Católica está exenta de tributar polo IBI (Imposto de Bens Inmóbéis) a raíz dos Acordos vixentes do Reino de España coa Santa Sede (1979) – coñecidos como Concordato -. As confesións xudía, protestante e musulmán tamén o están a través dos respectivos Acordos de Cooperación (1992).

Estes beneficios fiscais están á súa vez recollidos na vixente Lei de Facendas Locais (Lei 7/1985, art. 258 e Real Decreto Legislativo 2/2004, art. 62.1c). Así, gozan de exencións totais ou permanentes: templos e lugares de culto, dependencias ou edificios anexos destinados á actividade pastoral ou asistencia relixiosa, locais destinados a oficinas, casas e conventos de ordenes e congregacións relixiosas.

Esta exención legal, que debe ser revisada, só está referida as finalidades vinculadas ao culto, malia que nas décadas precedentes realizouse unha aplicación extensiva de esta exención, de forma que alcanzou a bens inmóbles non estipulados pola lei vixente: pisos, prazas de garaxe, lonxas, ... non vinculados ao culto. Este beneficio fiscal estendeuse incluso á exención do pago das taxas municipais establecidas polos concellos.

Ante esta realidade, os grupos municipais do BNG e do PSOE consideramos inadmisíbel que, fronte ao esforzo solidario esixido a tódolos cidadáns, existan confesións relixiosas que sigan gozando de beneficios especiais, por todo isto presentamos para a súa aprobación polo Pleno Municipal, os seguintes acordos:

1.- Realizar un censo municipal dos inmóbles rústicos e urbanos que están rexistrados a nome da Igrexa Católica e de outras confesións relixiosas co obxecto de proceder á actualización posterior do Padrón de Bens Inmóbles para poder así xirar o IBI a todos aqueles bens inmóbles cuxo destino non está vinculado ó culto.

2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os punto anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

4.- Instar ó Goberno de España a presentar unha Lei de Liberdade de Conciencia e Relixiosa que determinará modificacións, entre outras, da Lei de Facendas Locais, da Lei de Mecenazgo e Fundacións e unha revisión dos Acordos do Reino de España ca Santa Sede, vixentes dende 1979.

5.- Dar traslado ao Congreso dos Deputados e ao Goberno de España destes acordos.”

Toma a palabra D. Xulio Barreiro Lubián quen explica que na actualidade o Concordato establece que a Igrexa Católica está exenta do pagamento deste Imposto en todos os seus inmóbles adicados ao culto así como outros edificios con actividade relixiosa pero existen moitos bens inmóbles que a pesar de ser titularidade da Igrexa, non están destinados ao culto, e non están pagando. Nos o que pedimos con esta moción é que a Igrexa pague por todos aqueles inmóbles da súa titularidade e que non estean destinados ou vinculados ao culto. Un exemplo claro é a hospedería do Mosteiro de Poio, que se trata dun hotel con máis dependencias e m/2 e sen embargo outros con características moi inferiores tributan moito máis.

D. Ángel Moldes pregunta se paga pola recollida de residuos sólidos.

O presidente da Comisión respóndelle que sí, de feito recolleuse unha previsión específica na ordenanza con tal finalidade.

A continuación, toma a palabra o Concelleiro D. Juan José Rodríguez Grandal o que manifesta que na actualidade a Lei contempla outros moitos casos e estamentos que non tributan e están exentos, non soamente, o da Igrexa Católica.

Contesta o Sr. Barreiro Lubián que poden presentar unha emenda nese sentido para que se estuden os demais casos que poden ser similares ao da Igrexa.

Rematado o debate e sometido a votación, por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG e 1 PSOE-PSG), ningún voto en contra e tres abstencións (3 grupo municipal PP), adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Realizar un censo municipal dos Inmóbles rústicos e urbanos que estean rexistrados a nome da Igrexa Católica e de outras confesións relixiosas co obxecto de proceder á actuación posterior do Padrón de Bens Inmóbles para poder así xirar o IBI a todos aqueles inmóbles cuxo destino non está vinculado ao culto.

Segundo.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa igrexa Católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

Terceiro.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao goberno do estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

Cuarto.- Instar ao goberno de España a presentar unha lei de liberdade de conciencia e relixiosa que determinará modificacións, entre outras, da Lei de facendas locais, da lei de mecenazgo e fundacións e unha revisión dos acordos do Reino de España ca Santa Sede, vixentes desde 1979.

Quinto.- Dar traslado ao Congreso dos Deputados e ao Goberno de España destes acordos.”

Non suscitándose debate ningún e sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención este quedou aprobado nos seus propios termos adoptándose os seguintes acordos:

Primeiro.- Realizar un censo municipal dos Inmobles rústicos e urbanos que estean rexistrados a nome da Igrexa Católica e de outras confesións relixiosas co obxecto de proceder á actuación posterior do Padrón de Bens Inmobles para poder así xirar o IBI a todos aqueles inmobles cuxo destino non está vinculado ao culto.

Segundo.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociárase coa igrexa Católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

Terceiro.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao goberno do estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

Cuarto.- Instar ao goberno de España a presentar unha lei de liberdade de conciencia e relixiosa que determinará modificacións, entre outras, da Lei de facendas locais, da lei de mecenazgo e fundacións e unha revisión dos acordos do Reino de España ca Santa Sede, vixentes desde 1979.

Quinto.- Dar traslado ao Congreso dos Deputados e ao Goberno de España destes acordos.

3706.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE PARA A SUPRESIÓN DO COPAGO FARMACEUTICO ÁS PERSOAS PENSIONISTAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción conxunta presentada no Rexistro Xeral con data 11 de xullo de 2012 e que foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de xullo de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “5º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE PARA A SUPRESIÓN DO COPAGO FARMACEUTICO ÁS PERSOAS PENSIONISTAS.- Dáse conta aos membros da Comisión do texto da moción de data 10 de xullo de 2012 e que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 11 de xullo de 2012, núm. 3499 en relación a entrada en vigor do novo copago farmacéutico o pasado 01 de xullo de 2012 que incorpora ao copago a máis de 725.000 pensionistas e que di textualmente: “O pasado 1 de xullo entrou en vigor o novo copago farmacéutico imposto polo Goberno do Estado que incorpora ao copago a máis de 725.000 pensionistas e aumenta a aportación de centos de miles de persoas activas.

O copago farmacéutico é un sistema inxusto e insolvente. Quedan fóra de financiamento medicamentos fundamentais que non teñen alternativa en Galiza, nin nas farmacias nin nas distribuidoras. Persoas con tratamentos crónicos deixaron de retirar a súa medicación pola imposición deste copago.

As persoas obrigadas ao copago farmacéutico puideron xa comprobar desde un primeiro momento como a realidade do recorte as afectaba gravemente. De feito pensionistas con persoas que dependen da súa cartilla, teñen que soportar un duplo ou triplo tope de 8 ou 18 euros. Ademais existen reclamacións sobre as novas porcentaxes aplicadas a persoas activas que merecen a desatención do SERGAS e obrigando ás persoas doentes a que reclamen na Seguridade Social.

Para xustificar todo isto falan do destino destes cartos para a construción de novos centros sanitarios, pero a realidade a falta de persoal sanitario para atender dignamente os centros que existen. Están a vender a ilusión de novos centros de saúde no futuro coas pensións das persoas xubiladas e viúvas enfermas.

Esta medida non se implantou por igual en todo o territorio do Estado xa que algunhas comunidades autónomas elaboraron normativas propias grazas ás competencias que teñen atribuídas, compensando esta medida tan lesiva e evitando que as persoas pensionistas vexan reducidas as súas pensións polo feito de ter enfermidades, obrigadas a contribuír á rebaixa do déficit do Estado ou para colaborar no pago do rescate á banca privada española.

O Goberno galego ten as mesmas competencias e a mesma capacidade para evitarlle ás persoas enfermas e pensionistas que residen en Galiza este recorte dos seus ingresos, pero o goberno do PP na Xunta toma a decisión de non facelo, para non ser un problema para Madrid, xa que prefere ser un problema para as persoas pensionistas de Galiza.

Queremos outra xestión sanitaria, que non se centre en recadar das persoas enfermas senón en atendelas dignamente, nunha sanidade que sexa un elemento de redistribución de riqueza e que sexa financiada suficientemente dende os impostos. O Goberno galego está a tempo de rexeitar estas medidas retrógradas e insolventes impostas polo PP dende o Goberno do Estado.

E por isto que os grupos municipais do BNG e do PSOE presentan esta moción e solicitan o voto favorable do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galiza a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo Goberno do Estado nas economías familiares galegas e suprima o copago farmacéutico para as persoas pensionistas.”

Abre a rolda de intervencións D. Xulio Barreiro para explicar a finalidade da moción, expresando a súa oposición a que os pensionistas teñan que facer fronte ao co-pago farmacéutico en vez de gravar a outros sectores, engadindo que nun horizonte temporal próximo se terá que facer fronte ao pago do total custe do medicamento. Pode darse a situación de persoas que non teñan renda suficiente, máis en Galicia onde as pensións están por debaixo da media.

Toma a palabra D. Ángel Moldes para advertir que o co-pago xa existía pero que é agora cando por primeira vez se esixe aos pensionistas. Trátase dunha medida pouco gustosa pero cando menos os parados xa non van a ter que satisfacer o importe.

D. Xulio Barreiro insiste en que en pouco tempo a situación se vai a revisar e se pague todo o importe, incluso a mediación hospitalaria, por que non interesa a sanidade pública. Se está a perder renda por primeira vez en moito tempo.

Rematado o debate e sometido a votación, por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG e 1 PSOE-PSG), 3 votos en contra (3 grupo municipal PP) e ningunha abstención, adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo goberno do Estado nas economías familiares galegas e suprima o copago farmacéutico para as persoas pensionistas.”

Non suscitándose debate ningún e sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención este quedou aprobado nos seus propios termos adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo goberno do Estado nas economías familiares galegas e suprima o copago farmacéutico para as persoas pensionistas.

3707.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE CONTRA RECORTES DA XUNTA DE GALICIA NO FOMENTO DO EMPREGO E NOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN DAS PERSOAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción conxunta presentada no Rexistro Xeral con data 11 de xullo de 2012 e que foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de xullo de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta aos membros da Comisión do texto da moción de data 10 de xullo de 2012 e que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 11 de xullo de 2012, núm. 3498 en relación a publicación do DOG do 15 de xuño de 2012 pola que se reducen de forma drástica as subvencións aos concellos para a contratación de persoal para reforzar os servizos municipais, a través dos plans de Cooperación e redución dos programas de accións formativas destinadas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas e de promoción da integración laboral de persoas con discapacidade e que di textualmente: “O Goberno do PP na Xunta de Galiza continúa na liña de recortarlle aos concellos todo tipo de medidas destinadas ao fomento do emprego ou a programas de promoción, cooperación e formación das persoas.

Así, o pasado venres, 15 de xuño, fixo pública no DOG a drástica redución de axudas e subvencións aos concellos para o fomento do emprego a través de programas de cooperación que permitían a contratación de persoal para reforzar os servizos municipais. Pero tamén a redución de programas de accións formativas destinadas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas e de promoción da integración laboral de persoas con discapacidade.

Estas reducións acadan máis de 61 millóns de euros que representan preto do 50% dos importes recollidos nos Orzamentos da Xunta de Galiza para este ano 2012. E desta cantidade cabe destacar a redución de 33 millóns de euros (case o 75%) das axudas aos concellos destinadas a contratación de persoas no paro para distintos servizos municipais (servizo de axuda no fogar, brigadas municipais, etc.), deixando pouco máis de 12 millóns de euros e confirmando así a escalada de recortes do goberno do PP na Xunta de Galiza desde fai tres anos, provocando cada día máis persoas desempregadas, convertendo en falacias as promesas electorais Feijóo de acabar co paro en 45 días.

Galiza sofre a política do PP, condenada a non poder recuperar a senda da creación do emprego e inverter a actual tendencia da súa destrución; condenada a non poder xerar desde os concellos as condicións para o desenvolvemento das oportunidades laborais e a prestación de servizos a veciños e veciñas. Chegando a acadar as máis altas cotas de desemprego, situando a Galiza nunha taxa de máis do 20 %, onde máis emprego se destrúe no Estado e castigando a máis de 275.000 galegos e galegas a continuar nunha situación de anguria e desesperanza.

A Xunta de Galiza gobernada polo PP pregouse definitivamente ás políticas de recortes do Goberno do Estado e aos ditados dos mercados financeiros: pagar primeiro os intereses da débeda a costa dos recortes nas políticas sociais e no emprego, impedindo axudas a persoas paradas para atopar traballo.

E unha vez máis o PP castiga a aquelas persoas que máis sofren a crise, precarizando as condicións de traballo mediante a reforma laboral, reducindo dereitos e aumentando o desamparo das persoas desempregadas e aquelas menos preparadas para

atopar un emprego.

E por isto que os grupos municipais do BNG e do PSOE presentan esta moción e solicitan o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte acordo:

1. Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.
2. Instar á Xunta de Galiza a:
 - a. Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.
 - b. Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.
A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza.”

Abre o debate o presidente da comisión para manifestar que nun momento como o actual de precariedade económica, elimínase practicamente todas as políticas activas de emprego, polo que estima que se debería realizar pola administración un esforzo neste momento e neste sector para que a economía creza e non de manteña a recesión. Lamenta que se esté a asumir o que impoñen outros grupos ou estados en contra dos nosos propios intereses, polo que como hai que ser competitivos e non nos deixan devaluar a moeda, hai que tomar estas decisións. A elo únese a propia elección nas medidas xa que non se sobe o imposto sobre sociedades ou o simulacro de imposto para as grandes fortunas ou teñamos paraísos fiscais.

D. Gregorio Agís suma ademais a ausencia de información e transparencia.

Rematado o debate e sometido a votación, por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG e 1 PSOE-PSG), ningún voto en contra e tres abstencións (3 grupo municipal PP), adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.

Segundo: Instar a Xunta de Galiza a :

- a) Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.
- b) Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa conta inicial.
- c) A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza.”

A voceira do Grupo Municipal do BNG, D^a. Silvia Díaz Iglesias, explica o contido da moción presentada co motivo da drástica redución de axudas e subvencións aos concellos para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación así como a redución de programas de accións formativas destinadas prioritariamente a traballadores desempregados/as consideramos que neste momento débese priorizar nas políticas de emprego que permitan inserción laboral como poden ser estes dous programas e polo contrario o PP, reduce estas axudas ás corporacións locais, pensamos que se trata de políticas de emprego erradas ás que está a tomar tanto o Goberno do Sr. Feijoo como o goberno do Sr Rajoy, por iso desde o equipo de goberno instamos a Xunta de Galicia a garantir o financiamento destes programas.

O Sr. Agís Gómez, explica que o Concello de Poio foi beneficiario en anos pasados de varios cursos AFDs, e sen embargo este ano non se lle concedeu ningún, polo contrario en Poio concedéuselle cursos de formación a dúas entidades privadas. Por outra banda, solicitamos da Xunta de Galicia a continuidade da figura de orientación laboral, xa que hai demanda de veciños e veciñas que preguntan por este servizo, que na actualidade, funciona 6 meses dentro dun período de 12.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal Popular, poñendo de manifesto que están de acordo no fomento das políticas de emprego e que non se trata de recortes senón dun reaxuste, e non precisamente do PP nin do Goberno da Xunta nin do Goberno Central, senón que de oito anos atrás, cando non gobernaba o PP, agora temos que solucionar os problemas que outros nos deixaron, porque agora si que se fala de déficit.

Toma a palabra o Concelleiro D. Xulio Barreiro Lubián explicando que na intervención da voceira do BNG púxose de manifesto a mala situación actual pero que se están a tomar medidas de promoción de emprego malas. Estamos os veciños e as

veciñas a pagar a mala xestión da economía por parte dos poderes públicos, e os que realmente levaron a economía non pagan a crise.

O Sr. Agís Gómez di que se trata de prioridades, si que hai cartos para unhas determinadas cousas e non hai para outras. Si que hai para pagar débeda de Bankia pero non para fomentar políticas de emprego. E en ningún momento pensamos que se trate de herdanza recibida dun goberno anterior. Por iso solicitamos, que se priorice en traballo e emprego nestes momentos.

Unha vez rematado a quenda de intervencións e sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o 16 de xullo de 2012 este queda aprobado nos seus propios termos por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose os seguintes acordos:

Primeiro.- Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.

Segundo: Instar a Xunta de Galiza a :

- a) Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.
- b) Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa conta inicial.
- c) A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza

3708.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE RELATIVA AO DECRETO DE AUGAS DE GALIZA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción conxunta presentada no Rexistro Xeral con data 11 de xullo de 2012 e que foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de xullo de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta aos membros da Comisión do texto da moción de data 10 de xullo de 2012 e que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 11 de xullo de 2012, núm. 3502 en relación a entrada en vigor do Decreto publicado no Diario Oficial de Galicia do 22 de xuño de 2012 e que desenvolve a Lei de Augas de Galiza e que di textualmente: “O DOG do 22 de xuño do presente ano publica o Decreto polo que se desenvolve a nova Lei de Augas de Galiza e que aplican o canón da auga e o coeficiente de vertedura, un novo imposto e unha nova taxa que pasan a substituír ao vixente Canon de Saneamento, incorporando ao pagamento a novas persoas usuarias da auga en Galiza.

Este Decreto e a Lei que o ampara esquecen as especificades de Galiza, a nosa relación cultural coa auga e os usos da mesma e a xestión que durante décadas se ven facendo da auga por parte de milleiros de cidadáns que viven no rural de Galiza, as traídas veciñais que co seu esforzo manteñen unha rede de abastecemento nas aldeas do rural en substitución dunha administración que non se ocupou nin preocupou por garantir o acceso á auga de calidade do conxunto da cidadanía de Galiza.

A oportunidade de elaborar un novo ordenamento xurídico sobre a auga é desaproveitada polo actual goberno de Galiza para regular e ordenar a confusa e diversa fiscalidade sobre este recurso natural. Non houbo nin hai vontade política por parte do goberno de Galiza para establecer un diálogo con outras administracións tanto a local como a estatal para establecer unha fiscalidade progresiva e equitativa, onde toda a cidadanía que teña acceso á auga pague o mesmo en todos os territorios, independentemente de si a conca que os regula pertence á Comunidade Autónoma de Galiza ou ao Goberno de España.

O texto legal xa vixente obvia moitos dos aspectos da lexislación existente que ten a obriga de incorporar como a Directiva Marco da Auga e a lexislación estatal, entre outros non contempla:

- A utilización sostible dos recursos hídricos.
- A necesidade de protección e mellora dos sistemas acuáticos.
- A protección do recurso auga.
- A prevención e redución da contaminación e en xeral a protección do medio ambiente.
- Tampouco se regulan só se fan leves referencias as situacións de enchentes ou secas nin a necesidade de levar a cabo tarefas preventivas nestes campos, sobor de todo tendo en conta as graves inundacións que partes do territorio galego teñen sufrido nos últimos anos así como a aparición de casos puntuais de seca que se teñen dado e eran impensables anos atrás en Galicia.
- Non se fai referencia ás zonas inundables nin as zonas protexidas
- Falta unha regulación relativa ó rego, onde se garanta unha xestión eficiente e sostible do mesmo.
- Tampouco están contempladas previsións en materia de augas subterráneas nin a reutilización do recurso.

A auga é un recurso natural imprescindible para a vida, o desenvolvemento humano e para o mantemento dos ecosistemas. Un recurso con valor económico, social e ambiental. Económico como recurso “escaso” que pode servir para xerar riqueza a través dos seus diferentes usos e aplicacións. Social, como recurso imprescindible para a vida humana e o desenvolvemento das poboacións e Ambiental como recurso natural, xa que a calidade da auga inflúe directamente na situación,

evolución e conservación dos ecosistemas naturais.

Garantir o cumprimento da Directiva Marco da Auga implica asumir esta concepción do recurso e, en particular, garantir a sostibilidade ambiental, a eficiencia de todos os usos da auga, a racionalidade económica e a participación pública (nos termos establecidos na DMA e na demais lexislación vixente).

Pola contra a nova Lei de Augas de Galicia e o Decreto que a desenvolve non asumen o novo modelo de xestión da DMA, que implica o recoñecemento dun recurso “limitado”, cuxa xestión se basea na demanda, mellorando a eficiencia do uso dos recursos hídricos, reducindo o consumo e incentivando o aforro da auga.

A Lei de Augas atende a fórmulas e criterios da xestión da oferta e basease nunha política de infraestruturas e recadatoria para sufragar esas infraestruturas. Só se preocupa de maneira destacada da creación do ente Augas de Galicia e dos aspectos recadatorios.

Esta lei en definitiva, só ten un obxectivo contrastado: recadar máis, subir o prezo da auga para o conxunto da cidadanía.

A aparición deste novo canon da auga suporá nalgún dos tramos incrementos do 141% respecto do prezo actual. Noutros o prezo da auga en Galiza se equipara ao prezo de auga de desalgadora no Levante de España.

Este canon se establece ademais sen contar cos gobernos locais, co total desacordo dos concellos que terán que aplicar despois este canón ao conxunto da cidadanía. Pretende cercenar a autonomía local e as competencias que teñen asumidas os concellos.

O CES di no ditame que fai sobre esta lei, e polo tanto aplicable ao seu desenvolvemento regulamentario co novo Decreto, respecto do novo “canon da auga” en termos literais: “...Compre unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas, na conxuntura actual de crise económica...”

Os concellos a través da Fegamp chegan incluso a nomear a esta lei, nalgunha da reflexións conxuntas feitas como a “Lei de ordenación tributaria e administrativa dos servizos de saneamento e abastecemento”.

A pesares desta reflexión e do desacordo dos concellos o Goberno empeñouse en aprobar unha nova Lei de Augas de Galiza moi rexeitado socialmente e no mundo local e co que se pretenden establecer vellas receitas como novas.

Unha nova Lei que sen habela aplicado xa foi modificada polo mesmo goberno que a promoveu na Lei de Acompañamento dos orzamentos para 2012 e que tarda o goberno Feijoo ano e medio en desenvolver a través deste decreto publicado agora e para ser vixente a partires do 1 de xullo.

O Decreto invade as competencias municipais, incrementa o gasto corrente dos concellos ao facelos responsables da xestión do cobro e do seu ingreso íntegro na Xunta de Galicia, independentemente de si se recada a totalidade ou non e ademais encarece a auga para as persoas usuarias de xeito notorio neste momento de recesión económica, ademais de establecer a obriga de cobrarlle por vez primeira a todas aquelas persoas usuarias de traídas veciñais ou pozos particulares que están conectados á rede de saneamento.

Por iso, os grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A retirada deste Decreto e a elaboración dun novo regulamento que cumpra co establecido na Directiva Marco da Auga e que sexa acordado coas corporacións locais e demais persoas usuarias da auga en Galiza.”.

Toma a palabra D. Xulio Barreiro Lubián quen explica que hai uns meses tratouse unha moción que solicitaba que non se aplicara o canon de saneamento, aínda máis, nesta situación económica de contracción non é a idónea para impoñer impostos indirectos e menos aínda sobre cuestións esenciais como a auga.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular indica que se tratar de dar cumprimento a unha Directiva europea que non quixo traspoñer o bipartito e agora hai que facelo.

Toma a palabra D. Xosé Luís Martínez para manifestar que todas as directivas europeas son de obrigado cumprimento pero onde está a nosa soberanía?

D. Juan José Rodríguez Grandal resposta que isto é o que supón ser membro da Unión Europea.

D. Ángel Moldes sinala que o debate será entón se queremos seguir sendo membros da Unión Europea, máis resalta que elo non supón simplemente recibir subvencións como as que se reclamen na anterior moción sobre o Fondo Social Europeo e os Programas de Cooperación.

D. Xosé Luis Martínez respóndelle que a política do BNG ven sendo moi clara dende hai xa máis de quince anos (e pon diversos exemplos como a cota láctea).

Intervén D. Gregorio Agís e dí que as taxas non as pon a Unión europea senón que é o modelo de xestión da auga elixido.

D. Xulio Barreiro manifesta que o mellor que poden facer dende Madrid é irse para a súa casa. O seguidismo e facer un ridículo espantoso. Ó mellor a reacción sería outra se se tomase a decisión de non pagar ata que nos recuperásemos como fixeron na Arxentina. Se tivéssemos soberanía, poderíamos devaluar a moeda pero como non nos deixan, hai que facelo cos soldos nu 40%. A política da Unión Europea consistiu en dismantelar a nosa capacidade produtiva (pon o exemplo da industria naval e prohibición que pese sobre os astaleiros ferroláns para construír embarcacións civís).

Segundo o seu criterio estas taxas hai que planificalas doutra maneira e exemplifica o mal uso da política fiscal no feito en que non se graven ou se deixen de aplicar a quen ten fosa séptica, o que revela que non hai intención de facer política medio ambiental senón fiscal..

Rematado o debate e sometido a votación, por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG e 1 PSOE-PSG), 3 votos en contra (3 grupo municipal PP) e ningunha abstención, adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Solicitar a retirada deste Decreto e a elaboración dun novo regulamento que cumpra co establecido na Directiva Marco de Auga e que sexa acordado coas corporacións locais e demais persoas usuarias da auga en Galiza.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián que explica que a nova regulación europea da auga ten a única finalidade de recadar dos veciños e veciñas que teñan auga, non solo saneamento, xa que se incrementará un 141 %. Nos pedimos que non se aplique e que se retire e que se negocie coas entidades locais, xa que son estas as competentes para o seu cobro.

A voceira do grupo municipal socialista D^a. Consuelo Besada Lores di que non ven xusto a aplicación do decreto que ademais é moito máis caro que noutras comunidades autónomas. Ademais tamén obriga a alta dos pozos de auga, falando de sancións ata 30000 €.

O Sr. Moldes Martínez di que coas intervencións realizadas o equipo está a facer demagogia xa que o único que se está a facer é aplicar unha directiva europea que resulta de obrigado cumprimento. Hai que comparar o texto do bipartito co texto do PP e verán que o incremento no é tanto. Está moi ben facer demagogia pero hai que ser realista. Hai unha directiva finalista o que se recada será invertido na mesma finalidade e que temos que aplicar senón seremos penalizados.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que en ningún momento fixo demagogia, a aplicación do decreto suporá un incremento do 141%, iso é verdade. Cada país as directivas as transpón e aplica como quere ou pode. Temos que adaptar as directivas as problemáticas de cada país. Gobernar non é facer todo o que mandan ou din. As traídas e pozos meten tarifas pero refléxanas como exencións, que poden modificarse en calquera momento. As sancións por non declarar os pozos poden chegar a 30.000 €, pero o único que se persegue con esta medida é controlar o número de pozos para despois impoñer unha tarifa. Quen recada é o Concello de Poio pero que ingresa é a Xunta de Galicia. Aquí van a pagar todos incluso o concello Trátase dunha subida do PP da auga que en determinados tramos supón o 141% pero cando Poio sobe a tarifa un 3% trátase de subidas desorbitantes, cambiades o discurso segundo vos convén. O prezo da auga pona o Concello e o canon de saneamento a Xunta. Se cobra a Xunta está ben pero se cobra o concello está mal.

A Sra. Besada Lores di que a parte do manifestado polo Sr. Barreiro Lubián, do que estamos totalmente de acordo, é inviable que o prezo sexa máis caro na nosa Comunidade Autónoma que en Andalucía. Non estamos de acordo, que se trate dunha subvención finalista, e para exemplo temos o Convenio de Saneamento de San Martiño, onde o Concello ten que investir 500.000 e, isto demostra que non é finalista, que os cartos non volven para nos.

O Sr. Martínez Blanco di que as normativas europeas o único que fan é levar ao desastre ás administracións. Coa desculpa das comparacións, se a gasolina se o naval ... pero que salario cobran neses países comparado con España. Hai uns meses non se ía subir nada e agora defendedes este canón coa normativa europea. Os cartos dos veciños non volven para Poio e cando falamos de finalista, temos a mesma equidade que outros concellos do PP?.

Unha vez rematado a quenda de intervencións e sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o 16 de xullo de 2012 este queda aprobado nos seus propios termos por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar a retirada deste Decreto e a elaboración dun novo regulamento que cumpra co establecido na Directiva Marco de Auga e que sexa acordado coas corporacións locais e demais persoas usuarias da auga en Galiza.

3709.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO DESLINDE DOS TERMOS

MUNICIPAIS DE POIO-PONTEVEDRA, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de xullo de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente de urbanismo tramitado, de execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Sala do Contencioso Administrativo, Sección Segunda número 858/1993, de 8 de outubro, recaída no procedemento ordinario número 122/91; a sentenza da mesma Sala e sección número 127/1995, ditada no recurso procedemento ordinario número 02/0004910/1993, de 21 de decembro, sentenza do Tribunal Supremo, Sala Contencioso Administrativo, de 15 de xullo de 2002, recaída no recurso de casación número 5731/1996, así como do auto recaído no procedemento ordinario número 4910/1993, de 8 de abril de 2011, providencia da mesma Sala de 16 de marzo de 2012 e providencia de 26 de abril de 2012, pola que se insta aos concellos de Pontevedra e poio para que, prosigan as actuacións administrativas polo seu cause, coa finalidade de concretar os límites de separación de ambos municipios.

Con data 4 de xuño de 2012 emítase informe polo Asesor Xurídico e que di o que segue: “Visto o expediente de urbanismo tramitado, de execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Sala do Contencioso Administrativo, Sección Segunda, número 858/1993, de 8 de outubro, recaída no procedemento ordinario número 122/91; a sentenza da mesma Sala e Sección número 127/1995, ditada no recurso procedemento ordinario número 02/0004910/1993, de 21 de decembro, sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso Administrativo, de 15 de xullo de 2002, recaída no recurso de casación número 5731/1996; así como o auto recaído no procedemento ordinario número 4910/1993, de 8 de abril de 2011, providencia da mesma Sala de 16 de marzo de 2012, e providencia de 26 de abril de 2012, pola que se insta ós concellos de Pontevedra e Poio para que, prosigan as actuacións administrativas polo seu cauce, a fin de concretar os límites de separación de ambos municipios.

Así como o disposto na Lei 7/1985, de de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que, se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo polo que, se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial, así como o Decreto da Xunta de Galicia 76/2010, do 29 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Galega de Delimitación Territorial, e así como o disposto no Plan de Ordenación Municipal de Poio, teño a ben informa - lo seguinte:

PRIMEIRO.- Con data 8 de outubro de 1993, a Sala do Contencioso Administrativo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou a sentenza número 858/1993, recaída no procedemento ordinario número 122/91, promovido polo Concello de Poio contra o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra, porque planificaba zonas que pertencían ó termo municipal de Poio, de conformidade co deslinde entre ambos termos municipais xa practicado no ano 1889, estimando o recurso interposto polo Concello de Poio, **anulando a orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, da Xunta de Galicia, de 18 de decembro de 1989, polo que se aprobou definitivamente o proxecto de Revisión e Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra; anulando dita resolución por ser contraria a dereito no extremo relativo á planificación das zonas de Gamasa, Recuperación e Xunqueira do Bao.**

Esta sentenza quedou firme e confirmou nesta zona, entre o lugar de Bao e a ponte “das Correntes” e río Alba, que pertencía ó termo municipal de Poio, de conformidade coa liña de delimitación de termos municipais fixada o 19 de novembro de 1889, entre ámbolos Concellos. (Adxúntase copia de dita sentenza como **Doc. nº 1**).

A delimitación dos dous termos municipais, entre os marcos número 23, 24, 25, 26, 27 e 28, quedou fixada definitivamente por esta sentenza, segundo se probou co informe sobre deslinde da Xunqueira de “O Bao”, do municipio de Poio, confeccionado polo Enxeñeiro Técnico – Agrícola Justino Guerra Arroyo, en marzo de 1991, conforme o cal recoñeceuse que dende o ano 1889 pertencen ó termo municipal de Poio toda a zona ocupada por Gamasa, parques e talleres, matadoiro de Pontevedra e Xunqueira do Bao, chegando o límite de ámbolos dous termos municipais á confluencia, na pedra Pinela e ponte das Correntes, entre o eixe do río Alba e o río Lézrez, (Adxúntase copia de dito informe como **Doc. nº 2**).

E por resolución do Secretario Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 7 de marzo de 2000, publicada no Diario Oficial de Galicia, de 28 de marzo de 2000, quedou executada, nos seus xustos termos, a sentenza firme número 858/1993, de 8 de outubro que, fora ditada no recurso número 02/0000122/1991, quedando fixada definitivamente a liña de deslinde dos termos municipais entre os dous Concellos nesta zona. (Adxúntase copia do Doga do 28 de marzo de 2000, **Doc. nº 3**).

E igualmente, o Concello de Poio ó aprobar definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, por acordo de 28 de xullo de 2000, incluíu dentro do seu termo municipal todas as zonas de Gamasa, recuperación e Xunqueira do Bao, ata o eixe do río Alba, dentro do termo municipal de Poio, previo informe favorable da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, respectando e executando a sentenza ditada o 8 de outubro de 1993 e o deslinde aprobado de conformidade con ámbolos dous concellos o 19 de novembro de 1889.

SEGUNDO.- Con data 21 de decembro de 1995, a mesma Sala e Sección, do Contencioso - Administrativo, do

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou a sentenza número 927/1995, no recurso procedemento ordinario número 02/0004910/1993, interposto polo Concello de Poio, contra silencio administrativo da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia a escritos presentados na Delegación de Pontevedra o 18 de xuño de 1991 e o 9 de outubro de 1992, solicitando que se ditara no seu día resolución pola que se resolva a cuestión suscitada entre ambos os dous municipios sobre o deslinde dos seus termos municipais, **confirmándose a liña de deslinde fixada de conformidade por ambos os dous concellos o 19 de novembro de 1889... e que afecten a zona da Xunqueira do Bao e de Alba, incluída dentro do termo municipal de Poio; cuia sentenza fallou o seguinte:**

“Que debemos estimar y estimamos, en el tocante a la pretensión subsidiaria formulada en el suplico de la demanda, el recurso contencioso – administrativo deducido por el Concello de Poio, contra denegación por silencio de la Xunta de Galicia de la petición formulada al Excmo. Sr. Conselleiro de Presidencia e Administración Pública, en 17 de junio de 1991, sobre inicio de expediente para deslinde del término municipal con el de Pontevedra, sobre confirmación de la línea fijada el 19 de noviembre de 1889, y sobre anulación de órdenes, resoluciones o acuerdos posteriores sobre el particular; emitidos sin aprobación del referido Concello; y, en consecuencia, debemos anular y anulamos dicha denegación presunta en cuanto no acepta la obligación de la Xunta de Galicia de resolver, tras los trámites que correspondan la cuestión de deslinde referida, por no encontrar aquella ajustada en tal particular al ordenamiento jurídico.” (Adxúntase copia de dita sentenza como **Doc. nº 4**).

Esta sentenza foi recorrida en casación polo Concello de Pontevedra, recurso número 5731/1996, que se tramitou pola Sección Terceira, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, terminando por sentenza de 15 de xullo de 2002 que, declarou non haber lugar ó recurso de casación interposto, impoñendo á parte recorrente, o Concello de Pontevedra, as costas do recurso de casación. (Adxúntase copia de dita sentenza como **Doc. nº 5**).

TERCEIRO.- Con data 8 de abril de 2011, a Sala do Contencioso -Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección Segunda, ditou un auto, no procedemento ordinario número 02/0004910/1993, que terminara por sentenza número 927/1995, acordando acoller a pretensión que promove a representación procesal da “Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, Poio, de execución forzosa da sentenza de 21 de decembro de 1995, e, en consecuencia, ordeámoslle á Administración Autonómica que acredite ante esta Sala, dentro dos 15 días seguintes á notificación deste auto, **o que houbera resolto en relación co deslinde da porción litigiosa que afecta ós termos municipais de Pontevedra e Poio**”. (Adxúntase copia como **Doc. nº 6**).

CUARTO.- Con data 18 de maio de 2011, ten entrada no Concello de Poio, a resolución de 12 de maio de 2011, do Director Xeral de Administración Local, instando ós Concellos de Pontevedra e Poio para que, procedan a iniciar os trámites de deslinde de ambos términos municipais, con arreglo ó establecido no Anexo I que se adxunta, indicando os trámites a realizar para practicar o deslinde. (**Doc. nº 7 e 8** que se adxunta).

E adxuntando igualmente o Anexo II, referido ós antecedentes que obran na Consellería de Presidencia, de Administracións Públicas e Xustiza (e cujos orixinais constan en cada un dos procedementos a que se refire este asunto, citados nos antecedentes primeiro e segundo), adxuntándose a este informe os seguintes, para un mellor coñecemento e resolución deste asunto:

a) Escrito do Sr. Alcalde de Poio, de 14 de xuño de 1991, entregado o 18 de xuño de 1991, na Consellería de Presidencia, solicitando da mesma que se iniciara expediente, previo informe do Instituto Geográfico Nacional, ditame do Consejo de Estado ou do órgano consultivo de la Xunta, si existira, e audiencia dos Concellos de Pontevedra e Poio, **ditándose no seu día resolución polo que se resolva a cuestión suscitada entre ambos municipios sobre o deslinde dos seus termos municipais, confirmándose a liña de deslinde fixada, de conformidade por ambos concellos o 19 de decembro de 1889**, coa conseguinte anulación das órdenes ministeriais, resolucións ou acordos que por calquera Ministerio ou Organismo público se ditarian, con posterioridade o ano 1989, referentes ó deslinde da zona marítimo – terrestre, concesións, afectacións e demais ocupacións ilegais que se realizaran sen aprobación do Concello de Poio, **e que afecten á zona da Xunqueira do Bao ou de Alba, incluída dentro do termo municipal de Poio.**

No apartado XII, parágrafo 2º deste escrito, o Sr. Alcalde do Concello de Poio indica o seguinte:

“Tramitado o correspondente expediente na Xunta de Galicia, con data 28 de decembro de 1984, o Subdirector Xeral de Administración Local resolve contestar a consulta formulada (polo Concello de Poio) no sentido de entender, a xuízo da Consellería, que o título verdaderamente lexítimo para definir os límites dos termos municipais dos Concellos de Pontevedra e Poio, é a acta de deslinde de amolloamento, cujos traballos iniciáronse o día 19 de novembro de 1889 e finalizaron o 7 de decembro seguinte”.

Tamén no apartado XIV de dito escrito indícase o seguinte:

“Por acordo plenario de 4 de decembro de 1990, solicitouse do Enxeñeiro Técnico D. Justino Guerra Arroyo, que confeccionara un novo informe, que recolla os anteriores sinalados, **sobre interpretación técnica da referida acta de deslinde de 19 de novembro de 1889, e fixación da liña de ambos termos municipais: evacuándose o referido informe con data 8 de marzo de 1991, de cuio informe dedúcese de maneira incuestionable que a liña de termos xurisdicionais está situada nos eixes do río Lérez e río Alba, na súa confluencia coa Piedra Pinela (situada no antiga ponte das Correntes)**”.

(Adxúntase copia do escrito do Alcalde de 14 de xuño de 1991, como **Doc. nº 9, así como copia dos doce documentos que se adxuntan ó escrito da Alcaldía**, referentes a diversos escritos presentados na Consellería e no Concello de Pontevedra, opoñéndose o Concello de Poio a liña de termos municipais fixada erroneamente no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra, solicitando a anulación da orden da Xunta de 18 de decembro de 1989, que aprobou o Plan Xeral de Pontevedra, ó introducirse o Plan de Pontevedra no termo municipal de Poio, debendo cingirse á liña de deslinde que pasa polos eixes do río Alba, río Lérez e a súa confluencia na ponte das Correntes, axustándose o deslinde aprobado entre ámbos os dous concellos o 19 de novembro de 1889, **único deslinde a que este Concello de Poio prestou a súa conformidade e que por ser o máis antigo existente debe ter preferencia sobre calquera outro deslinde realizado unilateralmente polo Concello de Pontevedra, sen intervención do Concello de Poio**, constando tamén nestes antecedentes copia compulsada da acta de deslinde e amolloamento da zona que divide os Concellos de Pontevedra e Poio, de 19 de novembro de 1889, que vai dende o río Lérez, ponte das Correntes, eixe do río Alba ata o termo municipal de Barro, así como copia do informe emitido polo enxeñeiro D. Justino Guerra Arroyo o 8 de marzo de 1991, citado no escrito da Alcaldía salientado de 14 de xuño de 1991, como Doc. nº 13, **(que xa se adxuntou como Doc. nº 2 a este informe da asesoría xurídica)** que tamén obra nos dous procedementos xudiciais sinalados nos antecedentes primeiro e segundo deste informe).

b) Tamén se adxuntou ó escrito do Director de Administración Local de 12 de maio de 2011, copia do escrito do Alcalde accidental de Pontevedra de 21 de novembro de 1991, Edelmiro Barreiro Gómez, comunicando á Dirección Xeral de Xustiza que se opón as solicitudes presentadas na Consellería polo Sr. Alcalde do Concello de Poio (escrito de 14 de xuño de 1991, salientado neste apartado) de iniciación do expediente de deslinde dos termos municipais de Poio e Pontevedra, por considerar o Alcalde de Pontevedra que dito municipio ten perfectamente delimitado o seu termo municipal en virtude da Acta levantada polo Instituto Geográfico y Catastral o 5 de outubro de 1938, **(Doc. nº 10, que se adxunta)**.

A tal efecto, faise constar **que a acta levantada polo Instituto Geográfico y Catastral o 5 de outubro de 1938 (en plena guerra civil)**, nunca foi asinada de conformidade polo Concello de Poio, mentres que a acta de deslinde e amolloamento levantada o 19 de novembro de 1889, o foi de plena conformidade entre ambos os dous concellos, cuxa liña de delimitación de ambos termos municipais, foi aceptada e fixada definitivamente pola sentenza ditada o 8 de outubro de 1993, pola Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, recaída no procedemento ordinario número 122/91, polo que se anulou, en parte o Plan de Ordenación Urbana de Pontevedra e cuxa sentenza quedou firme, segundo quedou probado no antecedente primeiro deste informe.

QUINTO.- E tendo en conta que a parte de deslinde dos termos municipais de Pontevedra e Poio que falta por amolloar, de común acordo entre ambos os dous concellos, é a comprendida entre o lugar do Bao, do Concello de Poio, a parroquia de Campañó do Concello de Pontevedra e ata a liña delimitadora do termo municipal de Barro, por encargo do Sr. Alcalde, con data 20 de outubro de 2011, confeccionouse polo Enxeñeiro Agrícola D. Justino Guerra Arroyo, **o informe previo ó deslinde entre Poio e a parroquia de Campañó**, todo isto en base á acta de deslinde e amolloamento da zona que limita e divide os Concellos de Pontevedra e Poio, asinada de conformidade por ambos os dous Concellos o 19 de novembro de 1889 e demais antecedentes que se adxuntan a este informe e que son os seguintes:

- 1.- Informe do recorrido realizado para realizar a posible liña divisoria entre Poio e Pontevedra.
 - 2.- Planos do Sig - pac con delimitación dos puntos encontrados sobre o terreo.
 - 3.- Acta da delimitación entre parroquias de 1.763.
 - 4.- Real Decreto de 30/8/1889 para deslindar Poio no seu lindeiro Norte entre Meis e Pontevedra.
 - 5.- Traballos topográficos do Instituto Xeográfico de 1947.
- (Doc. nº 11, que se adxunta).**

Neste informe indícanse polo Sr. Guerra Arroyo os puntos número 1 (partindo do límite do Concello de Barro) e termina co número 18, dende cuíu punto iniciouse o informe do deslinde que realizou en 1991.

Cuio informe foi entregado no Concello de Poio e deberá ser tido en conta pola Comisión municipal de deslinde que se cree no seu día, para levar a cabo o amolloamento de conformidade entre ambos os dous concellos.

SEXTO.- Con data 7 de abril de 2012, o Sr. Alcalde do Concello de Poio, da contestación á providencia de 16 de

marzo de 2012, que tivo entrada no Concello o 23 de marzo de 2012, recaída no procedemento ordinario número 02/0004910/1993, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, comunicando ó Tribunal que se solicitou informe ó Asesor Xurídico do Concello, sobre os trámites a seguir para a execución da sentenza recaída neste recurso, que obriga ó Concello a iniciar os trámites de deslinde entre os Concellos de Pontevedra e Poio, dende o río Lézec ata o límite do Concello de Barro, e sendo xa firme a sentenza ditada dous anos antes no procedemento ordinario número 122/1991, que fixou definitivamente a liña de deslinde de ámbos os dous termos municipais entre o río Lézec, ponte das Correntes, río Alba, ata o lugar do Bao, tratándose con este informe de aclarar os trámites legais a seguir no deslinde co Concello de Pontevedra (adxúntase copia de dito escrito como **Doc. nº 12**)

SÉTIMO.- Con data 25 de abril 2012, ten entrada no Concello de Poio, o escrito de 19 de abril de 2012, do Presidente da Comisión de deslinde, D. Vicente García Legísima, dos termos municipais de Poio e Pontevedra, dando traslado ó Concello de Poio da acta de constitución da Comisión de deslinde creada polo Concello de Pontevedra e, convocando ó Alcalde do Concello de Poio, a unha reunión que tería lugar o 23 de maio de 2012, pregando unha resposta a esta invitación (**Doc. nº 13**).

OCTAVO.- Con data 3 de maio de 2012, o Sr. Alcalde do Concello de Poio dirixe escrito a D. Vicente García Legísima, indicándolle que tan pronto como se cree e se constitúa a comisión de deslinde de Poio, comunicárase ó Concello de Pontevedra e fixarase, conxuntamente, o día e hora de celebración da primeira reunión de ambas comisións (**Doc. nº 14**).

NOVENO.- Con data 3 de maio de 2012, notificase ó procurador do Concello de Poio, D. Victor López – Rioboo, representante do Concello no procedemento ordinario 0004910/1993 mq, a providencia ditada pola Sala do Contencioso – Administrativo en dito recurso, o 26 de abril de 2012, trasladando ó Concello de Poio, escrito do Concelleiro de Pontevedra D. Vicente García Legísima, de 19 de abril de 2012, e acta de constitución da comisión de deslinde do Concello de Pontevedra, ordeando ó Concello de Poio e Pontevedra que prosigan as actuacións administrativas polo seu cauce ata a súa culminación, con obrigación de informar periodicamente á Sala da execución da sentenza ditada o 21 de decembro de 1995, en dito recurso e debendo informar á Sala na primeira quincena dos meses impares ata a súa resolución autonómica definitiva (**Doc. nº 15**).

Dos antecedentes expostos dedúcese, con claridade meridiana que, o único deslinde e amolloamento da zona que divide os Concellos de Pontevedra e Poio é o realizado o 19 de novembro de 1889, o único asinado de conformidade cos representantes de ambos os dous concellos, recoñecendo así expresamente a sentenza número 858/1993, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso – Administrativo, recaída no procedemento ordinario número 122/91, que aceptou o informe sobre o deslinde da Xunqueira de “O Bao”, do Enxeñeiro Técnico – Agrícola, Justino Guerra Arroyo, de 8 de marzo de 1991, marcos 23 a 28, dende a estrada vella a Vilagarcía, ata o eixe do río Alba e confluencia co río Lézec na ponte das Correntes, polo que, os únicos trámites que tería que realizar o Concello de Poio para executar a sentenza número 927/1995, recaída no procedemento ordinario número 02/0004910/1993, é proceder ó amolloamento, en toda a liña divisoria de ambos os dous termos municipais, de conformidade co deslinde e amolloamento xa realizado o 19 de novembro de 1889 e os informes emitidos polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. Justino Guerra Arroyo o 8 de marzo de 1991 e o emitido o 20 de outubro de 2011, todo iso en base os seguintes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Concello de Poio debe seguir mantendo a validez da acta de deslinde e amolloamento dos termos municipais de Pontevedra e Poio, asinada de conformidade entre ambos os dous concellos o 19 de novembro de 1889, porque así o recoñeceu expresamente a sentenza número 858/1993, de 8 de outubro, recaída no procedemento ordinario 122/1991 e ditada pola Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que ordeou a anulación do Plan de Pontevedra, en base as seguintes consideracións xurídicas:

3. Por ser este o deslinde máis antigo practicado e asinado de conformidade cos dous concellos.

4. Porque dez anos despois, tal como se proba co informe do enxeñeiro D. Justino Guerra Arroyo do 8 de marzo de 1991, (páxina 13), indícase que “*Ademais, e abundando no mesmo razonamento, o Croquis do trazado do Ferrocarril, realizado en 1899, (ver “ANEXO 2”), titúlase “croquis dos camiños, veredas e sendas interceptadas polo ferrocarril de Pontevedra a Carril no termo de Poio”. O cal quere dicir que o trazado de este atravesaba dito termo municipal e non que servise de liña divisoria*”.

5. Porque segundo se probou no informe do Sr. Guerra de 8 de marzo de 1991 “na actualidade, a liña de separación de termos que fixa o Instituto Xeográfico e Catastral (do ano 1938) (ver plano de escala 1/25.000, que se adxunta como “anexo nº 5”), liña na que se apoia o Concello de Pontevedra para argumentar que a Xunqueira lle pertence, pasa polos pilares da antiga ponte do ferrocarril sobre a ría, seguindo o antigo trazado do mesmo, deixando a cerámica da Caeira en Poio e, a industria Gamasa e o Parque de Recuperación do Exército, en Pontevedra; probándose rexistralmente que as fincas a que se refiren estas industrias teñen os seus títulos de propiedade inscritos dentro do termo municipal de Poio.

6. Porque así, o recoñeceu expresamente a Xunta de Galiza co informe do Subdirector Xeral de Administración Local, de 28 de decembro de 1984, a contestar a consulta formulada ó Concello de Poio, resolvendo a Xunta que, a xuízo da

Consellería, o título verdaderamente lexítimo para definir os límites dos termos municipais dos Concellos de Pontevedra e Poio, e a acta de deslinde de amolloamento, cujos traballos iniciáronse o día 19 de novembro de 1889 e finalizaron o 7 de decembro seguinte, tal como se probou nos antecedentes deste informe.

7. Porque así quedou perfectamente aclarado e reflectido no informe do enxeñeiro D. Justino Guerra Arroyo, de 8 de marzo de 1991, (Doc. nº 2 que se adxuntou), no que aparecen perfectamente delimitados os marcos 23 a 28, dende a estrada vella a Vilagarcía ata o eixe do río Alba e a súa confluencia co río Lérez na Pedra Pinela, sobre a que se asentou a ponte das Correntes, ó construír a estrada de enlace entre a ponte da Barca e a ponte do Burgo, segundo o plano de 1896, do enxeñeiro D. León Domercq, do proxecto de estrada da ponte do Burgo á ponte da Barca.

8. Porque así o confirmou o TSJ en sentenza de 8 de outubro de 1993, recaída no procedemento ordinario nº 122/1991, que recoñecendo a validez e forza de obligar para os dous municipios do deslinde aprobado o 19 de novembro de 1889, anulou a Orde da COTOPV, de 18 de decembro de 1989, pola que se aprobou definitivamente o proxecto de revisión e adaptación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra; anulando dita resolución por ser contraria a dereito no extremo relativo á planificación das zonas de Gamasa, Recuperación e Xunqueira do Bao.

9. Porque a propia consellería, por resolución de 7 de marzo de 2000, publicada no Doga de 28 de marzo de 2000, executou dita sentenza firme, contra a que non cabe xa recurso algún, anulando o Plan Xeral de Ordenación de Pontevedra, no relativo a planificación das zonas de Gamasa, Recuperación e Xunqueira do Bao.

10. Porque o Concello de Poio, previos os trámites legais oportunos e informe previo favorable da COTOPV, por acordo plenario de 28 de xullo de 2000, aprobou definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente vixente, incluíndo ditas zonas de Gamasa, Recuperación e Xunqueira do Bao, ata o eixe do río Alba, e eixe do río Lérez, na súa confluencia na Pedra Pinela e ponte das Correntes, dentro do termo municipal de Poio, o que nunca foi impugnado polo Concello de Pontevedra.

11. Que, en canto os marcos que delimitan ambos termos municipais, dende o límite co Concello de Barro ata o marco número 22 (no que se iniciou o informe do enxeñeiro Justino Guerra Arroyo, do ano 1991), foron replanteados sobre o terreo no novo informe emitido polo mesmo enxeñeiro D. Justino Guerra Arroyo o 20 de outubro de 2011, tendo en conta o deslinde practicado o 19 de novembro de 1889, e demais antecedentes que se indican no mesmo e cuio informe pode ser tido en conta, polo Concello de Poio, para fixar sobre o terreo os marcos que delimiten o termo municipal de Poio, coa parroquia de Campañó do termo municipal de Pontevedra.

12. E por último, actualmente, na parcela do Parque de Recuperación do Exército, construíuse a Comandancia da Garda Civil, en terreos que están inscritos no Rexistro da Propiedade, dentro do termo municipal de Poio e prestándose polo Concello de Poio todos os servizos de auga, de suministro de auga, saneamento, recollida de residuos sólidos urbanos, así como estando dado de alta no Padrón de Habitantes do Concello de Poio, as familias que habitan en dito edificio.

SEGUNDO.- O Concello de Poio debe proceder, en execución da sentenza ditada o 21 de decembro de 1995, no recurso número 02/0004910/1993, e auto de 16 de marzo de 2012, de providencia de 26 de abril de 2012, a realizar os trámites procedentes para amolloar, fixando sobre o terreo, todos e cada un dos marcos previstos no deslinde asinado o 19 de novembro de 1889 e os informes emitidos polo enxeñeiro D. Justino Guerra Arroyo o 8 de marzo de 1991 e o 20 de outubro de 2011, comezando coa fixación do marco número 1, no límite co Concello de Barro e terminando co marco número 28 na antiga ponte das Correntes, construída sobre a (milenaria Pedra Pinela).

Todo isto, en base os seguintes preceptos legais:

– Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 47.2c) que, esixe o acordo plenario por maioría absoluta para aprobar este expediente e o 50.3 que otorga as Comunidades Autónomas a facultade de resolver as cuestións que se susciten entre municipios pertencentes á mesma, en materia de deslinde de termos municipais, polo que, en caso de que non exista acordo entre as dúas comisións, de Pontevedra e Poio, resolverá a Comunidade Autónoma.

– Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que, se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, en cuio artigo 10 tamén atribúe a Comunidade Autónoma a competencia para resolver as cuestións ou diverxencias que se susciten entre municipios sobre deslinde dos seus termos municipais, previo informe do Instituto Xeográfico Nacional e ditame do Consello Consultivo de Galicia.

– Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 40.1 e 4, 41, 42, 43 e 44 establecen o seguinte:

“Artículo 40.

1. *Los Ayuntamientos tendrán la facultad de promover la demarcación, deslinde y amojonamiento de sus términos municipales.*

4. *Se entiende por amojonamiento la operación consistente en la colocación de hitos o mojones con los que se señale o haga perceptible la línea divisoria entre los términos municipales pertenecientes a dos o más Entidades Locales limítrofes. Esta operación se realizará de acuerdo con las correspondientes coordenadas GSM.*

Artículo 41.

1. Los conflictos que puedan plantearse entre municipios en relación con la demarcación y deslinde de sus términos serán resueltos por el Consejo de la Junta de Galicia, a propuesta del Consejero competente en materia de régimen local y previo informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial.

2. En el supuesto de que se trate de expedientes que supongan la alteración de términos municipales, será preceptivo, además, el dictamen del Consejo Consultivo de Galicia.

Artículo 42.

1. Para la demarcación, deslinde y amojonamiento de los términos municipales, cada uno de los Ayuntamientos a que afecte la línea divisoria nombrará una Comisión compuesta por el Alcalde y tres Concejales, los cuales, con el Secretario de la Corporación y el perito que designe cada Ayuntamiento, verificarán la operación de que se trate.

2. Únicamente asistirán al acto, por cada municipio, además de los miembros de la citada Comisión, dos personas que por su edad y acreditado juicio puedan justificar el sitio en que estuvieron los mojones o señales divisorias y los propietarios de los terrenos afectados por el deslinde.

Artículo 43.

Cuando los Ayuntamientos interesados estén conformes con los límites existentes en la actualidad no procederá nueva fijación, salvo en los casos excepcionales en que documentalente se justifiquen errores materiales o vicios de procedimiento en la delimitación anterior.

Artículo 44.

1. Cuando existiesen divergencias entre los Ayuntamientos implicados, en cuanto a la manera de apreciar el sitio por donde deba pasar la línea divisoria o en el que deban colocarse hitos o mojones, cada Comisión levantará acta por separado. En ella se harán constar todos los datos, antecedentes y detalles que se estimen precisos para justificar su apreciación. Con esta actuación se darán por finalizadas las actuaciones previas.

2. Las Alcaldías respectivas remitirán las actas, con todos los demás antecedentes, a la Consejería competente en materia de régimen local, que enviará dicho expediente al Instituto Geográfico Nacional para que éste designe técnico o técnicos que deban personarse sobre el terreno en unión de las Comisiones señaladas y de un representante de esta Consejería, a fin de llevar a cabo, a la vista y de conformidad con los documentos aportados, el deslinde de los términos municipales, estableciendo su demarcación definitiva y los puntos donde deben situarse los correspondientes mojones.

3. Recibido el informe del Instituto Geográfico Nacional, se remitirá el expediente a informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial y de la Diputación Provincial respectiva, y será resuelto por el Consejo de la Junta de Galicia, a propuesta del Consejero competente en materia de régimen local, previo dictamen del Consejo Consultivo de Galicia.

4. De la fijación de la correspondiente línea límite se dará conocimiento a la Administración Central del Estado, al objeto de su inscripción en el Registro Estatal de Entidades Locales, aunque deberá inscribirse también en el Registro que lleve la Junta de Galicia”.

• *Reglamento de Población e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto, 1690/1986, de 11 de xuño, nos seus artigos 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 24.*

Para tal efecto, os trámites a realizar, para proceder ó amolloamento son os indicados no Anexo I, do Director Xeral de Administración Local, de 12 de maio de 2011, salientado no antecedente cuarto deste informe e que se uniron ó expediente como Doc. 7 e 8.

Por todo isto, informo que pode o Pleno do Concello, previo informe da Secretaria do Concello e ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, por maioría absoluta, adoptar os seguintes acordos:

1º.- Crear a Comisión de deslinde, do Concello de Poio, presidida polo Sr. Alcalde e tres Concelleiros, os cales, coa Secretaria da Corporación e o perito que designe o Concello, que debería ser D. Justino Guerra Arroyo, coa finalidade de fixar, de común acordo coa Comisión de deslinde de Pontevedra os marcos indicados nos informes emitidos polo enxeñeiro D. Justino Guerra Arroyo, o 8 de marzo de 1991, que comeza na estrada vella que vai a Vilagarcía e finaliza no punto número 28, na Pedra Pinela, sobre a que se construiu a antiga ponte das Correntes, na confluencia dos eixes do río Alba e do río Lérez, así como, o informe emitido polo mesmo enxeñeiro o 20 de outubro de 2011, no que se sinalan os marcos, dende o límite co Concello de Barro ata a estrada vella que vai a Vilagarcía, onde terminou o informe anterior.

En caso de conformidade de ambas as dúas comisións ó acto asistirán, por cada municipio, dúas persoas que pola súa avanzada idade e acreditado xuízo poidan xustificar o sitio en que, estiveron os marcos ou sinais divisorias, os propietarios dos terreos que teña que atravesar o deslinde e as forzas de seguridade encargadas de manter a orde, levantándose a correspondente acta que, terá que ser aprobada polo pleno.

Cando existan diverxencias entre os Concellos respectivos, en canto a maneira de apreciar o sitio por onde debe pasar a liña divisoria ou no que teñan que colocarse os hitos ou marcos, cada comisión levantará acta por separado, na que farán constar todos os datos, antecedentes e detalles que estime necesarios para xustificar a súa apreciación e, con isto, darase por terminado o acto, cuxa acta será aprobada polo pleno.

2º.- Que se comunique, o acordo do pleno ó Concello de Pontevedra para o seu coñecemento, a fin de que, ambas as dúas comisións propoñan día, lugar e hora para celebrar a primeira reunión conxunta, co obxecto de fixar os marcos que delimitan os dous termos municipais, en execución das dúas sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o 8 de outubro de 1993 e o 21 de decembro de 1995; e comunicándose igualmente o acordo que se adopte ó Presidente da Sala do Contencioso Administrativo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que, surta efecto no recurso número 02/0004910/1993.”

Consta igualmente informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello de data 13 de xuño de 2012 e que di o que segue: “Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, en cumprimento do establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito máis destacados

– Sentenza nº 858/1993, de 8 de outubro de 1993, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 002.

– Comunicación do Concello de Pontevedra de 19 de abril de 2012, número rexistro de entrada 2194, de 25 de abril de 2012, poñendo en coñecemento do Concello a constitución de comisión para dar inicio a procedemento de deslinde entre ambos termos municipais.

– Ditame do asesor xurídico de 4 de xuño de 2012.

Consideracións xurídicas

1. Un dos elementos do municipio en atención ao disposto no art. 11.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local é o territorio, no que opera a postestade de ordenación urbanística (art. 25.2º.d) LBRL). Aínda que se trate a xuízo desta informante de dous ámbitos diferenciados (patrimonial e urbanístico), no procedemento ordinario sustanciado ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola interposición de recurso contencioso-administrativo polo concello de Poio ante a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra a orde da consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia de 18 de decembro de 1989, púxose de manifesto e así se recolle na sentenza nº 858/1993 queye “...una coherencia planificadora impide que puidan aprobarse dos instrumentos de planeamiento que inciden sobre la misma zona, atribuyéndola tácitamente a disintos municipios, resultando más prudente, habida cuenta el procedimiento establecido para el deslinde de municipios, una suspensión de la aprobación en cuanto a las zonas cuestionadas hasta que por el Ayuntamiento de Pontevedra, con arreglo a dicho procedimiento, dilucidara con el de Poio los límites territoriales cuestionados...” (fundamento xurídico quinto).

Estos límites a tenor do fallo xudicial son os que afectan ás zonas de Gamosa e Recuperación e Xunquera de Vao.

2. En canto administracións públicas de carácter territorial, os concellos segundo o art. 4.1º.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LBRL en adiante), poderán deslindar os seus bens. De forma específica e en relación a tal elemento, o art. 13.1º LBRL remite á lexislación das comunidades autónomas a regulación dos procedementos de alteración de termos municipais, sen que en caso ningún podan afectar aos límites provinciais.

3. Os arts. 40 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia regulan o procedemento de demarcación, deslinde e amolloamento.

Segundo o art. 40.3º o deslinde ten por obxecto: "Enténdese por deslinde a operación consistente na identificación dos límites determinantes do ámbito territorial de dous o máis entidades locais limítrofes en caso de existir confusión entre eles".

E por amolloamento (art. 40.4): "...a operación consistente na colocación de fitos ou marcos cos que se sinale ou fagan perceptibles a liña divisoria en tre termos municipais pertencentes a dous o mais entidades locais limítrofes."

En dito procedemento seguiranse as fases seguintes:

a) Nomeamento de comisión composta polo alcalde, tres concelleiros, o secretario e o perito que se designe por cada un dos concellos afectados (art. 42.1º). Na sesión que se realice por ambas comisión poderán estar presentes ademais por cada municipio, dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuízo poda xutificar o sitio no que estivesen os moxóns ou sinais divisorias e os propietarios dos terreos afectados polo deslinde.

b) No caso de existir disconformidade na súa maneira de apreciar o sitio por donde debe pasar a liña divisoria ou colocar os hitos ou moxóns, cada concello levantará acta por separada remitíndoa xunto cos antecedentes á consellería competente en materia de réxime local da xunta de Galicia para o seu traslado ao Instituto Geográfico Nacional (art. 44).

c) Levantamento de nova acta en presenza do técnico do Instituto Geográfico Nacional, do representante da Comunidade Autónoma e das Comisións de ambos concellos, na que se fixe o deslinde, demarcación definitiva e colocación de moxóns.

d) Emisión de informe polo Instituto Geográfico Nacional, remisión do expediente á Comisión Galega de Delimitación Territorial e Deputación Provincial de Pontevedra e resolución polo consello da Xunta de Galicia a proposta do concelleiro comptente en materia de réxime local previo ditame do Consello Consultivo de Galicia.

e) Remisión á Administración Xeral do Estado, ao Rexistro central de entiaes locais e ao da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto o art. 22.1º.b) e 47.2º.a) outorgan competencia ao Pleno para adoptar por maioría absoluta dos seu número legal, os acordos sobre alteración de termos municipais, parece adecuado que o acordo nomeando oa referida comisión sexa elevado á súa consideración."

O presidente da Comisión da conta dos trámites a desenvolver en execución de sentenza, máis comenta que é un expediente que se inicia hai xa vinte e cinco anos dando lugar a distintos pronunciamentos xudiciais, procedendo agora a formar comisión de deslinde para poder colocar os marcos ou fitos nas zonas indicadas polo Tribunal superior de Xustiza de Galicia.

O concelleiro D. Juan J. Rodríguez Grandal pregunta a qué termo municipal correspondería o cuartel da Guardia Civil

O presidente respóstalle que en Poio.

Rematado o debate e sometido a votación, por 8 votos a favor (4 BNG, 1 PSOE e 3 PP) o que supón a maioría absoluta, ditaminou favorablemente a creación de Comisión de deslinde do Concello de Poio na forma prevista nos informes transcritos, coa finalidade de fixar, de común acordo coa Comisión de deslinde de Pontevedra os marcos que correspondan.

Primeira.- Crear a Comisión de deslinde, do Concello de Poio, presidida polo Sr. Alcalde e tres Concelleiros, os cales, coa Secretaria da Corporación e o perito que designe o Concello, de fixe, de común acordo coa Comisión de deslinde de Pontevedra os marcos ou fitos nas zonas".

Non substituíndose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Crear a Comisión de deslinde, do Concello de Poio, presidida polo Sr. Alcalde e tres Concelleiros, os cales, coa Secretaria da Corporación e o perito que designe o Concello, de fixe, de común acordo coa Comisión de deslinde de Pontevedra os marcos ou fitos nas zonas.

Segundo.- Designar a Dª. Silvia Diaz Iglesias, D. Ángel Moldes Martínez e Dª. Consuelo Besada Lores, como concelleiros representantes na Comisión de deslinde.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3710.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO CÓDIGO TELEMÁTICO DO CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de xullo de 2012 e que di o que segue: "Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á Comisión do expediente tramitado co motivo da aprobación do proxecto do código telemático do Concello de Poio tramitado a instancia do Concelleiro Delegado de Persoal e que ten por obxecto establecer as obrigas e deberes dos empregados e empregadas públicas do Concello de Poio na utilización dos sistemas informáticos.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Xeral de data 12 de xullo de 2012 e que ti textualmente:

“INFORME

1. Antecedentes de feito.

– Proxecto de código telemático do Concello de Poio tramitado a instancia do concelleiro delegado en materia de persoal.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Fundamento.

Segundo a exposición de motivos do proxecto éste tería por finalidade evitar condutas abusivas ou incorrectas na utilización polo persoal do concello das ferramentas informáticas postas a súa disposición e "... cumprir coa normativa vixente específica relativa ó emprego e a xestión de ditos sistemas de información, principalmente o Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, que regula o "Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica", a "Lei Orgánica de Protección de Datos" 15/1999, de 13 de decembro, e a "Lei de Servizos de la Sociedade da Información e Comercio Electrónico" 34/2002, de 11 de xullo...".

Conforme ao artigo 42.2º da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos:

“O Esquema Nacional de Seguridade ten por obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito da presente Lei, e está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que permitan unha protección adecuada da información”.

Para tal efecto, apróbase o Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica e así o seu art. 1 sinala:

"1. O presente Real Decreto ten por obxecto regular o Esquema Nacional de Seguridade establecido no artigo 42 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, e determinar a política de seguridade que se terá que aplicar na utilización dos medios electrónicos aos que se refire a citada Lei.

2. O Esquema Nacional de Seguridade constitúese polos principios básicos e requisitos mínimos requiridos para unha protección adecuada da información. Aplicarase polas Administracións públicas para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados nos medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias."

Máis unha análise do contido do proxecto e do Real Decreto pon de manifesto a xuízo desta funcionaria que non responde a unha aplicación en sentido estrito das directrices marcadas no mesmo (sí existiría referencias en relación ao establecido no art. 16,19 ou 23, tendo un ámbito de aplicación "ad intra" destinado a fixar unha serie de criterios na utilización de medios electrónicos polos empregados municipais tal e como tamén asume na propia exposición de motivos como se analizará a continuación, sen que acolla previsión directa ningunha que permita aplicar as súas determinacións aos veciños e particulares que se relacionen con esta Administración.

Entre outros o proxecto refírese así ao disposto nos arts. 16, 19 ou 23 nos que se regulan a autorización e control dos accesos, seguridade por defecto ou rexistro das actividades. Existen igualmente outros artigos na devandita norma regulamentaria (art. 14 sobre xestión de persoal, 20 ou 21 nos que se contemplan determinacións específicas, entre outros, sobre utilización de entornos inseguros) que fan referencia ao contido do proxecto e que deberían ser xustificadas como habilitación ou lexitimación do seu obxecto reforzando o disposto na exposición de motivos con carácter previo á súa aprobación.

Segundo.- Natureza: ámbito de aplicación.

No sentido xa comentado, a exposición de motivos do proxecto asume que responde "... ao amparo da facultade de auto organización que respecto aos funcionarios o seu servizo e que lle reconece o artigo 21 do Texto Refundido da Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas, aprobada por Real Decreto Lexislativo 30/1992 e do poder de dirección da actividade produtiva que respecto do persoal laboral lle reconece o artigo 20 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por medio de Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, ha adoptado a decisión de implantar un CODIGO TELEMÁTICO, de aplicación e obrigado cumprimento para todo o persoal que presta servizos no Concello”.

Desta forma deberá deslindarse se se trata dunha mera orde de servizo ou dunha circular ou instrución nos termos do art. 21.1º da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

“Os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo. Cando unha disposición específica así o estableza ou se estime por conveniente por razón dos seus destinatarios ou dos efectos que podan producirse, as instrucións ou ordes de servizo publicaranse no periódico oficial que corresponda”.

Entre outros, Cobo Olvera¹ recolle os pronunciamentos da doutrina científica respecto da súa natureza e indica:

“...Las instrucciones y órdenes de servicio son normas de carácter interno que no afectan ni a la validez de los actos ni a

¹ Cobo Olvera, Tomás, "El régimen jurídico de las Administraciones Públicas y el Procedimiento Administrativo Común. Ley 30/1992, de 26 de noviembre. Análisis normativo, doctrinal y jurisprudencial", edición nº 3, Editorial LA LEY, Madrid, 2008.

los terceros interesados. Despliegan su eficacia dentro del servicio al que van destinadas (1). La emanación de órdenes e instrucciones de servicios contemplada en el art. 21 -dice ORTEGA GONZÁLEZ (2)- constituye una regla de funcionamiento típica de la relación de jerarquía a través de la cual se efectúa la función directiva.

GONZÁLEZ PÉREZ (3) señala que «los términos de "instrucción" y "circular" se utilizan para designar realidades muy distintas: por un lado, las de carácter interno, limitadas a dirigir con carácter general la actividad de los inferiores; por otro, auténticas disposiciones reglamentarias, que reglamentan la actividad de los administrados (4). Esto explica que, aun cuando se niegue a las instrucciones y circulares de carácter interno el carácter de fuente del Derecho y, por tanto, no se las considere sometidas al régimen de elaboración propio de las disposiciones generales [...] se establezca que cuando afectan, no sólo al servicio, sino también a los funcionarios que lo prestan, señalándoles cometidos y obligaciones, son disposiciones generales». La variación conceptual -dice ORTEGA GONZÁLEZ (5)- respecto de lo establecido en el art. 7 LPA sustituyendo la mención de «circular» por la de «órdenes de servicio» clarifica su carácter interno, sin que quepa clasificarlas como disposiciones generales (6). PARADA VÁZQUEZ (7), por su parte, señala que se trata de una redacción más afortunada que la anterior, pues, por una parte, la expresión circular y la de instrucciones de servicio podían considerarse equivalentes, incurriéndose en una repetición inútil, y de otra, tiene mucho sentido la contraposición entre instrucciones y órdenes, pues la instrucción es una norma de carácter general que se dirige a todos los órganos subordinados mientras la orden se produce en relación con un órgano o grupo de órganos y sobre asuntos concretos y singulares...»

O proxecto que se presenta diríxese á totalidade do persoal que presta servizos no Concello de Poio que utilice sistemas informáticos, establecendo as obrigas e deberes que terán que observar así na realización das súas tarefas, asimilándose nestes concretos aspectos a unha disposición de carácter xeral.

Polo que xunto coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e outros medios que se considere oportunos para garantir o seu debido coñecemento pola totalidade do persoal como poda ser a súa publicación nun diario oficial, pese a non teñan cabida de forma expresa dentro das relacionadas como substanciais no art. 41.1º do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, se gozan de carácter colectivo(art. 41.2º), e tampouco figuren de forma expresa dentro das contempladas no art. 37.1º da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o estatuto básico do empregado público, non cualificándose como obrigatoria polo seu parágrafo segundo, apartado a), o uso pola administración das súas potestades de autoorganización, a xuízo desta funcionaria o proxecto de código telemático transcende do estrito ámbito organizativo desta entidade local, polo que polo seu ámbito funcional incidindo aínda de forma indirecta nas condicións de traballo como obrigas e deberes “transversais”, debería ser obxecto cando menos, de coñecemento previo polos representantes do persoal, antes da súa aprobación. Non obstante ese parece ser o criterio elixido polo concelleiro delegado de persoal a partir das referencias realizadas no proxecto de código telemático aos arts. 64 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo e ao art. 40 da Lei 7/2007, de 12 de abril

A controvertida natureza xurídica de dito texto incide igualmente sobre a competencia para a súa aprobación, xa que se se considera como verdadeira norma regulamentaria ou disposición de carácter xeral, o órgano competente será o pleno (art. 22 Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime xeral e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia) debendo observar o procedemento marcado no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ou en caso contrario e coma orde de servizo ou mera circular, podería ser aprobada directamente polo Alcalde, e por delegación efectuada por este ó abeiro do art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a través do Decreto de 30 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local, en canto ligadas á xefatura do persoal do concello.

Será pois a xustificación que de a mesma poda realizarse pola concellería propoñente (interpreta esta funcionaria a partir de certas determinacións do proxecto que se cualifica pola concellería propoñente como orde de servizo ou circular interna) e o resultado, no seu caso, da negociación dos seus termos, o que permita en mellor medida dirimir a súa natureza e por tanto, o procedemento e regras de competencia a seguir.

Terceiro.- Límites.

Xunto coa normativa sectorial de referencia, o código telemático está directamente vinculado ás relacións existentes entre as facultades que en materia laboral outorga ao concello o art. 20.3º do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, de control e vixilancia do uso dos sistemas informáticos e o dereito á dignidade, o honor e a intimidade recoñecidos como dereitos fundamentais pola Constitución no seu art. 18, relacións que teñen sido obxecto de interpretación polo Tribunal Supremo a partir fundamentalmente de tres sentenzas cuxo texto achégase ao presente informe: STS, Sala do Social, número recurso 4053/2010, de 6 de outubro de 2011; STS, Sala do Social, número recurso 1826/2010, de 8 de marzo de 2011 e STS, Sala do Social, número recurso 966/2006, de 26 de setembro de 2007.

A xurisprudencia do alto tribunal ten polo de agora un carácter oscilante entre a primacía do control empresarial e a protección de dereitos fundamentais, a boa fe e a proporcionalidade nos controis a exercer, sen que coñezca a funcionaria que subscribe o presente informe fallo ningún da orde contenciosa-administrativa a partir do establecido no Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, que regula o "Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica”.

De forma xeral e a partir das referidas sentenzas, o código de conduta telemático deberá respetar (fundamento xurídico terceiro da STS, Sala do Social, número recurso 1826/2010, de 8 de marzo de 2011:

“...d) La primera se refiere a los límites de ese control y en esta materia el propio precepto citado remite a un ejercicio de las facultades de vigilancia y control que guarde "en su adopción y aplicación la consideración debida" a la dignidad del

trabajador, lo que también remite al respeto a la intimidad en los términos contenidos en las SSTC 98/2000 y 186/2000 . En este punto es necesario recordar la existencia de un hábito social generalizado de tolerancia con ciertos **usos** personales moderados de los medios informáticos y de comunicación facilitados por la empresa a los trabajadores. Esa tolerancia crea una expectativa también general de confidencialidad en esos **usos**; expectativa que no puede ser desconocida, aunque tampoco convertirse en un impedimento permanente del control empresarial, porque, aunque el trabajador tiene derecho al respeto a su intimidad, no puede imponer ese respeto cuando utiliza un medio proporcionado por la empresa en contra de las instrucciones establecidas por ésta para su **uso** y al margen de los controles previstos para esa utilización y para garantizar la permanencia del servicio.

e) Por ello, lo que debe hacer la empresa de acuerdo con las exigencias de buena fe es establecer previamente las reglas de **uso** de esos medios -con aplicación de prohibiciones absolutas o parciales- e informar a los trabajadores de que va existir control y de los medios que han de aplicarse en orden a comprobar la corrección de los **usos**, así como de las medidas que han de adoptarse en su caso para garantizar la efectiva utilización laboral del medio cuando sea preciso, sin perjuicio de la posible aplicación de otras medidas de carácter preventivo, como la exclusión de determinadas conexiones.

f) De esta manera, si el medio se utiliza para **usos** privados en contra de estas prohibiciones y con conocimiento de los controles y medidas aplicables, no podrá entenderse que, al realizarse el control, se ha vulnerado "una expectativa razonable de intimidad" en los términos que establecen las sentencias del Tribunal Europeo de Derechos Humanos de 25-6-1997 (caso Halford) y 3-4-2007 (caso Copland) para valorar la existencia de una lesión del art. 8 del Convenio Europeo para la protección de los derechos humanos...".

Abre a rolda de intervencións o concelleiro delegado de persoal para explicar a finalidade documento: regular o uso debido de sistemas informáticos polo persoal do concello e de que forma se realizan os controis que de tal uso se leven a cabo.

O voceiro do Partido Popular comenta que sería oportuno fixar un lista dos perfís sociais que pertencen ao concello, con cada un das concellerías e responsables.

O concelleiro Rodríguez Grandal dá conta como este tipo de códigos ou normas ten xa traxectoria na súa implantación na empresa privada.

O presidente da Comisión considera que polo seu alcance e contido debe ser tratado máis aló cunha mera orde de servizo, isto é, como unha instrución no sentido indicado no informe de secretaría, debendo dar traslado aos representantes de persoal para o trámite de consulta.

Rematado o debate e sometido a votación, por oito votos a favor (4 grupo municipal BNG, 1 PSOE-PSG e 3 PP), sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Como trámite previo á aprobación inicial polo Pleno da Corporación, dar traslado do texto do Código Telemático do Concello de Poio aos representantes dos traballadores.

Segundo.- Unha vez oído, aos representantes dos traballadores, dar traslado do presente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial e someter o expediente a información pública polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións, por quen o estime convinte. Non obstante, de non producirse alegación ou reclamación ningunha no devandito prazo, entenderase aprobado definitivamente, de conformidade co establecido no artigo 49 da lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local."

Consta no expediente acta da reunión do vinte e sete de xullo de dous mil doce entre o Concelleiro Delegado de Persoal e os representantes dos traballadores, os que se dan por enterados do contido do texto do Código Telemático do Concello de Poio.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitida pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Código Telemático do Concello .

Segundo.- Someter o expediente a información pública polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións, por quen o estime convinte. Non obstante, de non producirse alegación ou reclamación ningunha no devandito prazo, entenderase aprobado definitivamente, de conformidade co establecido no artigo 49 da lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

3711.- MOCIÓN CONXUNTA CONTRA A SUPRESIÓN DE AULAS E CONCENTRACIÓN DO ALUMNADO INFANTIL E DE PRIMARIA.- Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado e do ditame emitido pola

Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte de data 11 de xullo de 2012 e que di o que segue: “Pola Concelleira Delegada de Educación, D^a. M^a Alicia Martínez González dáse conta á Comisión do texto de data 04 de xullo de 2012 da moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG e do PSOE en contra da supresión de aulas e concentración de alumnado de infantil e primaria e que di textualmente: “A decisión do goberno da Xunta de Galiza de suprimir aulas e reunir menores de Infantil de 3 e 6 anos con rapaces e rapazas de Primaria de 12 anos, que no caso das comarcas de Ourense, por exemplo, afecta a 115 aulas, lévanos a un retroceso de máis de trinta anos, que impide incluso a conciliación da vida laboral e familiar de nais e pais. Esta medida está a ser respondida pola comunidade educativa e pola sociedade galega por resultar nociva para a educación pública e mortal no medio rural, ao quedar desprovistos de aulas, ter que desprazarse ás vilas limítrofes e contribuír ao seu despoboamento, semellante ao acontecido fai trinta anos coas escolas-fogares que arracaba e erradicaba definitivamente do rural a nenos e nenas.

O goberno do PP na Xunta de Galiza impón medidas sen diálogo, mostrando a meirande insensibilidade, sen buscar solucións nin procurar alternativas, agás as que supoñen a desaparición do benestar e das condicións de vida de galegos e galegas que tiñan ganado até agora. Fai días morreu Preescolar na Casa, innovador, adaptado e sostíbel na realidade rural galega, sen que a Xunta movese unha pestana para salvalo, e agora tócalle a educación en xeral coa supresión de aulas de infantil e primaria.

42 aulas serán suprimidas nas comarcas de Ourense, 56 nas comarcas da Coruña, 40 nas de Lugo e 37 aulas nas comarcas de Pontevedra; pero estes datos, recollidos do profesorado e dirección de centros afectados, poden verse incrementados unha vez que nos próximos días vaian aparecendo no Diario Oficial de Galiza as resolucións da Xunta.

Esta brutal decisión do goberno do PP afectará ademais aos cadros de persoal con centos de mestres e mestras menos. Por exemplo, no caso das comarcas de Ourense, como mínimo 70 ensinantes desaparecen nesta primeira fase. A decisión reduce tamén persoal para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e recorta os comedores escolares e o transporte.

A educación pública é o verdadeiro motor e garantía da igualdade de oportunidades, e o investimento educativo unha das mellores formas de procurar formación e base para o futuro que pon os alicerces para a mellora social, e importante para a saída da crise económica que vivimos.

En Galiza a educación pública xa sufriu un retroceso significativo desde 2009 logo da ocupación da Xunta polo PP e debido a súa política educativa de recortes e falta de atención. Por unha banda, reduciron considerabelmente o número de profesores e profesoras do ensino público e, por outra, incrementou as unidades escolares concertadas e as subvencións encubertas as mesmas, reducindo de xeito constante as bolsas para o alumnado, as axudas aos comedores escolares, ao transporte escolar ou a eliminación de profesorado.

Se a sociedade galega non reacciona e isto non se para, as medidas de guillotina na educación pública que fai o PP irá a maiores. Hoxe sabemos que no próximo curso os recortes e as supresións de unidades educativas serán aínda maiores.

Por iso, os grupo municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galiza a

1. Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.
2. Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
3. Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.”

Abre a rolda de intervencións a concelleira delegada en educación para destacar que a reforma afectará fundamentalmente ao rural: haberá nenos e nenas que se teñan que desprazar máis de media hora ida e outra volta para chegar ás aulas, contribuíndo ao despoboamento do medio, ao que se engade o retroceso respecto do que se tiña ganado co tempo.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular día que se trasladará o debate ao Pleno, pero sinala que estas medidas non son novas e que hai centros que non se poden seguir mantendo debendo ser realistas. Na derradeira sesión celebrada polas ANPAS non se manifestou nada ao particular e se solicitaron outras medida.

A concelleira delegada insiste en que non se trata tan so de Poio se non do conxunto da Comunidade Autónoma.

Toma de novo a palabra Ángel Moldes e indica que segundo o seu criterio se trata máis ben dun problema de despoboamento.

Alicia Martínez resposta que é lamentable que se peche “Preescolar na casa” e sen embargo se permita que os colexios concertados podan por primeira vez rexeitar alumnos pese a percibir fondos públicos.

Ángel Moldes manifesta que a problemática está presente no orzamento municipal e pondera educación e festexos.

Toma a palabra a Presidenta da Comisión para resaltar que a educación non é unha competencia municipal.

A continuación abriuse un debate respecto aos custes que asumen os concellos segundo o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP no a propósito dos límites do que é reposición, mantemento e substitución e no que se da conta dos antecedentes da reposición da alarma solicitada da Xunta de Galicia, os escritos remitidos e a negativa a levar a cabo a efectiva substitución e a que o xefe territorial reciba á concelleira delegada de educación.

Ángel Moldes di que se consensuou un listado de gastos prioritarios coas ANPAS e pon como exemplo a iluminación do centro Isidora Riestra.

A concelleira delegada en materia de educación respóstalle que efectivamente os listados enviáronse aínda que dende a Consellería non se teñen posto en contacto co concello.

O concelleiro Juan J. Rodríguez di ao particular que ditos mecanismos teñen unha concreta vida útil máis aínda se se ten en conta que en ocasións os seus compoñentes se terán deixado de fabricar.

Intervén de novo a concelleira Alicia Martínez para deixar constancia eu o mesmo está a suceder coas caldeiras xa que consumen demasiado gasoil.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións e sometido a votación ordinaria, por 5 votos a favor (4 BNG e 1 PSOE) e 3 votos en contra do PP, esta queda ditaminada favorablemente para a aprobación polo Pleno da Corporación.”

Comeza a quenda de intervencións a Sra. Silvia Diaz Iglesias quen manifesta o rexeitamento aos recortes do Partido Popular que desde o ano 2009, están a facer en educación, apostamos polo futuro dos nenos e nenas e pola mocidade. Suprímense 150 aulas en todo Galicia das que 37 son na provincia de Pontevedra isto cun grave recorte do profesorado e aumento do número nas aulas, pero o que vemos tamén é que non se recorta nas axudas aos centros concertados, non estamos de acordo coa política que se está a facer en educación e menos cando isto supón menor calidade do ensino.

A Sra. Besada Lores di que se trata dun recorte brutal pero o PP dirá que se trata dunha herdanza, que o que cremos que se trata dun desmantelamento do estado de benestar .

O Sr. Moldes Martínez di que o equipo de goberno, nas súas intervencións non fai referencia ao título da moción. Estas medidas adoptadas non son novas e en Poio non se suprime ningunha aula. E cando gobernaron vostedes non quitaron as axudas aos concertados, e se o fixeran non o dirían, porque iso restaría votos.

O Sr. Martínez Blanco do que os colexios concertados non son obra do BNG pero mentres facedes rescates desorbitantes facedes o desmantelamento no sistema educativo galego, no que nestes anos se fixeron grandes esforzos, para ter unha maior calidade. Trátase dunha política neoliberal do PP e estades dacendo a coartada perfecta para a privatización.

O Sr. Agís Gómez di que agora hai tres tipos de centros: privados, públicos e concertados, estes últimos subvencionáronse na época de Felipe González, pola falta de centros públicos. Nos non quitaremos nos centros concertados, pero os recortes deben ser igual, se recortas no público recorta no privado.

O Sr. Barreiro Lubián di que existe un recorte de 10.000 millóns de euros en ensino público. Pero en Galiza aumenta en concertados e privados un 44%.

Agora todos podemos estudar no ensino público e todos temos as mesmas oportunidades, pero se subvenciona soamente aos concertados, so estes poderán ir á universidade.

Unha vez rematado a quenda de deliberacións e sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte este queda aprobado nos seus propios termos por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose os seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a

Primeiro.- Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.

Segundo.- Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.

Terceiro.- Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.

3712.- EXP. 53/12, CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE OTERO PENA E FLORA ISABEL PENELA GONZÁLEZ, PARA EXECUCIÓN OBRA DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado polo Departamento de Urbanismo do Concello número 53/12 en relación ao asunto arriba descrito e dos informes emitidos polo técnicos municipais e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal: “Por petición da Asesoría Xurídica do Concello e en relación á cesión a realizar na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon con motivo das obras de humanización de dita rúa, a técnico municipal emite

o seguinte informe:

ANTECEDENTES

- Consta o proxecto de humanización das rúas Gonzalo Fernández de la Mora y Mon do lugar de Casal e Convento do lugar de Convento, redactado polos técnicos municipais en outubro do 2010.
- Constan os planos 4.1 e 4.2 do PXOM, de usos pormenorizados do solo urbano de San Xoán no que se definen os aliñamentos da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.
- Constan os planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM, actualmente en tramitación (fase previa á aprobación inicial).
- Consta o inicio dun expediente de convenio urbanístico para a cesión de terreos co fin de ampliar o ancho do vial actualmente variable debido a que ven definido polas fachadas das edificacións existentes que non están aliñadas entre si ao longo do trazado da vía.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

No proxecto aprobado para as obras de humanización, no que respecta á rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.

Co convenio que se pretende asinar é posible materializar un ancho de vial de 8,50m medido a partir do valo de contención existente na marxe esquerda do vial. Dito ancho é compatible coa calzada de sentido único ascendente que se pretende establecer, unha banda de aparcamento e a beirarrúa na marxe esquerda coincidindo cos accesos ás edificacións existentes.

No PXOM vixente, defínese nos planos 4.1 e 4.2 un ancho de vial de 12m, tendo en conta que o aliñamento na marxe dereita do vial en sentido ascendente coincide co valo de contención de pedra existente.

No proxecto de revisión do PXOM (plano 10I) defínese un ancho de vial de 9,40m (variable), tendo en conta que o valo de contención existente deberá de ser recuado, polo que o aliñamento na marxe esquerda (na que se emprazan as edificacións que dan fronte a este vial) respecta as edificacións existentes e coincide sensiblemente co que resultará da cesión que se materializará co convenio que se pretende asinar.

INFORME : Segundo o exposto, informo que nos planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM, actualmente en tramitación a fase previa á aprobación inicial, o ancho definido para a rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon é menor que o definido no PXOM vixente e o aliñamento na marxe esquerda coincide sensiblemente co aliñamento que se definirá logo da execución das obras de urbanización no caso de formalizarse as cesións necesarias.

A coincidencia exacta entre o aliñamento definido como resultado da execución das obras e o definido nos planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM é unha cuestión a formular polo Concello ao equipo redactor.

Si ben o proxecto de revisión do PXOM é un documento en tramitación que pode sufrir modificacións no transcurso desta por motivos de diversa índole (informes sectoriais, cambio de criterio na ordenación, etc), parece lóxico que a inversión económica que supón a realización das obras de humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon se teña en conta no deseño futuro do vial neste proxecto de revisión do PXOM ou en calquera outro.”

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal: Asunto: Informe de valoración dos terreos a ceder ao Concello de Poio na Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món para elaboración do CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E MANUEL OTERO PENA e a súa dona DONA FLORA-ISABEL PENELA GONZÁLEZ PARA EXECUCION DA OBRA DE “HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON”

En relación ó convenio de xestión e planeamento que se pretende asinar entre o Concello de Poio e os señores JOSE MANUEL OTERO PENA e a súa dona FLORA-ISABEL PENELA GONZÁLEZ para a ocupación do terreo propiedade destes últimos na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món do lugar de Convento, do parroquia de San Xoan para a execución das obras de "humanización" da rúa, e solicitado a este técnico a valoración dos terreos, o técnico municipal emite o seguinte INFORME:

Previamente á valoración dos terreos débese de ter en conta os seguintes antecedentes:

1. O terreo obxecto do convenio ten unha superficie de 35,30 m², correspondente á parcela 9 do plano axunto e limitan coa calzada da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món. Na actualidade dita rúa carece de beirarrúas e zona de aparcamento.
2. Segundo o plano 0.4 de ordenación xeral do PXOM, o terreo está clasificado como solo urbano (SU) e segundo o plano 4.1 de usos pormenorizados do solo urbano de San Xoan, está cualificado como vial.
3. Segundo o proxecto redactado polos técnicos municipais o obxecto das obras é a dotación de accesibilidade peonil da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món que vai dende o edificio da Casa do Concello ata a avenida de San Xoán (estrada PO-308) (unha lonxitude aproximada de 430 m) e a ordenación do tráfico rodado da zona.
4. No estado actual, o terreo obxecto da cesión forma parte da finca onde está ubicada a vivenda. Á esquerda da vivenda existe un cerramento de malla e vexetal baixo, de peche da parcela, con portalón metálico de entrada á finca. No fronte da vivenda existe rampa de formigón de acceso ao garaxe e terraza de baldosa, tres pilóns e cadea que delimita a propiedade co vial público existente.

Sendo de aplicación o ROL 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de solo, si ben o PXOM clasifica o terreo como solo urbano Ordenanza 5.

Para a valoración do solo urbano empregaranse os criterios do artigo 24º e 28º do RDL 2/2008.

Tómase como referencia os datos obtidos das seguintes fontes:

2. A ponencia de valores do termo municipal de Poio, realizada pola Xerencia territorial do Catastro no ano 2002 e cunha vixencia e 10 anos.
3. Valoracións da oficina virtual tributaria.
4. Coeficiente de actualización do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
5. ORDEN ECO/805/2003, de 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certos finalidades financeiras.
6. Método de valoración por repercusión e método de valoración por comparación.

Por tanto, dos valores básicos de repercusión que representan as circunstancias medias do ámbito considerado no que os terreos están cualificados no PXOM como Ordenanza 5 de edificación de baixa densidade, vivenda unifamiliar, obtense a seguinte valoración:

superficie	valor medio inicial	coeficiente actualización	coeficiente por ejecución directa	valor actualizado	valoración
35,30 m2	60,00 €/m2	1,2	1,3	93,60 €/m2	3.304,08 €

"

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal: "Asunto: Informe de valoración dos traballos a executar de recuamento de valo existente para CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE MANUEL OTERO PENA E A SUA DONA FLORA ISABEL PENELA GONZÁLEZ , PARA EXECUCION DE LA OBRA DE "HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON"

Para a execución das obras relativas ao proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MÓN E RÚA DO CONVENTO", se está levando a cabo a proposta dun convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello e propietarios de parcelas afectadas pola ampliación da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món.

En relación ao convenio entre o Concello de Poio e D. JOSE MANUEL OTERO PENA e a súa dona FLORA-ISABEL PENELA GONZÁLEZ, propónse a demolición de cerramento de parcela e elementos existentes, construción de valo de pedra granítica e acondicionamento dos accesos a garaxes da súa propiedade con frente ao vial do asunto. Os traballos que se executarán quedan definidos e valorados a continuación:

UD	DESCRIPCION	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
ud	Demolición de cerramento de parcela e elementos existentes.	1,00	610,00	610,00
m2	Valo de cerramento lateral de 1,20 m de altura media executado en pedra granítica.	2,40	65,00	156,00
m2	Valo de cerramento frontal de 1,20 m de altura media executado en pedra granítica.	5,57	65,00	362,05
ud	Adecuación de 2 rampas de garaxes e elevación de portal existente para adatalo a nova rasante.	1,00	1.200,00	1.200,00
TOTAL (euros)				2.328,05

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal: "Asunto: Informe comparación entre valor de terreos a ceder e o custo das obras a realizar para o CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE MANUEL OTERO PENA E A SÚA DONA FLORA ISABEL PENELA GONZÁLEZ, PARA EXECUCION DE LA OBRA DE "HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON"

En relación ó convenio de xestión e planeamento que se pretende asinar entre o Concello de Poio e os señores JOSE MANUEL OTERO PENA E A SÚA DONA FLORA ISABEL PENELA GONZÁLEZ para a ocupación do terreo propiedade destes últimos na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon para a execución das obras de "humanización" da rúa, e vistos os informes do técnico que subscribe sobre a valoración dos terreos da cesión e das obras a realizar, que se resumen a continuación:

Valoración das actuacións de recuamento de cerramento e outros: **2.328,05 €**
 Valoración dos terreos a ceder: **3.304,08 €**

Dedúcese que o valor dos terreos é superior en 976,03 € ao custo das actuacións a executar polo Concello de Poio de demolición e reconstrución dun novo cerramento así como os traballos a realizar para o recuamento das afeccións da zona de cesión.”

Informe conxunto emitido pola Interventora e pola Secretaria do Concello:“Asunto: convenio urbanístico de planeamento e xestión

Situación: rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon; parcela nº 9 (exp. 53/12); parcela nº 11, 12 e 13 (exp. 54/12) e parcela nº 5 (exp. 55/12).

Interesado/a: José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penela González; José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira; Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva

Expediente: 53/12, 54/12 e 55/12.

Dolores Sartal Alvariñas , interventora accidental do Concello de Poio e Paula Ramos Díaz, funcionaria con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), emiten o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

- Informe da arquitecto municipal de 28 de marzo de 2011.
- Informe do enxeñeiro municipal de 31 de maio de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 35,30 m2 por importe de 3.304,08 euros (exp. 53/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de demolición de cerramento de parcela e elementos existentes, construción de valo de cerramento lateral de 1,20 m executado en pedra granítica; construción de valo de cerramento frontal executado en pedra granítica e adecuación de dúas ramplas de garaxe e elevación de portal existente para adaptalo á nova rasante, por importe de 2.328,05 euros, de 2 de xuño de 2011(53/12).
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 976,03 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 53/12).
- Convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penela González para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 3 de xuño de 2011. Aparece asinado polos interesados. Achega copia de escritura pública de compravenda nº 3299 autorizada polo notario Eduardo Méndea Apenela en Pontevedra o 29 de xullo de 2002 e copia da escritura nº 694 autorizada polo notario César Gutiérrez Herrero en Sanxenxo o 5 de xullo de 1972 de compravenda, inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra. (exp. 53/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de 10 de maio de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 76,48 m2 por importe de 7.158,53 euros (exp. 54/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de demolición de cerramento de parcela e acondicionamento de terreo con reposición de solado das mesmas características existentes, construción de cerramento de 1 m executado en pedra granítica con reixa de forxa (cerraemtno frontal e laterais a ambos lados da casa), desprazamento de portal de entrada existente ao aparcadoiro e rampa de formigón HM-20 de acceso a garaxe, por importe de 3.275,00 euros, de 10 de maio de 2011(54/12).
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 3.883,53 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 54/12).
- Convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 12 de maio de 2011. Aparece asinado polos interesados. Achega copia de escritura pública de donación nº 4612 autorizada polo notario Eduardo Méndea Apenela en Pontevedra o 24 de setembro de 1997 e copia da escritura nº 283 de aportación e agrupación de fincas autorizada polo notario Luis Darrieux de Ben en Pontevedra o 7 de febreiro de 2007, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra. (exp. 54/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 12,04 m2 por importe de 1.126,94 euros (exp. 55/12)
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de recuamento de valo existente no lateral esquerdo, valo de cerramento e acondicionamento da entrada a parcela con mestura bituminosa, por importe de 1095,00 euros, de 3 de xuño de 2011 (exp. 55/12)
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 31,94 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 55/12)
- Convenio urbanística de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 3 de xuño de

2011. Aparece asinado polos interesados (exp. 55/12)

– Copia da escritura pública núm. 2095 de 3 de outubro de 2002, autorizada en Pontevedra polo notario Rafael Sanmartín Losada de declaración de obra nova e aportación á sociedade de gananciais de terreo sito na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon cunha superficie de 403 m². Inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra nº 1, finca rexistral nº 11.782, folio 165 do Libro 134 de Poio, Tomo 1581 do arquivo. Na devandita documentación obra copia de certificación catastral gráfica e descriptiva da finca e inmoble (exp. 55/12).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS.

1. A partir do sinalado pola arquitecto municipal con data 28 de marzo de 2011, antecedente 2. (planos 4.1 e 4.2 de usos pormenorizados do solo urbano de San Salvador) e nos mesmos termos o informe do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 (plano 0.4 de ordenación xeral PXOM), os terreos afectados teñen a consideración de solo urbano.

O PXOM do Concello de Poio non está adaptado á LOUGA polo que en atención a súa disposición transitoria primeira apartado a), deberáse en atención ao disposto nos arts. 11 e 12 do seu texto, verificar se se trata dun ámbito de solo urbano consolidado ou non consolidado.

2. Os convenios, preséntanse como de planeamento e xestión, polo que o concello adquire unha superficie de terreos para ampliación de viario con motivo das obras incluídas no Proxecto "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" co compromiso de que na revisión do PXOM que se está a tramitar se altere a aliñación que corresponde ao seus terreos liberando as vivendas e muros. Así mesmo o Concello comprométese á realización de diversas obras tal e como se describen nos antecedentes de feito. Se como consecuencia da revisión non se acadase a liberación do aliñamento, o concello cuantifica a indemnización en favor dos particulares en 11.287,22 euros. Os particulares comprométese pola súa banda, a segregarse a superficie de cesión ao Concello.

3. En función da referida clasificación do solo urbano en función da concorrencia ou non das circunstancias previstas nos citados arts. 11 e 12 LOUGA, a obtención de terreos para dotacións públicas locais, non estando previsto no art. 19 LOUGA a cesión obrigatoria e gratuita para tal finalidade, a diferenza do que sucede noutras na normativa urbanística doutras comunidades autónomas, en solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado deberase realizar conforme ao establecido no art. 167 LOUGA.

Tal e como se advertía por intervención e secretaría en informes anteriores, entre outros no emitido con data 5 de maio de 2011, non consta no expediente pronunciamento en relación ao carácter da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, de simple red local ou de conexión entre sistemas xerais ou de verdadeiro sistema xeral nos termos do art. 165.2º LOUGA para os efectos da correcta aplicación do establecido nos referidos arts. 166 e 167 LOUGA (distinción non obstante que na práctica non tería alcance en solo urbano consolidado por canto as formas de obtención obtención de uns e outros son as mesmas a tenor dos arts. 166.1º e 167.1º LOUGA: expropiación, convenio urbanístico ou permuta forzosa con PMS), ou aclaración da posible contradición existente entre a redacción do obxecto do convenio e o reflectido no informe da arquitecta municipal de 28 de marzo de 2011. Concurrido unha identidade de obxecto entre os convenios a tramitar e o informado nese momento para o convenio a asinar con motivo da mesma obra, reproducense as consideracións realizadas no mesmo:

"...

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Emitido informe conxunto de Secretaría e Intervención , con data 20 de abril de 2011 con relación o borrador do convenio do día 14 de abril de 2011, se recibe un novo borrador de Convenio de data 5 de maio de 2011, que ó conter algunha variación con respecto o anteriormente presentado , se volve a emitir novo Informe acerca do mesmo.

Dado que son diversas as cuestións a estudar no Informe que nos ocupa imos tratar de darlles un tratamento individualizado a cada unha das cuestións que se plantexan con vistas a tratar de proporcionar unha resposta o mais clara posible.

1.- Da posibilidade de adquisición de terreos para dotacións públicas mediante Convenio.

No borrador da proposta de Convenio posta a disposición desta Secretaría e Intervención se fixa o obxecto fundamental do mesmo na cláusula primeira na que se establece que ; *“O obxecto fundamental da presente proposta de convenio, basease na necesidade que ten o Concello de Poio de ter a disponibilidad do terreo afectado pola execución da obra do proxecto de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon redactado por o Enxeñeiro Municipal D.Jose Luis Arias Rodríguez en decembro de 2009 para o que necesita o concello adquirir os terreos dos outros comparecentes que se identifica no plano que se achega confeccionado por o Enxeñeiro Municipal e que comprende a parcela Nº 6 de 114,35 m² e a parcela Nº 7 de 18 ,91 m² e valorandose por o Enxeñeiro Municipal os terreos a ceder ao Concello na cantidade de 12.473,14 € (.....)”*.

Non obstante , en primeiro lugar temos que aclarar que no Informe da Arquitecta Municipal de 28 de marzo de 2011 se expón o seguinte; *“ No proxecto aprobado para as obras de Humanización no que respecta a Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.”* A vista da contradición existente entre a cláusula primeira do Convenio , anteriormente transcrita e do Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 , se debería aclarar con carácter previo a aprobación do borrador do convenio se efectivamente son necesarios estes terreos para a execución do proxecto “Humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon” , proxecto que xa foi aprobado, que é Obxecto dunha subvención por parte do Ministerio de Cultura e que xa foi adjudicado ; ou ben se trata de obras que non teñen cabida neste proxecto ou que inicialmente non estaban incluídas no mesmo. Por o que a

vista desta contradición se debería solicitar Informe Técnico que aclarase as dúbidas existentes, a vista dos problemas que poden xurdir e que analizaremos no apartado 2. deste Informe .

Por o que respecta a posibilidade de asinar Convenios de Xestión de Planeamento debemos facer unha referencia o réxime xurídico que se establece na LOUGA 9/2002 con as súas respectivas modificacións. Acerca desta posibilidade o artigo 233 desta disposición legal establece que ; *“Concepto, alcance e natureza.*

1. A Administración Autónoma e os municipios, así como as súas organizacións adscritas e dependentes e as demais organizacións por eles creadas conforme a esta Lei, poderán celebrar, conxunta ou separadamente, e sempre no ámbito das súas respectivas esferas de competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, en orde á súa colaboración e máis eficaz desenvolvemento da actividade urbanística.

2. A negociación, celebración e cumprimento dos convenios urbanísticos a que se refire o número anterior rexeráse polos principios de transparencia e publicidade.

3. Serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios que contravengan, infrinxan ou defrauden obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas legais ou regulamentarias, incluídas as do plan urbanístico, en especial as reguladoras do réxime urbanístico do chan e dos deberes dos propietarios do mesmo.

4. Os convenios regulados nesta sección terán para todos os efectos carácter xurídico-administrativo e as cuestións relativas á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia do órgano xurisdiccional contencioso-administrativo.”

Así, en principio xa se faculta ós Municipios para a celebración de Convenios Urbanístico, Convenios que estarán sometidos en todo caso as normas imperativas legais e regulamentarias ,incluídas o Planeamento Urbanístico , tal e como establece o apartado 3 do artigo antes transcrito, tendo en conta que a contravención destas disposicións xerará a inmediata nulidade das estipulacións que se establezcan nos mesmos.

A continuación a LOUGA distingue entre Convenios de Planeamento e de Execución do Planeamento, establecendo o artigo 234 o que segue; *“.* Obxecto.

Os convenios urbanísticos diferenciaranse polo seu contido e finalidade en:

Convenios Urbanísticos de Plan: Aqueles que inclúan ou poidan ter como consecuencia ou resultado posibles modificacións do plan urbanístico, ben directamente, ben por ser estas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado.

Convenios Urbanísticos para a Execución do Plan: Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limitense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan”.

No caso que nos ocupa se denomina o borrador do Convenio posto a disposición desta Secretaría e Intervención coma Convenio de Xestión e Planeamento, figura que se nos antoxa canto menos extraña , dado que a LOUGA , fai mención os Convenios Urbanísticos do Plán e Convenios Urbanísticos para a execución do Plán , pero non fai mención a esta figura mixta de Convenio de Xestión e Planeamento que como unha sorte de “refrito” refunde as dúas figuras nunha soa modalidade que por un lado planea e por outro executa , canto menos bastante dubidosa pero que imos tratar de analizar en profundidade .

No tocante os Convenios de Planeamento debemos estar o artigo 235 no que se establece o seguinte:

“Artigo 235. Convenios urbanísticos de plan.

A Administración autónoma e os municipios, así como os organismos adscritos ou dependentes dunha e outros, poderán celebrar entre si e con outras administracións convenios para definir de común acordo e no ámbito das súas respectivas competencias:

a) Os criterios de ordenación a que deba axustarse o plan urbanístico e as súas modificacións e revisións.

b) Os termos en que deba preverse no plan urbanístico, ou as súas modificacións ou revisións, a realización dos intereses públicos que xestionen.

Cando se tramiten os procedementos de aprobación dos plans de ordenación urbanística ou das súas modificacións ou revisións aos que se refiran os convenios previstos no número anterior, estes deberán ser incluídos, para coñecemento xeral, como anexo á memoria do proxecto ou entre a documentación sometida ao preceptivo trámite de información pública, se son posteriores á aprobación inicial.

Con ocasión do exercicio da potestade de plan, a Administración autónoma e os municipios, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, poderán celebrar con calquera persoas, públicas ou privadas, convenios urbanísticos relativos á formación, modificación ou revisión dun plan de ordenación urbanística.

Os convenios a que se refire o número anterior:

a) Só poderán negociarse e subscribirse co carácter de preparatorios da resolución e até o momento en que o procedemento de aprobación do plan ou, no seu caso, da súa modificación ou revisión sexa sometido ao preceptivo trámite de información pública. (neste senso debemos destacar que o PXOM do Concello de Poio está actualmente en proceso de revisión e aínda non foi sometido a exposición pública.)

b) As seus estipulacións só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo

respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación. En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte neles, da potestade de plan.

c) *Deberá incluírse, entre os seus estipulaciones, a cuantificación de todos os deberes legais de cesión e determinarse a forma en que estes serán cumpridos.*

A ordenación urbanística derivada do convenio celebrado deberá incorporarse ás correspondentes determinacións e documentos do plan.”

Entrando no análise das cláusulas do Convenio que fan referencia a posible modificación do planeamento , dado que inclúen modificacións no mesmo no tocante as aliñacións e ancho do vial previstas na actual planimetría do PXOM aprobado por este concello no ano 2000, estes Informantes teñen a ben dicir o que segue:

Na cláusula terceira do borrador do Convenio se establece que; *“(…) Comprometendose tamén o Concello a que na revisión do PXOM que se tramita actualmente lles quede liberada da aliñación que figura actualmente no Plán xeral a edificación destinada a vivenda dos comparecentes fixándose a aliñación definitiva da rúa na revisión do Plán xeral sen afectar a vivenda dos mesmos nin ao valo de cerramento unha vez retranqueado e construído (...)”* Acerca desta cuestión no Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 se afirma que co convenio que se pretende asinar é posible materializar un ancho de vial de 8,50 metros medidos a partir do valo de contención existente na marxe esquerda do vial , destacando posteriormente que no PXOM vixente se define nos planos 4.1 e 4.2 un ancho de vial de 12 m, e que no proxecto de revisión do PXOM se define un ancho de vial de 9,40 m , concluíndo que os planos de ordenación dos proxectos de revisión actualmente en fase de tramitación a fase previa a aprobación inicial o ancho definido para a rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon é menor que o definido no PXOM vixente, recoñecendo que este proxecto de revisión do PXOM é un documento en tramitación que pode sufrir modificación no transcurso desta por motivos de diversa índole.

Por o tanto aínda que o obxecto do Convenio se definía por a necesidade que ten o Concello de adquirir os terreos necesarios para executar un proxecto de obras , consistente (básicamente) en cambiar o sentido dun vial , construción de birarrúas e asfaltar e incrementar o espacio do mesmo , ata un ancho inferior o recollido na planimetría do PXOM actual , implica coma condición desta adquisición, o compromiso de modificación da aliñación actual , e da anchura do vial.

É precisamente este espírito modificador das determinacións recollidas no planeamento actual o que lle aporta esa natureza de Convenio de Planeamento, aludida o comezo do noso Informe, posto que os convenios urbanísticos de execución do plan , se celebran para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do mesmo, e no caso que nos ocupa se recollen obrigacións para o Concello que inclúen modificacións a tramitar no marco do actual procedemento de revisión do plan.

O problema ven dado por que , tal e como enunciábamos cando expusimos o réxime xurídico dos Convenios de Planeamento , estes convenios se subscriben con carácter preparatorio a resolución (e dicir da aprobación definitiva do PXOM) , e *“as súas estipulaciones só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación”* remarcándose a continuación que ; *“ En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte neles, da potestade de plan.”* , mentres que no caso que nos ocupa o exercicio polas Administracións Públicas da potestade do plan , queda en boa medida condicionado polo feito de que no caso de que na aprobación definitiva do plán non se consiga desafectar totalmente a edificación destinada a vivenda e o cerramento reconstruído , os outros asinantes do Convenio terán dereito a que o Concello os indemnicen con a cantidade de 12.473,14 €, por non descoidar que esta modificación nas determinacións do planeamento, futuramente a ser traspasadas o documento definitivo que será obxecto da aprobación que finalizará o procedemento de revisión do plan, van a ser inmediatamente executadas , posto que estes terreos recuados conforme a futura aliñación son necesarios para a execución da obra do proxecto de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.”.

Aínda que a cantidade indemnizatoria variou con respecto do primeiro borrador a este , dado que pasou de 20.000 € a 12.473,14, cantidade que coincide con a valoración dos terreos exposta por o Enxeñeiro Municipal de data 14 de abril de 2011, estes Informantes en base a unha maior seguridade xurídica informan que no tocante a parte que de Convenio de planeamento se refire incumple , en boa medida , as estipulacións recollidas no artigo 235 incurrido nun vicio de nulidade de conformidade con o apartado 3 do artigo 233; amobolos dous recollidos o comezo deste Informe.

No tocante a natureza propia dun convenio urbanístico para a execución do plan , comezaremos analizando o artigo 236 no que se precisa que; *“ . Convenios urbanísticos para a execución do plan.*

1. *A Administración autonómica e os municipios, así como as entidades públicas adscritas ou dependentes dunha e outros e os consorcios creados por tales administracións, poderán celebrar, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, convenios con persoas públicas ou privadas para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do convenio.*

2. *Os convenios nos que se acorden os termos do cumprimento de deberes legais de cesión pola súa substitución polo pago de cantidade en metálico cando non poidan cumprirse con solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección*

pública en virtude da reserva correspondente, e, especificamente, a dos terreos en que se localice o 10% do aproveitamento tipo do ámbito de referencia deberán incluír, como anexo, a valoración pertinente, practicada polos servizos administrativos que teñan atribuída tal función, con carácter xeral ante a correspondente administración.” ; tendo en conta que dende o punto de vista procedimental no artigo 237 se vai a concretar todo o relativo a celebración e perfeccionamento e se regula o seguinte; “. Celebración e perfeccionamento.

1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e en, polo menos, un dos xornais de maior difusión na provincia, por un período mínimo de vinte días.

2. Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de plan co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento, substituíndo esta a a prevista no número anterior.

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá, á vista das alegacións, elaborar unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios haberá de ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro do quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido devandito prazo sen que tal firma tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel.”

Unha vez feitas estas consideracións xerais con a finalidade de establecer o marco xurídico no que nos imos a mover , procederemos a analizar a posibilidade do obxecto do mesmo , que non é outra que a adquisición duns terreos de titularidade privada con a finalidade de executar o o proxecto de obra “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”, por o que imos facer un análise dos Capítulos VII e VIII do Tit IV da LOUGA, capítulos que se refiren a obtención de terreos para sistemas xerais e dotacións públicas.

Pero en primeiro lugar consideramos necesario facer unha breve reseña introductoria acerca destes terreos destinados a dotacións públicas ou sistemas xerais, introdución obtida do traballo “Dotacións públicas, espazos libres e zonas verdes como factor de calidade da cidade.” elaborado por Ángel Ruiz Checa , para a prestixiosa revista xurídica de el Consultor. Esta introdución nos servirá , sen dubida ningunha , para fixar os contidos onde nos imos mover.

O equipamento é peza fundamental e condicionante de todo desenvolvemento urbano . O pleno desenvolvemento da vida en comunidade require da existencia dunha serie de elementos para atender de forma adecuada as necesidades colectivas que demanda a sociedade, con todo zonas verdes e dotacións públicas foron institucións que aínda reflectidas nas leis non se lles dispensou todo o amparo e a protección necesaria.

Na lexislación estatal non existiu nunca un concepto perfectamente diáfano e acuñado condensado nun precepto dedicado ex profeso a concretar que haxa de entenderse por dotación pública . O tratamento que o ordenamento xurídico fai do solo dotacional é relativamente recente, xa que as dotacións públicas non se regulan até o Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril (A LEI 611/1976), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aínda que na Lei do Solo de 1956 (A LEI 9/1956) xa latexa a preocupación do lexislador por estas cuestións , regulando na súa art. 3.1 como facultades concernentes á competencia urbanística sobre plan as de concretar o trazado de vías públicas e medios de comunicación, espazos libres, centros cívicos de ensino e culturais, aeroportos e lugares análogos. É de destacar a falta de concreción dun réxime xurídico específico para cada tipo de dotación, sen que poidan distinguirse entre dotacións locais e sistemas xerais.

Na Lei de Solo de 1976 apréciase a preocupación do lexislador polos usos dotacionais, por canto nas determinacións de carácter xeral que o Plan de Ordenación ha de conter figuran: os sistemas xerais de comunicación e as súas zonas de protección, os espazos libres destinados a parques públicos e zonas verdes en proporción non inferior a cinco metros cadrados por habitante, zonas deportivas e de recreo, templos, centros docentes, sanitarios, culturais, rede viaria e aparcadoiros. Habemos de destacar que para iso se introduce a figura do estándar urbanístico, en virtude do cal a Lei se limita a establecer uns criterios mínimos que deben ser respectados, en todo caso, polos plans urbanísticos so pena de incorrer en nulidade naquilo en que os contradigan ou se opoñan . De forma máis detallada refírese ás dotacións públicas o art. 25 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño (A LEI 1195/1978), polo que se aproba o Regulamento de Plan Urbanístico.

Podemos definir a dotación pública como: “os terreos, edificios e instalacións que o plan cualifique como tales, por estar destinados ao establecemento dos usos colectivos e servizos públicos precisos para asegurar o dereito da poboación a unha mellor calidade de vida dos núcleos urbanos” .

Seguindo a MORENO LÓPEZ definiremos ás dotacións como os servizos de interese público e social establecidos de forma proporcional ás necesidades e características socioeconómicas da cidade e a súa zona de influencia. As dotacións así definidas concréntanse na práctica en infraestruturas e equipamentos.

A dispersión normativa que padece desde hai anos o noso sistema xurídico débemos levar a distinguir entre o réxime xurídico contido na lexislación estatal e o réxime propio das distintas normas autonómicas. O Texto Refundido da Lei de Solo distingue no seu art. 16 entre dotacións públicas e redes xerais. Esta mención debe conectarse coa Exposición de Motivos do propio Texto Refundido, que sinala no seu apartado IV, que “o estatuto da cidadanía inclúe dereitos e deberes de orde socio-

económico e ambiental de toda persoa con independencia de cales sexan a súa actividade ou o seu patrimonio, é dicir, no entendemento da cidadanía como un estatuto da persoa que asegure a súa goce en liberdade do medio no que vive, a súa participación no medio no que vive, a súa participación na organización de devandito medio e o seu acceso igualitario ás dotacións, servizos e espazos colectivos que demandan a calidade e cohesión do mesmo". A pesar da retórica que se emprega na Exposición de Motivos do Texto Refundido, cabe colexir que o lexislador está a pensar á hora de falar de dotacións públicas naqueles solos destinados á execución de equipamentos que, pola súa natureza, están chamados a servir á colectividade, xa sexa porque están orientados á definición e posta en práctica do "*modelo de cidade*", xa porque poden ser utilizados por todos os "*cidadáns*". É por iso polo que o Texto Refundido da Lei de Solo concreta minimamente o obxecto das dotacións ao falar a título de exemplo de viarios, espazos libres e zonas verdes, como paradigmas do que deben ser as infraestruturas de carácter dotacional; é neste sentido no que han de entenderse as distintas referencias a "*redes xerais de servizos*", ou, como tamén sinala a lei, a "*redes de dotacións e servizos*".

Sucede, con todo, que os solos correspondentes a estas dotacións ou redes non poden destinarse exclusivamente a viarias ou espazos libres, senón que para o establecemento do modelo de cidade, é necesario que o solo se destine a outros moitos equipamentos e servizos, tales como redes de infraestruturas, comunicacións, servizos públicos e de interese xeral.

Na actualidade a regulación legal das dotacións públicas habemos de buscala na lexislación das diferentes Comunidades Autónomas, ao amparo do art. 148.1.3.^a da Constitución (A LEI 2500/1978).

As dotacións públicas atopan a súa regulación fundamental nos preceptos das leis relativos ao plan . Debendo de distinguirse entre sistemas xerais ou dotacións públicas de carácter xeral e dotacións públicas locais.

1. Sistemas Xerais

As dotacións públicas de carácter xeral ou sistemas xerais defínense porque dan servizo e cumpren unhas funcións que abarcan máis dun ámbito de plan. Neste sentido ordenan estruturalmente a cidade, establecendo zonas de espazos libres, equipamentos colectivos, infraestruturas como subministración, saneamento e depuración de augas, electricidade, alumado telecomunicacións e outros servizos que poidan establecerse. As dotacións que configuran a rede de sistemas xerais realízase desde o plan.

Podemos concluír que, a falta dunha definición xeral, o Texto Refundido da Lei de Solo, e aínda de forma illada e asistemática refírese a varios elementos fundamentais do concepto de sistemas xerais ou, por usar a súa nova terminoloxía, de redes xerais de servizos. Tales elementos son:

a) A orixe da cesión obrigatoria do solo por parte dos particulares. A Lei establece claramente o deber de ceder os solo e ademais, o deber de correr cos gastos e coa execución das infraestruturas necesarias para a súa conexión.

b) O destino a usos e finalidades que poden definirse como de interese xeral, na medida que serven á colectividade e están orientados a execución do modelo de cidade que pretende desenvolver o Plan. Entre estes usos a Lei cita, con carácter enunciativo, os seguintes:

Viarios, espazos libres e zonas verdes.

Infraestruturas de conexión coas redes de potabilización, subministración e depuración de auga e coas infraestruturas de transporte público que se requiran para unha mobilidade sustentable.

Á hora de analizar a definición dos sistemas xerais por parte da pléyade de disposicións autonómicas vixentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo atopámonos con que o tratamento que se dispensa a esta institución non é nin moito menos homoxéneo nin uniforme. Ademais das diverxencias na terminoloxía, existen notables diferenzas no que aos termos en que se definen os sistemas xerais ou redes públicas refírese. Da variedade lexislativa imos tentar esbozar un concepto. Os sistemas xerais son os usos característicos aos que se destina solo de titularidade pública, obtido normalmente pola Administración Pública a través de cesión directa dos titulares anteriores, relacionados co establecemento de infraestruturas ou a prestación de servizos que se caracterizan todos eles pola satisfacción de usos colectivos ou intereses xerais e, en definitiva, pola contribución esencial á definición e execución do "*modelo de cidade*" previsto no plan.

Os elementos básicos deste concepto son os seguintes:

A) Titularidade pública. Non cabe dúbida de que os solo sobre os que se asintan os sistemas xerais son de titularidade pública. A titularidade pública dos solo non predetermina a natureza xurídica do solo en si, nin por suposto a natureza e mesmo a titularidade das instalacións que se executen sobre ese solo. A posibilidade de edificar elementos de natureza patrimonial sobre ou baixo o solo é pacificamente admitida .

B) Obtención por ministerio da Lei. Os sistemas xerais caracterízanse igualmente porque o solo que se destina ao seu establecemento, execución e desenvolvemento é obtido por parte das Administracións Públicas titulares a través dos medios establecidos na Lei. Dentro destes, ocupa un lugar importante a cesión que a Lei prevé a favor das Administracións Públicas, e que constitúe un dos deberes básicos que conforman o estatuto da propiedade do chan. O art. 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo establece que o réxime urbanístico da propiedade do solo é estatutario e resulta da súa vinculación a concretos destinos, nos termos dispostos pola lexislación sobre ordenación territorial. Os propietarios de solo deben satisfacer concretos deberes para materializar os seus dereitos urbanísticos. O dereito a transformar o terreo, a realizar obras, a executar as previsións que lle recoñece o plan, a incorporar ao seu patrimonio o aproveitamento urbanístico, a exercer o *ius aedificandi*, etc, son dereitos que están supeditados ao cumprimento de determinados

deberes urbanísticos. FORTES LÓPEZ di que as cesións obrigatorias fundaméntanse nunha sólida convicción que deriva de dúas ideas básicas: a necesidade de que a asignación do beneficio que outorga aos propietarios do chan teña algunha contrapartida e atope unha xustificación e, doutra banda, a conveniente obtención dos recursos mínimos para satisfacer as obrigacións e servizos públicos que a urbanización xera. Atopando o seu encaixe constitucional no art. 47, ao proclamar “*que a comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos*” e canalizar eses deberes e cesións como unha manifestación da función social da propiedade inmobiliaria, segundo establece o art. 33 CE (A LEI 2500/1978).

Estas cesións obrigatorias integran o estatuto básico da propiedade inmobiliaria e, en consecuencia, a súa regulación é competencia do lexislador estatal, que con fundamento no art. 149.1.1 da Constitución debe preservar a igualdade no exercicio dos dereitos. O Tribunal Constitucional na Sentenza 61/1997, de 20 de marzo (A LEI 9921/1997) lembrou esta afirmación.

O Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo, no seu art. 16 precisa as cesións obrigatorias de maneira esencial ao establecer os deberes que implican as actuacións de urbanización ou de dotación.

Esta cesión ten á súa vez tres caracteres fundamentais: é directa, obrigatoria e gratuíta. O deber de cesión convértese, así, nun das canles a cuxo través materialízase o principio de participación da comunidade nas plusvalías. Xunto á cesión existen outras formas de obter os terreos que se destinarán á execución e establecemento de sistemas xerais, como son a ocupación directa, a permuta de terreos ou de aproveitamento ou, mesmo, a expropiación.

Entrando xa no análise concreto da normativa autonómica primeiro debemos facer unha definición de dotación pública e sistema xeral, definición que se establece no artigo 165 no que se establece que; “*Definicións.*

1. *Enténdese por terreos destinados a dotacións públicas os de titularidade do municipio ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma que tenden a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo o carácter de bens de dominio público.*

2. *Son terreos de sistemas xerais os dotacionais públicos que están deseñados ou previstos para o servizo da totalidade do municipio e, en especial, para implantar as infraestruturas básicas do modelo de cidade.*

3. *Non terán o carácter de sistemas xerais os terreos, instalacións e infraestruturas de titularidade estatal ou autonómica de carácter supramunicipal que non estean contemplados no plan xeral, e cuxa vocación exceda do servizo ao municipio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.*

4. *Son terreos destinados a dotacións locais os dotacionais públicos de titularidade do municipio, que están deseñados ou previstos predominantemente para o servizo do polígono ou sector, no seu caso.”* Así a vista deste artigo no suposto que nos ocupa estaríamos ante unha dotación local, aínda que este tipo de cuestión sería mais adecuado que fosen concretadas por un Informe Técnico. Por o que respecta os modos de adquisición de terreos para dotacións públicas se establecen con carácter xeral no artigo 167 que regula o que segue; “*Obtención de terreos destinados a dotacións locais.*

1. *Os terreos destinados polo plan a dotacións locais en chan urbano consolidado obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do chan.*

2. *Os terreos destinados a dotacións locais en chan urbano non consolidado e en chan urbanizable obteranse mediante cesión obrigatoria e gratuíta a través do sistema de actuación que se adopte ou por expropiación, ocupación directa ou permuta forzosa.*

A obrigación de cesión gratuíta dos terreos destinados a dotacións de carácter local inclúe tamén a súa urbanización, á conta dos propietarios incluídos no correspondente polígono.” . Así se establecen con carácter xeral tres sistemas; convenio, expropiación ou permuta forzosa. . No caso que nos ocupa esta modificación do ancho do vial ata 8,50 m, non está contemplada no PXOM do Concello, dado que nos planos 4.1 e 4.2 do PXOM actual se define un ancho de vial de 12 m.

Neste senso debemos de ter en conta que que a xurisprudencia do TS ven esixindo con carácter xeral que previamente a expropiación dos terreos necesarios para dotacións públicas estas estean contempladas no Plán, e que a LOUGA non establece unha diferenciación en canto a esixencia de previsión de destino no Plan para os supostos que se adquiran estes terreos por Convenio, ou por expropiación ou permuta.

Esta conclusión é lóxica dende o punto de vista da conceptualización do Plán coma previsión, coma debuxo do que se quere que sexa unha cidade, coma modelo, concepto en consonancia con a definición global de ordenación do territorio, así o artigo 52. da LOUGA fai as seguintes; *Consideracións xerais.*

1. *Os plans xerais de ordenación municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o chan para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.*

2. *O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que nos mesmos determinense e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.*

3. *Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de*

repartición, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da Comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.” De feito no artigo 56 da LOUGA xa se establecen as determinacións que deberá conter os PXOM no núcleo rural , entre as que se fixan as seguintes; “Artigo 56. Determinacións en chan de núcleo rural.

1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a ordenación detallada dos núcleos rurais e, para ese efecto, incluírán as seguintes determinacións:

Delimitación do seu perímetro.

No seu caso, emprazamento reservado para dotacións e equipamentos, sinalando o seu carácter público ou privado. Trazado da rede viaria pública e sinalización de aliñacións.

Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como das características estéticas da edificación e da súa contorna.

Previsión das áreas dos núcleos rurais nos que se contemple a realización de actuacións de carácter integral, nese caso deberá delimitar os correspondentes polígonos e garantir a integración da actuación coa morfoloxía, os servizos e as características do tipo básico ao que pertenza o núcleo en que se insira, sen que a densidade máxima da actuación integral poida superar as vinte e cinco vivendas por hectárea. En ningún caso poderán preverse actuacións integrais nos núcleos histórico-tradicionais, nin na parte delimitada como tal nos núcleos rurais complexos.

Cantas outras resulten convenientes para a ordenación e mellora do núcleo e salvagárdaa das canles naturais e as redes de camiños rurais, así como para a conservación e recuperación da morfoloxía dos núcleos histórico-tradicionais e da súa estrutura parcelaria histórica e os seus usos tradicionais.

Fixación dos indicadores que deban dar lugar á necesidade de redactar un plan especial de ordenación dun núcleo rural para facer fronte á complexidade urbanística sobrevinda no mesmo.”

Así na opinión destes informantes con carácter previo a tramitación e sinatura deste Convenio se debería proceder ou ben , a tramitación dunha modificación puntual do PXOM que recollese a modificación da rede viaria así coma na aliñación vixente na actualidade , así coma a planimetría da mesma e os terreos afectados por esta modificación da aliñación , ou por outra banda aproveitar o procedemento de revisión do plán, para introducir estas modificacións . Do contrario se estaría mensocabando o réxime xurídico dos convenios de xestión dado que tal e como enunciabamos a principio deste Informe cando definíamos os convenios de xestión como; “**Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limitense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan.**” .

Por tanto , por moi loable que poida ser o querer mellorar unha dotación pública mediante a ampliación ou reforma da mesma para uso e disfrute dos veciños , tamén debemos ter en conta que a ordenación do territorio e primeiro planificación e posteriormente execución e non o revés , a execución de proxectos de obras que supoñen unha alteración do plán e posteriormente tratar de legalizar a través do instrumento de planeamento correspondente”

Segundo o informe emitido pola arquitecto municipal de 28 de marzo de 2011, o ancho actual definido para o vial no PXOM é de 12 m (consideración técnica 3.) e nas propostas de convenio é de 8,50 m.

A salvo erro ou omisión involuntaria, o a aprobación do proxecto de obras no levou consigo a declaración de utilidade pública das actuacións nel contempladas.

Polo que para as funcionarias que subscriben este informe seguen a mater vixencia as consideracións realizadas no informe de 5 de maio anteriormente transcritas: ou se modificaba previamente o PXOM, de acordo cos arts. 93 e 94 LOUGA (opción rexeitada pola corporación) para lexitimar a adquisición dos terreos con destino a viario co ancho descrito ou o suposto habilitador existente tería que consistir, a través dalgún dos sistemas sinalados no art. 167.1º LOUGA, na ampliación do viario ate os 12 m recollidos no planeamento xeral, xa que como indica a arquitecto municipal e posteriormente intervención e secretaría, as determinacións contidas no anteprojecto de planeamento teñen o carácter de mera previsión, debendo ser obxecto de dous convenios diferenciados, un de planeamento con modificación do ancho e alineacións do viario no seu caso, e outro posterior de xestión.

4 . En relación as consideracións igualmente realizadas sobre a dispoñibilidade dos terreos e os requisitos previstos na lexislación contractual aplicable, seguen a manter igualmente vixencia as consideracións realizadas por intervención e secretaría no seu informe de 5 de maio de 2011 ás que nos remitidos e se transcribe de seguido:”.... **2.- Do cumprimento do requisito da dispoñibilidade de terreos necesarios para a execución dun proxecto de obras .**

Neste senso resulta clarificadora o Informe 13/2009, de 25 de setembro de 2009 , emitido por a Xunta Consultiva de Contratación , que resulta clarificador no tocante a esta cuestión . Neste Informe a Xunta consultiva de contratación afirma o seguinte; “ *A consulta exposta polo Alcalde de Benicássim (Castellón) desexa coñecer cando debe esixirse o requisito de dispoñibilidade dos terreos a que se refiren os artigos 110.2 do á Lei de Contratos do Sector Público e 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas así como se tal requisito pode ser acreditado mediante unha cesión dos terreos necesarios para a execución do contrato de obra correspondente realizada en documento privado e, consecuentemente sen constancia en documento oficial establecido pola normativa directamente aplicable, todo iso para axilizar os trámites necesarios para a preparación e aprobación do expediente de contratación.*

*Unha das características do contrato de obras é que as mesmas se executen nunha ben propiedade do órgano de contratación. A tal fin a Lei de Contratos do Sector Público no seu artigo 110.1 dispón que aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo, **o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución**, que será requisito indispensable para a adxudicación en todos os procedementos, sinalando o apartado 2 a excepción referida a tal requisito nos expedientes de contratación referentes a obras de infraestruturas hidráulicas, de transporte e de estradas, nos que se dispensará do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos. Respecto dos casos de cesión de terreos ou locais o apartado 3 esixe que tales cesións se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar a dispoñibilidade dos terreos, a achega dos acordos de cesión e aceptación polos órganos competentes.*

3. A dispoñibilidade dos terreos como documento incorporado ao reformulo do proxecto, trámite que se verifica novamente no acto de comprobación de reformulo, regulado no artigo 212 da Lei e no artigo 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ten por finalidade garantir que o órgano de contratación dispón efectivamente dos terreos sobre os que se executarán as obras tanto en canto refírese á instrumentación do expediente como respecto da posición que o contratista asume no contrato, configurándose como sinalamos por tal motivo como un requisito básico do contrato de obras.

*4. A dispoñibilidade dos terreos acredítase mediante o documento de titularidade do mesmo con expresión da súa libre disposición previo cumprimento, respecto das Entidades locais, das disposicións establecidas ao efecto no Regulamento de bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, **das que cabe destacar a obrigación de inscrición do ben no Rexistro da Propiedade e a incorporación ao inventario dos bens e dereitos da Entidade local.***

En canto ao que se refire á cesión dos bens ao Concello cabe precisar que só están excluídos de cumprir os requisitos de orde xeral cando tal cesión foi efectuada por unha Entidade pública, o que segundo se deduce da consulta recibida non é o caso.

*Establecidos tales requisitos, as normas reguladoras han de cumprirse no sentido que son promulgadas e das que cabe concluír que non se aprecia a posible excepción de cumprimento da regra establecida, **debendo en consecuencia o Concello acreditar a dispoñibilidade dos terreos no momento de reformulo do proxecto, sen poder demorar tal acreditación ao momento en que se formalice a anunciada permuta.***

Esta cuestión non é un tema baladí , tanto en cuanto , tal e como enunciabamos o comezo do noso Informe , este proxecto de obras xa foi aprobado e adxudicado estando a obra en curso de execución. Por tanto , cobra importancia o tema anteriormente mencionado acerca de si os terreos que se tratan de obter son necesarios para a execución deste proxecto , tal e como se anuncia na cláusula primeira deste Convenio, ou ben no proxecto aprobado para as obras de humanización, os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte o vial tal e como se establece no Informe Técnico asinado por a Arquitecta Municipal con data 28 de marzo de 2011.

No caso de que efectivamente estes terreos estivesen contemplados no proxecto de humanización que foi aprobado, adxudicado e está en curso de execución , se estaría incumprindo o apartado 1 do artigo 110 da Lei de Contratos do Sector Público, toda vez que se agora estes terreos van a ser obxecto de cesión , evidentemente aínda non están inscritos no Rexistro da Propiedade deste Concello , e por tanto aínda non se ten a dispoñibilidade sobre os mesmos....".

Cabe lembrar que o art. 233.3º LOUGA sanciona cun vicio de nulidade de pleno dereito todas aquelas estipulacións convencionais que supoñan o incumprimento da normativa, non so a urbanística senon igualmente a contractual aplicable as administracións públicas.

5. A execución dos compromisos vinculados aos aspectos de convenio de xestión urbanística suporán para o concello a realización de prestacións en especie definidas nos antecedentes de feito do presente informe por un total de 6.698,05 euros.

Obra nos expedientes informes do enxeñeiro municipal no que se xustifica que o valor de ditas prestacións non supera o importe da valoración dos terreos.

A elo debe engadirse a indemnización fixada como incumprimento polo concello dos compromisos vinculados á alteración do PXOM cuantificados na cláusula terceira das propostas de convenio en 11.287,22 euros (3.001,75, exp. 53/12; 7158,53 euros, exp. 54/12 y 1.126,94 euros exp. 55/12) e os custes de elevar a escritura pública a cesión dos terreos e o pago dos tributos derivados das operacións.

Tendo en conta a tramitación previamente levada a cabo de dous convenios urbanísticos anteriores con motivo da execución das referidas obras nos que se contemplaban compromisos de investimento a favor dos interesados afectados por importe de 24.647,60 euros e que actualmente o crédito existente para afrontar este tipo de gastos na aplicación 453.60900 onde se procedeu a contabilizar o compromiso de gasto derivado do inestimento adxudicado á empresa Sercyoysa, Proyectos y Obras, S.A., "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon e rúa Convento" existe crédito retido actualmente polo importe correspondente á baixa menos o exceso de obra executada, recollida na certificación final, 18.014,99 euros que pertence na porcentaxe do 63,8 % á subvención outorgada polo Ministerio de Cultura para a realización do investimento mencionado (11.493,56 euros) e na porcentaxe de 36,2 % a un préstamo para financiar o investimento solicitado no exercizo 2010 (6.521,43 euros), polo que **únicamente podería dispoñerse do importe financiado con cargo ao préstamo solicitado polo concello, é**

decir, 6.521,43 euros para a totalidade dos convenios xa tramitados e por tramitar.

Á marxe do cuestionamento xurídico da licenza de segregación correspondente aos terreos a adquirir, cabe destacar que a lexislación urbanística galega non contempla unha regulación específica sobre as consecuencias que xenera o incumprimento das estipulacións dos convenios urbanísticos, sendo necesario distinguir segundo se trate de convenios de planeamento ou de xestión urbanística.

Respecto dos convenios de planeamento, a xurisprudencia nega a existencia de responsabilidade patrimonial nos termos dos arts. 139 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao considerar que non hai dano provocado polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos (STS de 3 de abril de 2001, rec. nº 8856/1996; STS de 17 de novembro de 2003, rec. nº 1827/2001; STSJ de Canarias de 9 de xullo de 2006, rec. nº 402/2003; STS de 27 de decembro de 2005, rec. Nº 4875/2002.) nin da regulada no Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, por entender que as meras expectativas urbanísticas derivadas de convenio non son susceptibles de xenerar indemnización ningunha, polo que é necesario que se produza unha perda do aproveitamento previamente patrimonializado polo cumprimento dos deberes de cesión, urbanización e equidistribución (STS de 5 de xaneiro de 1990; STS de 28 de setembro de 1993; STS de 18 de outubro de 1993; STS de 7 de decembro de 1994; STS de 11 de febreiro de 1995; STS de 9 de decembro de 1997; STS de 27 de febreiro de 1999; STS de 12 de abril de 2006, rec. nº 228/2003; STS de 2 de novembro de 2006, rec. nº 3307/2003; STS de 12 de decembro de 2007, rec. nº 2911/2005; STSJ de Valencia de 30 de xaneiro de 2007, rec. nº 1873/2004; STSJ de Santa Cruz de Tenerife de 20 de novembro de 2006, rec. Nº 1294/2003).

Desta forma a construción doutrinal do incumprimento realízase pola consideración do convenio urbanístico como contrato, no que se pacte unha indemnización dos danos e prexuízos que o incumprimento pola Administración poda causar ao particular ou repoñer a éste na situación xurídica anterior. Máis para elo debería ser acreditado o incumprimento culpable da Administración na tramitación da modificación do planeamento ou a súa manifesta ilegalidade ao que debe engadirse que os terreos que como tipo de "prestación anticipada" se ceden polos interesados, serán obxecto de contraprestación en especie. Esta debe ser a xuízo desta intervención e secretaría o réxime aplicable igualmente para o incumprimento das cláusulas propias do convenio de xestión.

En razón as consideracións realizadas, infórmase desfavorablemente a proposta de convenio urbanístico de planeamento e xestión entre o Concello de Poio e Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva, D. José Antonio Castro Debén e a súa esposa Dña. María Angeles Caldas Castiñeira; D. José Manuel Otero Pena e a súa esposa Dña. Flora Isabel Penala González con motivo da execución das obras "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon".

6. En canto á tramitación dos convenios, deberá seguir as regras marcadas no artigo 237 LOUGA:

- Subscrición inicial entre as partes (fase xa realizada).
- Información pública por un período mínimo de 20 días mediante a inserción de anuncio no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia.
- Redacción de proposta de texto definitivo dando conta ás persoas coas que se teña negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.
- Ratificación polo órgano competente e sinatura dentro dos 15 días seguintes á notificación da probación do texto definitivo.

É órgano competente para a tramitación de convenio de planeamento, tanto inicial como para a súa ratificación posterior (artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local, o Pleno e de forma contraria, o alcalde, ou por delegación efectuada por Decreto de 30 de xuño de 2011 na Xunta de Goberno Local, éste último órgano colexiado.

Ase mesmo, deberá observarse o contido do artigo 70 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, introducido pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 30 de xuño, poñendo a disposición dos cidadáns que así o soliciten, exemplares dos convenios urbanísticos que se formalicen. ”

A Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada o 03 de xullo de 2012 informou favorablemente dito convenio e que se sigan os trámites que indica a Secretaría e Interventora no seu informe.

Con data 10/07/2012 deuse conta á Comisión Informativa de Urbanismo do **informe emitido pola secretaria e pola interventora acetal do Concello o día 04/07/2012 e que di o que segu**e: “Asunto: Rectificación informe emitido con data 03/7/2012 en canto á existencia de crédito dispoñible emitido pola Interventora Acetal, M^a. Dolores Sartal Alvariñas e a Secretaría do Concello, Paula Ramos Díaz, con respectos a:

Asunto: convenio urbanístico de planeamento e xestión

Situación: rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon; parcela nº 9 (exp. 53/12); parcela nº 11, 12 e 13 (exp. 54/12) e parcela nº 5 (exp. 55/12).

Interesado/a: José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penala González; José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira; Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva

Expedientes: 53/12, 54/12 e 55/12.

Advertido erro no informe emitido con data 02/07/2012 en canto á existencia de crédito municipal para afrontar os investimentos propostos nos convenios de referencia, na aplicación 453.60900, onde se contabilizou o compromiso de gasto derivado do investimento adxudicado á empresa Sercoysa proyectos e obras, S.A. “humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon e Rúa Convento”, informamos que existe crédito retido actualmente polo importe correspondente á baixa menos o exceso de obra executada e recollida na certificación final, de 18.014,99 euros, dos que 480,51€ pertencen á subvención outorgada polo Ministerio de Cultura (65% do custo de realización do investimento mencionado), e 17.534,48 euros pertencen a un préstamo para financiar o investimento solicitado no exercizo 2010, polo que unicamente podería dispoñerse do importe financiado con cargo ao préstamo solicitado polo Concello, é dicir, 17.534,48€ euros para a totalidade dos convenios xa tramitados e por tramitar.”

Non suscitándose debate ningún por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á suscripción inicial do Convenio Urbanístico de xestión e planeamento entre o concello de Poio e José Manuel Otero Pena e D^a. Flora Isabel Penela González, para a execución da obra de Humanización da rúa Fernando Gonzalo de la Mora y Mon asinado con data 03 de xuño de 2011.

Segundo: Someter o expediente á información pública por un período mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Terceiro: Unha vez sometido á información pública proceder á redacción de proposta de texto definitivo dando conta ás persoas coas que se teña negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.

Cuarto: Ratificación polo órgano competente e sinatura dentro dos 15 días seguintes á notificación da probación do texto definitivo.

Quinto: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3713.- EXP. 54/12, CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN E MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA, PARA EXECUCIÓN OBRA DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado polo Departamento de Urbanismo do Concello núm. 54/12 e dos informes emitidos polo técnicos municipais e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal e que di o que segue: “Por petición da Asesoría Xurídica do Concello e en relación á cesión a realizar na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon con motivo das obras de humanización de dita rúa, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

- Consta o proxecto de humanización das rúas Gonzalo Fernández de la Mora y Mon do lugar de Casal e Convento do lugar de Convento, redactado polos técnicos municipais en outubro do 2010.
- Constan os planos 4.1 e 4.2 do PXOM, de usos pormenorizados do solo urbano de San Xoán no que se definen os aliñamentos da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.
- Constan os planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM, actualmente en tramitación (fase previa á aprobación inicial).
- Consta o inicio dun expediente de convenio urbanístico para a cesión de terreos co fin de ampliar o ancho do vial actualmente variable debido a que ven definido polas fachadas das edificacións existentes que non están aliñadas entre si ao longo do trazado da vía.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

1. No proxecto aprobado para as obras de humanización, no que respecta á rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.
2. Co convenio que se pretende asinar é posible materializar un ancho de vial de 8,50m medido a partir do valo de contención existente na marxe esquerda do vial. Dito ancho é compatible coa calzada de sentido único ascendente que se pretende establecer, unha banda de aparcamento e a beirarrúa na marxe esquerda coincidindo cos accesos ás edificacións existentes.
3. No PXOM vixente, defínese nos planos 4.1 e 4.2 un ancho de vial de 12m, tendo en conta que o aliñamento na marxe dereita do vial en sentido ascendente coincide co valo de contención de pedra existente.
4. No proxecto de revisión do PXOM (plano 10I) defínese un ancho de vial de 9,40m (variable), tendo en conta que o valo de contención existente deberá de ser recuado, polo que o aliñamento na marxe esquerda (na que se emprazan as edificacións que dan fronte a este vial) respecta as edificacións existentes e coincide sensiblemente co que resultará da cesión que se materializará co convenio que se pretende asinar.

INFORME

Segundo o exposto, informo que nos planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM, actualmente en tramitación a fase previa á aprobación inicial, o ancho definido para a rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon é menor que o definido no PXOM vixente e o aliñamento na marxe esquerda coincide sensiblemente co aliñamento que se definirá logo da execución das obras de urbanización no caso de formalizarse as cesións necesarias.

A coincidencia exacta entre o aliñamento definido como resultado da execución das obras e o definido nos planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM é unha cuestión a formular polo Concello ao equipo redactor.

Si ben o proxecto de revisión do PXOM é un documento en tramitación que pode sufrir modificacións no transcurso desta por motivos de diversa índole (informes sectoriais, cambio de criterio na ordenación, etc), parece lóxico que a inversión económica que supón a realización das obras de humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon se teña en conta no deseño futuro do vial neste proxecto de revisión do PXOM ou en calquera outro.”

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal: Asunto: Informe de valoración dos terreos a ceder ao Concello de Poio na Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món para elaboración do CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN E A SUA DONA MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA, PARA EXECUCION DA OBRA DE “HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON”

En relación ó convenio de xestión e planeamento que se pretende asinar entre o Concello de Poio e os señores JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN e a súa dona MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA para a ocupación do terreo propiedade destes últimos na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon do lugar de Convento, do parroquia de San Xoan para a execución das obras de "humanización" da rúa, e solicitado a este técnico a valoración dos terreos, o técnico municipal emite o seguinte

INFORME:

Previamente á valoración dos terreos débese de ter en conta os seguintes antecedentes:

1. O terreo obxecto do convenio ten unha superficie de 76,48 m², correspondentes ás parcelas 11, 12 e 13 do plano axunto e limitan coa calzada da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món. Na actualidade dita rúa carece de beirarrúas e zona de aparcamento.

2. Segundo o plano 0.4 de ordenación xeral do PXOM, o terreo está clasificado como solo urbano (SU) e segundo o plano 4.1 de usos pormenorizados do solo urbano de San Xoan, está cualificado como vial.

3. Segundo o proxecto redactado polos técnicos municipais o obxecto das obras é a dotación de accesibilidade peonil da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món que vai dende o edificio da Casa do Concello ata a avenida de San Xoán (estrada PO-308) (unha lonxitude aproximada de 430 m) e a ordenación do tráfico rodado da zona.

4. No estado actual, o terreo obxecto da cesión forma parte da finca onde está ubicada a vivenda e o local comercial. Existen dúas terrazas con baldosa e dúas rampas de formigón de acceso aos garaxes, unha con reixa e a outra con portalón metálico, no fronte da propiedade que a delimita co vial público existente.

Sendo de aplicación o ROL 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de solo, si ben o PXOM clasifica o terreo como solo urbano Ordenanza 5.

Para a valoración do solo urbano empregaranse os criterios do artigo 24º e 28º do RDL 2/2008.

Tómase como referencia os datos obtidos das seguintes fontes:

1. A ponencia de valores do termo municipal de Poio, realizada pola Xerencia territorial do Catastro no ano 2002 e cunha vixencia e 10 anos.

2. Valoracións da oficina virtual tributaria.

3. Coeficiente de actualización do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

4. ORDEN ECO/805/2003, de 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certos finalidades financeiras.

5. Método de valoración por repercusión e método de valoración por comparación.

Por tanto, dos valores básicos de repercusión que representan as circunstancias medias do ámbito considerado no que os terreos están cualificados no PXOM como Ordenanza 5 de edificación de baixa densidade, vivenda unifamiliar, obtense a seguinte valoración:

superficie	valor medio inicial	coeficiente actualización	coeficiente por execución directa	valor actualizado	valoración
76,48 m ²	60,00 €/m ²	1,2	1,3	93,60 €/m ²	7.158,53 €

”

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal e que di o que segue: “Asunto: Informe de valoración dos traballos a

executar de recuamento de valo existente para CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN E A SUA DONA MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA , PARA EXECUCION DE LA OBRA DE “HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON”

Para a execución das obras relativas ao proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MÓN E RÚA DO CONVENTO”, se está levando a cabo a proposta dun convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello e propietarios de parcelas afectadas pola ampliación da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món.

En relación ao convenio entre o Concello de Poio e D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN E A SUA DONA MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA, propónse o recuamento do valo existente da finca da súa propiedade con fronte ao vial do asunto. Os traballos que se executarán quedan definidos e valorados a continuación:

UD	DESCRIPCION	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
ud	Demolición de cerre existente e acondicionamento de terreo, con reposición de solado das mesmas características ao existente	1,00	850,00	850,00
m2	Valo de cerramento de 1,00 m de altura media executado en pedra granítica con reixa de forxa (cerramento frontal e laterais a ambos lados da casa).	18,00	65,00	1.170,00
ud	Desprazamento de portal de entrada existente ao aparcadoiro.	1,00	400,00	400,00
m3	Rampa de formigón HM-20 de acceso a garage	9,00	95,00	855,00
TOTAL (euros)				3.275,00

”

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal e que di o que segue: “ Asunto: Informe comparación entre valor de terreos a ceder e o custo das obras a realizar para o CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN E A SUA DONA MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA, PARA EXECUCION DE LA OBRA DE “HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON”

En relación ó convenio de xestión e planeamento que se pretende asinar entre o Concello de Poio e os señores JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN E A SUA DONA MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA para a ocupación do terreo propiedade destes últimos na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon para a execución das obras de "humanización" da rúa, e vistos os informes do técnico que subscribe sobre a valoración dos terreos da cesión e das obras a realizar, que se resumen a continuación:

Valoración das actuacións de recuamento de valo existente: **3.275,00 €**

Valoración dos terreos a ceder: **7.158,53 €**

Dedúcese que o valor dos terreos é superior en 3.883,53 € ao custo das actuacións a executar polo Concello de Poio de demolición e reconstrución dun novo cerramento así como os traballos a realizar para o recuamento das afeccións da zona de cesión.”

Informe conxunto emitido pola Interventora e Secretaria do Concello e que di o que segue: *Asunto: convenio urbanístico de planeamento e xestión*

Situación: rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon; parcela nº 9 (exp. 53/12); parcela nº 11, 12 e 13 (exp. 54/12) e parcela nº 5 (exp. 55/12).

Interesado/a: José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penela González; José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira; Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva

Expediente: 53/12, 54/12 e 55/12.

Dolores Sartal Alvariñas , interventora accidental do Concello de Poio e Paula Ramos Díaz, funcionaria con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), emiten o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

- Informe da arquitecto municipal de 28 de marzo de 2011.
- Informe do enxeñeiro municipal de 31 de maio de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 35,30 m2 por importe de 3.304,08 euros (exp. 53/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de demolición de cerramento de parcela e elementos existentes, construción de valo de cerramento lateral de 1,20 m executado en pedra granítica; construción de valo de cerramento frontal executado en pedra granítica e adecuación de dúas ramplas de garaxe e elevación de portal existente para adaptalo á nova rasante, por importe de 2.328,05 euros, de 2 de xuño de 2011(53/12).
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 976,03 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 53/12).
- Convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penela González para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 3 de xuño de 2011. Aparece asinado polos interesados. Achega copia de escritura pública de compravenda nº 3299 autorizada polo notario Eduardo Méndea Apenela en Pontevedra o 29 de xullo de 2002 e copia da escritura nº 694 autorizada polo notario César Gutiérrez Herrero en Sanxenxo o 5 de xullo de 1972 de compravenda, inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra. (exp. 53/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de 10 de maio de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 76,48 m2 por importe de 7.158,53 euros (exp. 54/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de demolición de cerramento de parcela e acondicionamento de terreo con reposición de solado das mesmas características existentes, construción de cerramento de 1 m executado en pedra granítica con reixa de forxa (cerraemtno frontal e laterais a ambos lados da casa), desprazamento de portal de entrada existente ao aparcadoiro e rampa de formigón HM-20 de acceso a garaxe, por importe de 3.275,00 euros, de 10 de maio de 2011(54/12).
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 3.883,53 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 54/12).
- Convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e José Castro de Ben e Mª Ángeles Caldas Castiñeira para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 12 de maio de 2011. Aparece asinado polos interesados. Achega copia de escritura pública de donación nº 4612 autorizada polo notario Eduardo Méndea Apenela en Pontevedra o 24 de setembro de 1997 e copia da escritura nº 283 de aportación e agrupación de fincas autorizada polo notario Luis Darrieux de Ben en Pontevedra o 7 de febreiro de 2007, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra. (exp. 54/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 12,04 m2 por importe de 1.126,94 euros (exp. 55/12)
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de recuamento de valo existente no lateral esquerdo, valo de cerramento e acondicionamento da entrada a parcela con mestura bituminosa, por importe de 1095,00 euros, de 3 de xuño de 2011 (exp. 55/12)
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 31,94 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 55/12)
- Convenio urbanística de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 3 de xuño de 2011. Aparece asinado polos interesados (exp. 55/12)
- Copia da escritura pública núm. 2095 de 3 de outubro de 2002, autorizada en Pontevedra polo notario Rafael Sanmartín Losada de declaración de obra nova e aportación á sociedade de gananciais de terreo sito na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon cunha superficie de 403 m2. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra nº 1, finca rexistral nº 11.782, folio 165 do Libro 134 de Poio, Tomo 1581 do arquivo. Na devandita documentación obra copia de certificación catastral gráfica e descriptiva da finca e inmovible (exp. 55/12).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS.

1. A partir do sinalado pola arquitecto municipal con data 28 de marzo de 2011, antecedente 2. (planos 4.1 e 4.2 de usos pormenorizados do solo urbano de San Salvador) e nos mesmos termos o informe do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 (plano 0.4 de ordenación xeral PXOM), os terreos afectados teñen a consideración de solo urbano.

O PXOM do Concello de Poio non está adaptado á LOUGA polo que en atención a súa disposición transitoria primeira apartado a), deberáse en atención ao disposto nos arts. 11 e 12 do seu texto, verificar se se trata dun ámbito de solo urbano consolidado ou non consolidado.

2. Os convenios, preséntanse como de planeamento e xestión, polo que o concello adquire unha superficie de terreos para ampliación de viario con motivo das obras incluídas no Proxecto "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" co compromiso de que na revisión do PXOM que se está a tramitar se altere a aliñación que corresponde ao seus terreos liberando as vivendas e muros. Así mesmo o Concello comprométese á realización de diversas obras tal e como se describen nos antecedentes de feito. Se como consecuencia da revisión non se acadase a liberación do aliñamento, o concello

cuantifica a indemnización en favor dos particulares en 11.287,22 euros. Os particulares comprométense pola súa banda, a segregar a superficie de cesión ao Concello.

3. En función da referida clasificación do solo urbano en función da concorrencia ou non das circunstancias previstas nos citados arts. 11 e 12 LOUGA, a obtención de terreos para dotacións públicas locais, non estando previsto no art. 19 LOUGA a cesión obrigatoria e gratuita para tal finalidade, a diferenza do que sucede noutras na normativa urbanística doutras comunidades autónomas, en solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado deberase realizar conforme ao establecido no art. 167 LOUGA.

Tal e como se advertía por intervención e secretaría en informes anteriores, entre outros no emitido con data 5 de maio de 2011, non consta no expediente pronunciamento en relación ao carácter da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, de simple red local ou de conexión entre sistemas xerais ou de verdadeiro sistema xeral nos termos do art. 165.2º LOUGA para os efectos da correcta aplicación do establecido nos referidos arts. 166 e 167 LOUGA (distinción non obstante que na práctica non tería alcance en solo urbano consolidado por canto as formas de obtención obtención de uns e outros son as mesmas a tenor dos arts. 166.1º e 167.1º LOUGA: expropiación, convenio urbanístico ou permuta forzosa con PMS), ou aclaración da posible contradición existente entre a redacción do obxecto do convenio e o reflectido no informe da arquitecta municipal de 28 de marzo de 2011. Concurrindo unha identidade de obxecto entre os convenios a tramitar e o informado nese momento para o convenio a asinar con motivo da mesma obra, reproducense as consideracións realizadas no mesmo:

"...FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Emitido informe conxunto de Secretaría e Intervención , con data 20 de abril de 2011 con relación o borrador do convenio do día 14 de abril de 2011, se recibe un novo borrador de Convenio de data 5 de maio de 2011, que ó conter algunha variación con respecto o anteriormente presentado , se volve a emitir novo Informe acerca do mesmo.

Dado que son diversas as cuestións a estudar no Informe que nos ocupa imos tratar de darlles un tratamento individualizado a cada unha das cuestións que se plantexan con vistas a tratar de proporcionar unha resposta o mais clara posible.

1.- Da posibilidade de adquisición de terreos para dotacións públicas mediante Convenio.

No borrador da proposta de Convenio posta a disposición desta Secretaría e Intervención se fixa o obxecto fundamental do mesmo na cláusula primeira na que se establece que ; *“O obxecto fundamental da presente proposta de convenio, basease na necesidade que ten o Concello de Poio de ter a dispoñibilidade do terreo afectado pola execución da obra do proxecto de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon redactado por o Enxeñeiro Municipal D.Jose Luis Arias Rodriguez en decembro de 2009 para o que necesita o concello adquirir os terreos dos outros comparecentes que se identifica no plano que se achega confeccionado por o Enxeñeiro Municipal e que comprende a parcela N° 6 de 114,35 m2 e a parcela N° 7 de 18 ,91 m2 e valorandose por o Enxeñeiro Municipal os terreos a ceder ao Concello na cantidade de 12.473,14 € (.....)”*.

Non obstante , en primeiro lugar temos que aclarar que no Informe da Arquitecta Municipal de 28 de marzo de 2011 se expón o seguinte; *“ No proxecto aprobado para as obras de Humanización no que respecta a Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.”* A vista da contradición existente entre a cláusula primeira do Convenio , anteriormente transcrita e do Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 , se debería aclarar con carácter previo a aprobación do borrador do convenio se efectivamente son necesarios estes terreos para a execución do proxecto “Humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon” , proxecto que xa foi aprobado, que é Obxecto dunha subvención por parte do Ministerio de Cultura e que xa foi adxudicado ; ou ben se trata de obras que non teñen cabida neste proxecto ou que inicialmente non estaban incluídas no mesmo. Por o que a vista desta contradición se debería solicitar Informe Técnico que aclarase as dúbidas existentes, a vista dos problemas que poden xurdir e que analizaremos no apartado 2. deste Informe .

Por o que respecta a posibilidade de asinar Convenios de Xestión de Planeamento debemos facer unha referencia o réxime xurídico que se establece na LOUGA 9/2002 con as súas respectivas modificacións. Acerca desta posibilidade o artigo 233 desta disposición legal establece que ; *“Concepto, alcance e natureza.*

1. A Administración Autonómica e os municipios, así como as súas organizacións adscritas e dependentes e as demais organizacións por eles creadas conforme a esta Lei, poderán celebrar, conxunta ou separadamente, e sempre no ámbito das súas respectivas esferas de competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, en orde á súa colaboración e máis eficaz desenvolvemento da actividade urbanística.

2. A negociación, celebración e cumprimento dos convenios urbanísticos a que se refire o número anterior rexeráse polos principios de transparencia e publicidade.

3. Serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios que contravengan, infrinxan ou defrauden obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas legais ou regulamentarias, incluídas as do plan urbanístico, en especial as reguladoras do réxime urbanístico do chan e dos deberes dos propietarios do mesmo.

4. Os convenios regulados nesta sección terán para todos os efectos carácter xurídico-administrativo e as cuestións relativas á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia do órgano xurisdiccional contencioso-administrativo.”

Así, en principio xa se faculta ós Municipios para a celebración de Convenios Urbanístico, Convenios que estarán sometidos en todo caso as normas imperativas legais e regulamentarias ,incluídas o Planeamento Urbanístico , tal e como establece

o apartado 3 do artigo antes transcrito, tendo en conta que a contravención destas disposicións xerará a inmediata nulidade das estipulacións que se establezcan nos mesmos.

A continuación a LOUGA distingue entre Convenios de Planeamento e de Execución do Planeamento, establecendo o artigo 234 o que segue; “. *Obxecto.*

Os convenios urbanísticos diferenciaranse polo seu contido e finalidade en:

Convenios Urbanísticos de Plan: Aqueles que inclúan ou poidan ter como consecuencia ou resultado posibles modificacións do plan urbanístico, ben directamente, ben por ser estas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado.

Convenios Urbanísticos para a Execución do Plan: Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limítense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan”.

No caso que nos ocupa se denomina o borrador do Convenio posto a disposición desta Secretaría e Intervención coma Convenio de Xestión e Planeamento, figura que se nos antoxa canto menos extraña , dado que a LOUGA , fai mención os Convenios Urbanísticos do Plán e Convenios Urbanísticos para a execución do Plán , pero non fai mención a esta figura mixta de Convenio de Xestión e Planeamento que como unha sorte de “refrito” refunde as dúas figuras nunha soa modalidade que por un lado planea e por outro executa , canto menos bastante dubidosa pero que imos tratar de analizar en profundidade .

No tocante os Convenios de Planeamento debemos estar o artigo 235 no que se establece o seguinte:

“Artigo 235. Convenios urbanísticos de plan.

A Administración autonómica e os municipios, así como os organismos adscritos ou dependentes dunha e outros, poderán celebrar entre si e con outras administracións convenios para definir de común acordo e no ámbito das súas respectivas competencias:

a) Os criterios de ordenación a que deba axustarse o plan urbanístico e as súas modificacións e revisións.

b) Os termos en que deba preverse no plan urbanístico, ou as súas modificacións ou revisións, a realización dos intereses públicos que xestionen.

Cando se tramiten os procedementos de aprobación dos plans de ordenación urbanística ou das súas modificacións ou revisións aos que se refiran os convenios previstos no número anterior, estes deberán ser incluídos, para coñecemento xeral, como anexo á memoria do proxecto ou entre a documentación sometida ao preceptivo trámite de información pública, se son posteriores á aprobación inicial.

Con ocasión do exercicio da potestade de plan, a Administración autonómica e os municipios, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, poderán celebrar con calquera persoas, públicas ou privadas, convenios urbanísticos relativos á formación, modificación ou revisión dun plan de ordenación urbanística.

Os convenios a que se refire o número anterior:

a) Só poderán negociarse e subscribirse co carácter de preparatorios da resolución e até o momento en que o procedemento de aprobación do plan ou, no seu caso, da súa modificación ou revisión sexa sometido ao preceptivo trámite de información pública. (neste senso debemos destacar que o PXOM do Concello de Poio está actualmente en proceso de revisión e aínda non foi sometido a exposición pública.)

b) As seus estipulaciones só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación. En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte neles, da potestade de plan.

c) Deberá incluírse, entre os seus estipulaciones, a cuantificación de todos os deberes legais de cesión e determinarse a forma en que estes serán cumpridos.

A ordenación urbanística derivada do convenio celebrado deberá incorporarse ás correspondentes determinacións e documentos do plan.”

Entrando no análise das cláusulas do Convenio que fan referencia a posible modificación do planeamento , dado que inclúen modificacións no mesmo no tocante as aliñacións e ancho do vial previstas na actual planimetría do PXOM aprobado por este concello no ano 2000, estes Informantes teñen a ben dicir o que segue:

Na cláusula terceira do borrador do Convenio se establece que; “(...) *Comprometendose tamén o Concello a que na revisión do PXOM que se tramita actualmente lles quede liberada da aliñación que figura actualmente no Plán xeral a edificación destinada a vivenda dos comparecentes fixándose a aliñación definitiva da rúa na revisión do Plán xeral sen afectar a vivenda dos mesmos nin ao valo de cerramento unha vez retranqueado e construído (...)*” Acerca desta cuestión no Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 se afirma que co convenio que se pretende asinar é posible materializar un ancho de vial de 8,50 metros medidos a partir do valo de contención existente na marxe esquerda do vial , destacando posteriormente que no PXOM vixente se define nos planos 4.1 e 4.2 un ancho de vial de 12 m, e que no proxecto de revisión do PXOM se define un ancho de vial de 9,40 m , concluíndo que os planos de ordenación dos proxectos de revisión actualmente en fase de tramitación a fase previa a aprobación inicial o ancho definido para a rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon é menor

que o definido no PXOM vixente, recoñecendo que este proxecto de revisión do PXOM é un documento en tramitación que pode sufrir modificación no transcurso desta por motivos de diversa índole.

Por o tanto aínda que o obxecto do Convenio se definía por a necesidade que ten o Concello de adquirir os terreos necesarios para executar un proxecto de obras , consistente (básicamente) en cambiar o sentido dun vial , construción de birarrúas e asfaltar e incrementar o espacio do mesmo , ata un ancho inferior o recollido na planimetría do PXOM actual , implica coma condición desta adquisición, o compromiso de modificación da aliñación actual , e da anchura do vial.

É precisamente este espírito modificador das determinacións recollidas no planeamento actual o que lle aporta esa natureza de Convenio de Planeamento, aludida o comezo do noso Informe, posto que os convenios urbanísticos de execución do plan , se celebran para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do mesmo, e no caso que nos ocupa se recollen obrigacións para o Concello que inclúen modificacións a tramitar no marco do actual procedemento de revisión do plan.

O problema ven dado por que , tal e como enunciábamos cando expusimos o réxime xurídico dos Convenios de Planeamento , estes convenios se subscriben con carácter preparatorio a resolución (e dicir da aprobación definitiva do PXOM) , e **“as súas estipulacións só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación”** remarcándose a continuación que ; **“ En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte neles, da potestade de plan.”** , mentres que no caso que nos ocupa o exercicio polas Administracións Públicas da potestade do plan , queda en boa medida condicionado polo feito de que no caso de que na aprobación definitiva do plán non se consiga desafectar totalmente a edificación destinada a vivenda e o cerramento reconstruído , os outros asinantes do Convenio terán dereito a que o Concello os indemnicen con a cantidade de 12.473,14 €, por non descoidar que esta modificación nas determinacións do planeamento, futuramente a ser traspasadas o documento definitivo que será obxecto da aprobación que finalizará o procedemento de revisión do plan, van a ser inmediatamente executadas , posto que estes terreos recuados conforme a futura aliñación son necesarios para a execución da obra do proxecto de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.”.

Aínda que a cantidade indemnizatoria variou con respecto do primeiro borrador a este , dado que pasou de 20.000 € a 12.473,14, cantidade que coincide con a valoración dos terreos exposta por o Enxeñeiro Municipal de data 14 de abril de 2011, estes Informantes en base a unha maior seguridade xurídica informan que no tocante a parte que de Convenio de planeamento se refire incumple , en boa medida , as estipulacións recollidas no artigo 235 incurrindo nun vicio de nulidade de conformidade con o apartado 3 do artigo 233; amobolos dous recollidos o comezo deste Informe.

No tocante a natureza propia dun convenio urbanístico para a execución do plan , comezaremos analizando o artigo 236 no que se precisa que; *“ Convenios urbanísticos para a execución do plan.*

1. A Administración autonómica e os municipios, así como as entidades públicas adscritas ou dependentes dunha e outros e os consorcios creados por tales administracións, poderán celebrar, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, convenios con persoas públicas ou privadas para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do convenio.

2. Os convenios nos que se acorden os termos do cumprimento de deberes legais de cesión pola súa substitución polo pago de cantidade en metálico cando non poidan cumprirse con solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección pública en virtude da reserva correspondente, e, especificamente, a dos terreos en que se localice o 10% do aproveitamento tipo do ámbito de referencia deberán incluír, como anexo, a valoración pertinente, practicada polos servizos administrativos que teñan atribuída tal función, con carácter xeral ante a correspondente administración.” ; tendo en conta que dende o punto de vista procedimental no artigo 237 se vai a concretar todo o relativo a celebración e perfeccionamento e se regula o seguinte; *“ Celebración e perfeccionamento.*

1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e en, polo menos, un dos xornais de maior difusión na provincia, por un período mínimo de vinte días.

2. Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de plan co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento, substituíndo esta a a prevista no número anterior.

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá, á vista das alegacións, elaborar unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios haberá de ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro do quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido devandito prazo sen que tal firma tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel.”

Unha vez feitas estas consideracións xerais con a finalidade de establecer o marco xurídico no que nos imos a mover , procederemos a analizar a posibilidade do obxecto do mesmo , que non é outra que a adquisición duns terreos de titularidade

privada con a finalidade de executar o o proxecto de obra “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”, por o que imos facer un análise dos Capítulos VII e VIII do Tit IV da LOUGA, capítulos que se refiren a obtención de terreos para sistemas xerais e dotacións públicas.

Pero en primeiro lugar consideramos necesario facer unha breve reseña introductoria acerca destes terreos destinados a dotacións públicas ou sistemas xerais, introdución obtida do traballo “Dotacións públicas, espazos libres e zonas verdes como factor de calidade da cidade.” elaborado por Ángel Ruiz Checa , para a prestixiosa revista xurídica de el Consultor. Esta introdución nos servirá , sen dubida ningunha , para fixar os contidos onde nos imos mover.

O equipamento é peza fundamental e condicionante de todo desenvolvemento urbano . O pleno desenvolvemento da vida en comunidade require da existencia dunha serie de elementos para atender de forma adecuada as necesidades colectivas que demanda a sociedade, con todo zonas verdes e dotacións públicas foron institucións que aínda reflectidas nas leis non se lles dispensou todo o amparo e a protección necesaria.

Na lexislación estatal non existiu nunca un concepto perfectamente diáfano e acuñado condensado nun precepto dedicado ex profeso a concretar que haxa de entenderse por dotación pública . O tratamento que o ordenamento xurídico fai do solo dotacional é relativamente recente, xa que as dotacións públicas non se regulan até o Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril (A LEI 611/1976), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aínda que na Lei do Solo de 1956 (A LEI 9/1956) xa latexa a preocupación do lexislador por estas cuestións , regulando na súa art. 3.1 como facultades concernentes á competencia urbanística sobre plan as de concretar o trazado de vías públicas e medios de comunicación, espazos libres, centros cívicos de ensino e culturais, aeroportos e lugares análogos. É de destacar a falta de concreción dun réxime xurídico específico para cada tipo de dotación, sen que poidan distinguirse entre dotacións locais e sistemas xerais.

Na Lei de Solo de 1976 apréciase a preocupación do lexislador polos usos dotacionais, por canto nas determinacións de carácter xeral que o Plan de Ordenación ha de conter figuran: os sistemas xerais de comunicación e as súas zonas de protección, os espazos libres destinados a parques públicos e zonas verdes en proporción non inferior a cinco metros cadrados por habitante, zonas deportivas e de recreo, templos, centros docentes, sanitarios, culturais, rede viaria e aparcadoiros. Habemos de destacar que para iso se introduce a figura do estándar urbanístico, en virtude do cal a Lei se limita a establecer uns criterios mínimos que deben ser respectados, en todo caso, polos plans urbanísticos so pena de incorrer en nulidade naquilo en que os contradigan ou se opoñan . De forma máis detallada refírese ás dotacións públicas o art. 25 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño (A LEI 1195/1978), polo que se aproba o Regulamento de Plan Urbanístico.

Podemos definir a dotación pública como: *“os terreos, edificios e instalacións que o plan cualifique como tales, por estar destinados ao establecemento dos usos colectivos e servizos públicos precisos para asegurar o dereito da poboación a unha mellor calidade de vida dos núcleos urbanos”* .

Seguindo a MORENO LÓPEZ definiremos ás dotacións como os servizos de interese público e social establecidos de forma proporcional ás necesidades e características socioeconómicas da cidade e a súa zona de influencia. As dotacións así definidas concréntanse na práctica en infraestruturas e equipamentos.

A dispersión normativa que padece desde hai anos o noso sistema xurídico débemos levar a distinguir entre o réxime xurídico contido na lexislación estatal e o réxime propio das distintas normas autonómicas. O Texto Refundido da Lei de Solo distingue no seu art. 16 entre dotacións públicas e redes xerais. Esta mención debe conectarse coa Exposición de Motivos do propio Texto Refundido, que sinala no seu apartado IV, que *“o estatuto da cidadanía inclúe dereitos e deberes de orde socio-económico e ambiental de toda persoa con independencia de cales sexan a súa actividade ou o seu patrimonio, é dicir, no entendemento da cidadanía como un estatuto da persoa que asegure a súa goce en liberdade do medio no que vive, a súa participación no medio no que vive, a súa participación na organización de devandito medio e o seu acceso igualitario ás dotacións, servizos e espazos colectivos que demandan a calidade e cohesión do mesmo”*. A pesar da retórica que se emprega na Exposición de Motivos do Texto Refundido, cabe colegir que o lexislador está a pensar á hora de falar de dotacións públicas naqueles solos destinados á execución de equipamentos que, pola súa natureza, están chamados a servir á colectividade, xa sexa porque están orientados á definición e posta en práctica do *“modelo de cidade”*, xa porque poden ser utilizados por todos os *“cidadáns”* . É por iso polo que o Texto Refundido da Lei de Solo concreta minimamente o obxecto das dotacións ao falar a título de exemplo de viarios, espazos libres e zonas verdes, como paradigmas do que deben ser as infraestruturas de carácter dotacional; é neste sentido no que han de entenderse as distintas referencias a *“redes xerais de servizos”*, ou, como tamén sinala a lei, a *“redes de dotacións e servizos”*.

Sucedec, con todo, que os solos correspondentes a estas dotacións ou redes non poden destinarse exclusivamente a viarias ou espazos libres, senón que para o establecemento do modelo de cidade, é necesario que o solo se destine a outros moitos equipamentos e servizos, tales como redes de infraestruturas, comunicacións, servizos públicos e de interese xeral.

Na actualidade a regulación legal das dotacións públicas habemos de buscala na lexislación das diferentes Comunidades Autónomas, ao amparo do art. 148.1.3.^a da Constitución (A LEI 2500/1978).

As dotacións públicas atopan a súa regulación fundamental nos preceptos das leis relativos ao plan . Debendo de distinguirse entre sistemas xerais ou dotacións públicas de carácter xeral e dotacións públicas locais.

1. Sistemas Xerais

As dotacións públicas de carácter xeral ou sistemas xerais defínense porque dan servizo e cumpren unhas funcións que abarcan máis dun ámbito de plan. Neste sentido ordenan estruturalmente a cidade, establecendo zonas de espazos libres, equipamentos colectivos, infraestruturas como subministración, saneamento e depuración de augas, electricidade, alumado, telecomunicacións e outros servizos que poidan establecerse. As dotacións que configuran a rede de sistemas xerais realízase desde o plan.

Podemos concluír que, a falta dunha definición xeral, o Texto Refundido da Lei de Solo, e aínda de forma illada e asistemática refírese a varios elementos fundamentais do concepto de sistemas xerais ou, por usar a súa nova terminoloxía, de redes xerais de servizos. Tales elementos son:

a) A orixe da cesión obrigatoria do solo por parte dos particulares. A Lei establece claramente o deber de ceder os solo e ademais, o deber de correr cos gastos e coa execución das infraestruturas necesarias para a súa conexión.

b) O destino a usos e finalidades que poden definirse como de interese xeral, na medida que serven á colectividade e están orientados a execución do modelo de cidade que pretende desenvolver o Plan. Entre estes usos a Lei cita, con carácter enunciativo, os seguintes:

Viarios, espazos libres e zonas verdes.

Infraestruturas de conexión coas redes de potabilización, subministración e depuración de auga e coas infraestruturas de transporte público que se requiran para unha mobilidade sustentable.

Á hora de analizar a definición dos sistemas xerais por parte da pléyade de disposicións autonómicas vixentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo atopámonos con que o tratamento que se dispensa a esta institución non é nin moito menos homoxéneo nin uniforme. Ademais das diverxencias na terminoloxía, existen notables diferenzas no que aos termos en que se definen os sistemas xerais ou redes públicas refírese. Da variedade lexislativa imos tentar esbozar un concepto. Os sistemas xerais son os usos característicos aos que se destina solo de titularidade pública, obtido normalmente pola Administración Pública a través de cesión directa dos titulares anteriores, relacionados co establecemento de infraestruturas ou a prestación de servizos que se caracterizan todos eles pola satisfacción de usos colectivos ou intereses xerais e, en definitiva, pola contribución esencial á definición e execución do “*modelo de cidade*” previsto no plan.

Os elementos básicos deste concepto son os seguintes:

A) Titularidade pública. Non cabe dúbida de que os solo sobre os que se asintan os sistemas xerais son de titularidade pública. A titularidade pública dos solo non predetermina a natureza xurídica do solo en si, nin por suposto a natureza e mesmo a titularidade das instalacións que se executen sobre ese solo. A posibilidade de edificar elementos de natureza patrimonial sobre ou baixo o solo é pacíficamente admitida .

B) Obtención por ministerio da Lei. Os sistemas xerais caracterízanse igualmente porque o solo que se destina ao seu establecemento, execución e desenvolvemento é obtido por parte das Administracións Públicas titulares a través dos medios establecidos na Lei. Dentro destes, ocupa un lugar importante a cesión que a Lei prevé a favor das Administracións Públicas, e que constitúe un dos deberes básicos que conforman o estatuto da propiedade do chan. O art. 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo establece que o réxime urbanístico da propiedade do solo é estatutario e resulta da súa vinculación a concretos destinos, nos termos dispostos pola lexislación sobre ordenación territorial. Os propietarios de solo deben satisfacer concretos deberes para materializar os seus dereitos urbanísticos. O dereito a transformar o terreo, a realizar obras, a executar as previsións que lle reconece o plan, a incorporar ao seu patrimonio o aproveitamento urbanístico, a exercer o *ius aedificandi*, etc, son dereitos que están supeditados ao cumprimento de determinados deberes urbanísticos. FORTES LÓPEZ di que as cesións obrigatorias fundaméntanse nunha sólida convicción que deriva de dúas ideas básicas: a necesidade de que a asignación do beneficio que outorga aos propietarios do chan teña algunha contrapartida e atope unha xustificación e, doutra banda, a conveniente obtención dos recursos mínimos para satisfacer as obrigacións e servizos públicos que a urbanización xera. Atopando o seu encaixe constitucional no art. 47, ao proclamar “*que a comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos*” e canalizar eses deberes e cesións como unha manifestación da función social da propiedade inmobiliaria, segundo establece o art. 33 CE (A LEI 2500/1978).

Estas cesións obrigatorias integran o estatuto básico da propiedade inmobiliaria e, en consecuencia, a súa regulación é competencia do lexislador estatal, que con fundamento no art. 149.1.1 da Constitución debe preservar a igualdade no exercicio dos dereitos. O Tribunal Constitucional na Sentenza 61/1997, de 20 de marzo (A LEI 9921/1997) lembrou esta afirmación.

O Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo, no seu art. 16 precisa as cesións obrigatorias de maneira esencial ao establecer os deberes que implican as actuacións de urbanización ou de dotación.

Esta cesión ten á súa vez tres caracteres fundamentais: é directa, obrigatoria e gratuíta. O deber de cesión convértese, así, nun das canles a cuxo través materialízase o principio de participación da comunidade nas plusvalías. Xunto á cesión existen outras formas de obter os terreos que se destinarán á execución e establecemento de sistemas xerais, como son a ocupación directa, a permuta de terreos ou de aproveitamento ou, mesmo, a expropiación.

Entrando xa no análise concreto da normativa autonómica primeiro debemos facer unha definición de dotación pública

e sistema xeral, definición que se establece no artigo 165 no que se establece que; “*Definición.*

1. *Enténdese por terreos destinados a dotacións públicas os de titularidade do municipio ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma que tenden a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo o carácter de bens de dominio público.*

2. *Son terreos de sistemas xerais os dotacionais públicos que están deseñados ou previstos para o servizo da totalidade do municipio e, en especial, para implantar as infraestruturas básicas do modelo de cidade.*

3. *Non terán o carácter de sistemas xerais os terreos, instalacións e infraestruturas de titularidade estatal ou autonómica de carácter supramunicipal que non estean contemplados no plan xeral, e cuxa vocación exceda do servizo ao municipio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.*

4. *Son terreos destinados a dotacións locais os dotacionais públicos de titularidade do municipio, que están deseñados ou previstos predominantemente para o servizo do polígono ou sector, no seu caso.”* Así a vista deste artigo no suposto que nos ocupa estaríamos ante unha dotación local, aínda que este tipo de cuestión sería máis adecuado que fosen concretadas por un Informe Técnico. Por o que respecta os modos de adquisición de terreos para dotacións públicas se establecen con carácter xeral no artigo 167 que regula o que segue; “*Obtención de terreos destinados a dotacións locais.*

1. *Os terreos destinados polo plan a dotacións locais en chan urbano consolidado obteranse mediante **expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do chan.***

2. *Os terreos destinados a dotacións locais en chan urbano non consolidado e en chan urbanizable obteranse mediante cesión obrigatoria e gratuíta a través do sistema de actuación que se adopte ou por expropiación, ocupación directa ou permuta forzosa.*

A obrigación de cesión gratuíta dos terreos destinados a dotacións de carácter local inclúe tamén a súa urbanización, á conta dos propietarios incluídos no correspondente polígono.” Así se establecen con carácter xeral tres sistemas; convenio, expropiación ou permuta forzosa. No caso que nos ocupa esta modificación do ancho do vial ata 8,50 m, non está contemplada no PXOM do Concello, dado que nos planos 4.1 e 4.2 do PXOM actual se define un ancho de vial de 12 m.

Neste senso debemos de ter en conta que a xurisprudencia do TS ven esixindo con carácter xeral que previamente a expropiación dos terreos necesarios para dotacións públicas estas estean contempladas no Plán, e que a LOUGA non establece unha diferenciación en canto a esixencia de previsión de destino no Plan para os supostos que se adquiran estes terreos por Convenio, ou por expropiación ou permuta.

Esta conclusión é lóxica dende o punto de vista da conceptualización do Plán coma previsión, coma debuxo do que se quere que sexa unha cidade, coma modelo, concepto en consonancia con a definición global de ordenación do territorio, así o artigo 52. da LOUGA fai as seguintes; *Consideracións xerais.*

1. *Os plans xerais de ordenación municipal, como **instrumentos urbanísticos de ordenación integral**, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o chan para o establecemento do réxime xurídico correspondente, **definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.***

2. *O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que nos mesmos determinense e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.*

3. *Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de repartición, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da Comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.”* De feito no artigo 56 da LOUGA xa se establecen as determinacións que deberá conter os PXOM no núcleo rural, entre as que se fixan as seguintes; “*Artigo 56. Determinacións en chan de núcleo rural.*

1. *Os plans xerais de ordenación municipal conterán a ordenación detallada dos núcleos rurais e, para ese efecto, incluirán as seguintes determinacións:*

Delimitación do seu perímetro.

*No seu caso, emprazamento reservado para dotacións e equipamentos, sinalando o seu carácter público ou privado. **Trazado da rede viaria pública e sinalización de aliñacións.***

Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como das características estéticas da edificación e da súa contorna.

Previsión das áreas dos núcleos rurais nos que se contemple a realización de actuacións de carácter integral, nese caso deberá delimitar os correspondentes polígonos e garantir a integración da actuación coa morfoloxía, os servizos e as características do tipo básico ao que pertenza o núcleo en que se insira, sen que a densidade máxima da actuación integral poida superar as vinte e cinco vivendas por hectárea. En ningún caso poderán preverse actuacións integrais nos núcleos histórico-tradicionais, nin na parte delimitada como tal nos núcleos rurais complexos.

Cantas outras resulten convenientes para a ordenación e mellora do núcleo e salvagárdaa das canles naturais e as

redes de camiños rurais, así como para a conservación e recuperación da morfoloxía dos núcleos histórico-tradicionais e da súa estrutura parcelaria histórica e os seus usos tradicionais.

Fixación dos indicadores que deban dar lugar á necesidade de redactar un plan especial de ordenación dun núcleo rural para facer fronte á complexidade urbanística sobrevinda no mesmo.”

Así na opinión destes informantes con carácter previo a tramitación e sinatura deste Convenio se debería proceder ou ben , a tramitación dunha modificación puntual do PXOM que recollese a modificación da rede viaria así coma na aliñación vixente na actualidade , así coma a planimetría da mesma e os terreos afectados por esta modificación da aliñación , ou por outra banda aproveitar o procedemento de revisión do plán, para introducir estas modificacións . Do contrario se estaría mensocabando o réxime xurídico dos convenios de xestión dado que tal e como enunciabamos a principio deste Informe cando definíamos os convenios de xestión como; **“Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limítense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan.”** .

Por tanto , por moi loable que poida ser o querer mellorar unha dotación pública mediante a ampliación ou reforma da mesma para uso e disfrute dos veciños , tamén debemos ter en conta que a ordenación do territorio e primeiro planificación e posteriormente execución e non o revés , a execución de proxectos de obras que supoñen unha alteración do plán e posteriormente tratar de legalizar a través do instrumento de planeamento correspondente”

Segundo o informe emitido pola arquitecto municipal de 28 de marzo de 2011, o ancho actual definido para o vial no PXOM é de 12 m (consideración técnica 3.) e nas propostas de convenio é de 8,50 m.

A salvo erro ou omisión involuntaria, o a aprobación do proxecto de obras no levou consigo a declaración de utilidade pública das actuacións nel contempladas.

Polo que para as funcionarias que subscriben este informe seguen a mater vixencia as consideracións realizadas no informe de 5 de maio anteriormente transcritas: ou se modificaba previamente o PXOM, de acordo cos arts. 93 e 94 LOUGA (opción rexeitada pola corporación) para lexitimar a adquisición dos terreos con destino a viario co ancho descrito ou o suposto habilitador existente tería que consistir, a través dalgún dos sistemas sinalados no art. 167.1º LOUGA, na ampliación do viario ate os 12 m recollidos no planeamento xeral, xa que como indica a arquitecto municipal e posteriormente intervención e secretaría, as determinacións contidas no anteproxecto de planeamento teñen o carácter de mera previsión, debendo ser obxecto de dous convenios diferenciados, un de planeamento con modificación do ancho e alineacións do viario no seu caso, e outro posterior de xestión.

4. En relación as consideracións igualmente realizadas sobre a dispoñibilidade dos terreos e os requisitos previstos na lexislación contractual aplicable, seguen a manter igualmente vixencia as consideracións realizadas por intervención e secretaría no seu informe de 5 de maio de 2011 ás que nos remitidos e se transcribe de seguido:

“... 2.- Do cumprimento do requisito da dispoñibilidade de terreos necesarios para a execución dun proxecto de obras .

Neste senso resulta clarificadora o Informe 13/2009, de 25 de setembro de 2009 , emitido por a Xunta Consultiva de Contratación , que resulta clarificador no tocante a esta cuestión . Neste Informe a Xunta consultiva de contratación afirma o seguinte; *“ A consulta exposta polo Alcalde de Benicásim (Castellón) desexa coñecer cando debe esixirse o requisito de dispoñibilidade dos terreos a que se refiren os artigos 110.2 do á Lei de Contratos do Sector Público e 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas así como se tal requisito pode ser acreditado mediante unha cesión dos terreos necesarios para a execución do contrato de obra correspondente realizada en documento privado e, consecuentemente sen constancia en documento oficial establecido pola normativa directamente aplicable, todo iso para axilizar os trámites necesarios para a preparación e aprobación do expediente de contratación.*

*Unha das características do contrato de obras é que as mesmas se executen nunha ben propiedade do órgano de contratación. A tal fin a Lei de Contratos do Sector Público no seu artigo 110.1 dispón que aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo, **o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución**, que será requisito indispensable para a adxudicación en todos os procedementos, sinalando o apartado 2 a excepción referida a tal requisito nos expedientes de contratación referentes a obras de infraestruturas hidráulicas, de transporte e de estradas, nos que se dispensará do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos. Respecto dos casos de cesión de terreos ou locais o apartado 3 esixe que tales cesións se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar a dispoñibilidade dos terreos, a achega dos acordos de cesión e aceptación polos órganos competentes.*

3. A dispoñibilidade dos terreos como documento incorporado ao reformulo do proxecto, trámite que se verifica novamente no acto de comprobación de reformulo, regulado no artigo 212 da Lei e no artigo 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ten por finalidade garantir que o órgano de contratación dispón efectivamente dos terreos sobre os que se executarán as obras tanto en canto refírese á instrumentación do expediente como respecto da posición que o contratista asume no contrato, configurándose como sinalamos por tal motivo como un requisito básico do contrato de obras.

4. A dispoñibilidade dos terreos acredítase mediante o documento de titularidade do mesmo con expresión da súa

libre disposición previo cumprimento, respecto das Entidades locais, das disposicións establecidas ao efecto no Regulamento de bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, **das que cabe destacar a obrigaçión de inscrición do ben no Rexistro da Propiedade e a incorporación ao inventario dos bens e dereitos da Entidade local.**

En canto ao que se refire á cesión dos bens ao Concello cabe precisar que só están excluídos de cumprir os requisitos de orde xeral cando tal cesión foi efectuada por unha Entidade pública, o que segundo se deduce da consulta recibida non é o caso.

*Establecidos tales requisitos, as normas reguladoras han de cumprirse no sentido que son promulgadas e das que cabe concluír que non se aprecia a posible excepción de cumprimento da regra establecida, **debendo en consecuencia o Concello acreditar a dispoñibilidade dos terreos no momento de reformulo do proxecto, sen poder demorar tal acreditación ao momento en que se formalice a anunciada permuta.***

Esta cuestión non é un tema baladí , tanto en cuanto , tal e como enunciabamos o comezo do noso Informe , este proxecto de obras xa foi aprobado e adxudicado estando a obra en curso de execución. Por tanto , cobra importancia o tema anteriormente mencionado acerca de si os terreos que se tratan de obter son necesarios para a execución deste proxecto , tal e como se anuncia na cláusula primeira deste Convenio, ou ben no proxecto aprobado para as obras de humanización, os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte o vial tal e como se establece no Informe Técnico asinado por a Arquitecta Municipal con data 28 de marzo de 2011.

No caso de que efectivamente estes terreos estivesen contemplados no proxecto de humanización que foi aprobado, adxudicado e está en curso de execución , se estaría incumplindo o apartado 1 do artigo 110 da Lei de Contratos do Sector Público, toda vez que se agora estes terreos van a ser obxecto de cesión , evidentemente aínda non están inscritos no Rexistro da Propiedade deste Concello , e por tanto aínda non se ten a dispoñibilidade sobre os mesmos....".

Cabe lembrar que o art. 233.3º LOUGA sanciona cun vicio de nulidade de pleno dereito todas aquelas estipulacións convencionais que supoñan o incumprimento da normativa, non so a urbanística senon igualmente a contractual aplicable as administracións públicas.

5. A execución dos compromisos vinculados aos aspectos de convenio de xestión urbanística suporán para o concello a realización de prestacións en especie definidas nos antecedentes de feito do presente informe por un total de 6.698,05 euros.

Obra nos expedientes informes do enxeñeiro municipal no que se xustifica que o valor de ditas prestacións non supera o importe da valoración dos terreos.

A elo debe engadirse a indemnización fixada como incumprimento polo concello dos compromisos vinculados á alteración do PXOM cuantificados na cláusula terceira das propostas de convenio en 11.287,22 euros (3.001,75, exp. 53/12; 7158,53 euros, exp. 54/12 y 1.126,94 euros exp. 55/12) e os custes de elevar a escritura pública a cesión dos terreos e o pago dos tributos derivados das operacións.

Tendo en conta a tramitación previamente levada a cabo de dous convenios urbanísticos anteriores con motivo da execución das referidas obras nos que se contemplaban compromisos de investimento a favor dos interesados afectados por importe de 24.647,60 euros e que actualmente o crédito existente para afrontar este tipo de gastos na aplicación 453.60900 onde se procedeu a contabilizar o compromiso de gasto derivado do investimento adxudicado á empresa Sercoysa, Proyectos y Obras, S.A., "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon e rúa Convento" existe crédito retido actualmente polo importe correspondente á baixa menos o exceso de obra executada, recollida na certificación final, 18.014,99 euros que pertence na porcentaxe do 63,8 % á subvención outorgada polo Ministerio de Cultura para a realización do investimento mencionado (11.493,56 euros) e na porcentaxe de 36,2 % a un préstamo para financiar o investimento solicitado no exercizo 2010 (6.521,43 euros), polo que **únicamente podería dispoñerse do importe financiado con cargo ao préstamo solicitado polo concello, é decir, 6.521,43 euros para a totalidade dos convenios xa tramitados e por tramitar.**

Á marxe do cuestionamento xurídico da licenza de segregación correspondente aos terreos a adquirir, cabe destacar que a lexislación urbanística galega non contempla unha regulación específica sobre as consecuencias que xenera o incumprimento das estipulacións dos convenios urbanísticos, sendo necesario distinguir segundo se trate de convenios de planeamento ou de xestión urbanística.

Respecto dos convenios de planeamento, a xurisprudencia nega a existencia de responsabilidade patrimonial nos termos dos arts. 139 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao considerar que non hai dano provocado polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos (STS de 3 de abril de 2001, rec. nº 8856/1996; STS de 17 de novembro de 2003, rec. nº 1827/2001; STSJ de Canarias de 9 de xullo de 2006, rec. nº 402/2003; STS de 27 de decembro de 2005, rec. Nº 4875/2002.) nin da regulada no Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, por entender que as meras expectativas urbanísticas derivadas de convenio non son susceptibles de xenerar indemnización ningunha , polo que é necesario que se produza unha perda do aproveitamento previamente patrimonializado polo cumprimento dos deberes de cesión, urbanización e equidistribución (STS de 5 de enero de 1990; STS de 28 de setembro de 1993; STS de 18 de outubro de 1993; STS de 7 de decembro de 1994; STS de 11 de febreiro de 1995; STS de 9 de decembro de 1997; STS de 27 de febreiro de 1999; STS de 12 de abril de 2006, rec. nº 228/2003; STS de 2 de novembro de 2006, rec. nº 3307/2003; STS de 12 de decembro de

2007, rec. nº 2911/2005; STSJ de Valencia de 30 de enero de 2007, rec. nº 1873/2004; STSJ de Santa Cruz de Tenerife de 20 de noviembre de 2006, rec. Nº 1294/2003).

Desta forma a construción doutrinal do incumprimento realízase pola consideración do convenio urbanístico como contrato, no que se pacte unha indemnización dos danos e prexuízos que o incumprimento pola Administración poda causar ao particular ou repouner a éste na situación xurídica anterior. Máis para elo debería ser acreditado o incumprimento culpable da Administración na tramitación da modificación do planeamento ou a súa manifesta ilegalidade ao que debe engadirse que os terreos que como tipo de "prestación anticipada" se ceden polos interesados, serán obxeto de contraprestación en especie. Esta debe ser a xuízo desta intervención e secretaría o réxime aplicable igualmente para o incumprimento das cláusulas propias do convenio de xestión.

En razón as consideracións realizadas, infórmase desfavorablemente a proposta de convenio urbanístico de planeamento e xestión entre o Concello de Poio e Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva, D. José Antonio Castro Debén e a súa esposa Dña. María Angeles Caldas Castiñeira; D. José Manuel Otero Pena e a súa esposa Dña. Flora Isabel Penala González con motivo da execución das obras "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon".

6. En canto á tramitación dos convenios, deberá seguir as regras marcadas no artigo 237 LOUGA:

- Subscrición inicial entre as partes (fase xa realizada).

- Información pública por un periodo mínimo de 20 días mediante a inserción de anuncio no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

- Redacción de proposta de texto definitivo dando conta ás persoas coas que se teña negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.

- Ratificación polo órgano competente e sinatura dentro dos 15 días seguintes á notificación da probación do texto definitivo.

É órgano competente para a tramitación de convenio de planeamento, tanto inicial como para a súa ratificación posterior (artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local, o Pleno e de forma contraria, o alcalde, ou por delegación efectuada por Decreto de 30 de xuño de 2011 na Xunta de Goberno Local, éste último órgano colexiado.

Ase mesmo, deberá observarse o contido do artigo 70 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, introducido pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 30 de xuño, poñendo a disposición dos cidadáns que así o soliciten, exemplares dos convenios urbanísticos que se formalicen. ”

A Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada o 03 de xullo de 2012 informou favorablemente dito convenio e que se sigan os trámites que indica a Secretaria e Interventora no seu informe.

Con data 10/07/2012 deuse conta á Comisión Informativa de Urbanismo do **informe emitido pola secretaria e pola interventora acetal do Concello o día 04/07/2012 e que di o que segue:** Asunto: Rectificación informe emitido con data 03/7/2012 en canto á existencia de crédito dispoñible emitido pola Interventora Acetal, M^a. Dolores Sartal Alvariñas e a Secretaria do Concello, Paula Ramos Díaz, con respecto a:

Asunto: convenio urbanístico de planeamento e xestión

Situación: rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon; parcela nº 9 (exp. 53/12); parcela nº 11, 12 e 13 (exp. 54/12) e parcela nº 5 (exp. 55/12).

Interesado/a: José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penala González; José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira; Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva

Expedientes: 53/12, 54/12 e 55/12.

Advertido erro no informe emitido con data 02/07/2012 en canto á existencia de crédito municipal para afrontar os investimento propostos nos convenios de referencia, na aplicación 453.60900, onde se contabilizou o compromiso de gasto derivado do investimento adxudicado á empresa Sercoysa proyectos e obras, S.A. “humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon e Rúa Convento”, informamos que existe crédito retido actualmente polo importe correspondente á baixa menos o exceso de obra executada e recollida na certificación final, de 18.014,99 euros, dos que 480,51€ pertencen á subvención outorgada polo Ministerio de Cultura (65% do custo de realización do investimento mencionado), e 17.534,48 euros pertencen a un préstamo para financiar o investimento solicitado no exercizo 2010, polo que unicamente podería dispoñerse do importe financiado con cargo ao préstamo solicitado polo Concello, é dicir, 17.534,48€ euros para a totalidade dos convenios xa tramitados e por tramitar.”

Non suscitándose debate ningún por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á subscrición inicial do Convenio Urbanístico de xestión e planeamento entre o concello de Poio e D. José Antonio Castro Debén e D^a. M^a Ángeles Caldas Castiñeira para a execución da obra de Humanización da rúa Fernando Gonzalo de la Mora y Mon asinado con data 12 de maio de 2011.

Segundo: Someter o expediente á información pública por un período mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Terceiro: Unha vez sometido á información pública proceder á redacción de proposta de texto definitivo dando conta ás persoas coas que se teña negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.

Cuarto: Ratificación polo órgano competente e sinatura dentro dos 15 días seguintes á notificación da probación do texto definitivo.

Quinto: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3714.- EXP. 55/12, CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E JAIME ACUÑA GONZÁLEZ E DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA, PARA EXECUCIÓN OBRA DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado polo Departamento de Urbanismo do Concello núm. 55/12 e dos informes emitidos polo técnicos municipais e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal e que di o que segue: “Por petición da Asesoría Xurídica do Concello e en relación á cesión a realizar na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon con motivo das obras de humanización de dita rúa, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

- Consta o proxecto de humanización das rúas Gonzalo Fernández de la Mora y Mon do lugar de Casal e Convento do lugar de Convento, redactado polos técnicos municipais en outubro do 2010.
- Constan os planos 4.1 e 4.2 do PXOM, de usos pormenorizados do solo urbano de San Xoán no que se definen os aliñamentos da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.
- Constan os planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM, actualmente en tramitación (fase previa á aprobación inicial).
- Consta o inicio dun expediente de convenio urbanístico para a cesión de terreos co fin de ampliar o ancho do vial actualmente variable debido a que ven definido polas fachadas das edificacións existentes que non están aliñadas entre si ao longo do trazado da vía.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

- No proxecto aprobado para as obras de humanización, no que respecta á rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.
- Co convenio que se pretende asinar é posible materializar un ancho de vial de 8,50m medido a partir do valo de contención existente na marxe esquerda do vial. Dito ancho é compatible coa calzada de sentido único ascendente que se pretende establecer, unha banda de aparcamento e a beirarrúa na marxe esquerda coincidindo cos accesos ás edificacións existentes.
- No PXOM vixente, defínese nos planos 4.1 e 4.2 un ancho de vial de 12m, tendo en conta que o aliñamento na marxe dereita do vial en sentido ascendente coincide co valo de contención de pedra existente.
- No proxecto de revisión do PXOM (plano 10I) defínese un ancho de vial de 9,40m (variable), tendo en conta que o valo de contención existente deberá de ser recuado, polo que o aliñamento na marxe esquerda (na que se emprazan as edificacións que dan fronte a este vial) respecta as edificacións existentes e coincide sensiblemente co que resultará da cesión que se materializará co convenio que se pretende asinar. INFORME

Segundo o exposto, informo que nos planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM, actualmente en tramitación a fase previa á aprobación inicial, o ancho definido para a rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon é menor que o definido no PXOM vixente e o aliñamento na marxe esquerda coincide sensiblemente co aliñamento que se definirá logo da execución das obras de urbanización no caso de formalizarse as cesións necesarias.

A coincidencia exacta entre o aliñamento definido como resultado da execución das obras e o definido nos planos de ordenación do proxecto de revisión do PXOM é unha cuestión a formular polo Concello ao equipo redactor.

Si ben o proxecto de revisión do PXOM é un documento en tramitación que pode sufrir modificacións no transcurso desta por motivos de diversa índole (informes sectoriais, cambio de criterio na ordenación, etc), parece lóxico que a inversión económica que supón a realización das obras de humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon se teña en conta no deseño futuro do vial neste proxecto de revisión do PXOM ou en calquera outro.”

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal e que di o que segue: " Asunto: Informe de valoración dos terreos a ceder ao Concello de Poio na Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món para elaboración do CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JAIME ACUÑAGONZÁLEZ E A SUA DONA DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA, PARA EXECUCION DA OBRA DE “HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON”

En relación ó convenio de xestión e planeamento que se pretende asinar entre o Concello de Poio e os señores JAIME

ACUÑAGONZÁLEZ e a súa dona DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA para a ocupación do terreo propiedade destes últimos na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon do lugar de Convento, do parroquia de San Xoan para a execución das obras de "humanización" da rúa, e solicitado a este técnico a valoración dos terreos, o técnico municipal emite o seguinte INFORME:

Previamente á valoración dos terreos débese de ter en conta os seguintes antecedentes:

- O terreo obxecto do convenio ten unha superficie de 12,04 m², correspondente á parcela 5 do plano axunto e limita coa calzada da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món. Na actualidade dita rúa carece de beirarrúas e zona de aparcamento.

- Segundo o plano 0.4 de ordenación xeral do PXOM, o terreo está clasificado como solo urbano (SU) e segundo o plano 4.1 de usos pormenorizados do solo urbano de San Xoan, está cualificado como vial.

- Segundo o proxecto redactado polos técnicos municipais o obxecto das obras é a dotación de accesibilidade peonil da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món que vai dende o edificio da Casa do Concello ata a avenida de San Xoán (estrada PO-308) (unha lonxitude aproximada de 430 m) e a ordenación do tráfico rodado da zona.

- No estado actual, o terreo obxecto da cesión forma parte da finca onde está ubicada a vivenda. Existen valos laterais de pedra que delimitan a propiedade. O fronte da parcela que linda co vial público existente está en terras e asfalto.

Sendo de aplicación o ROL 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de solo, si ben o PXOM clasifica o terreo como solo urbano Ordenanza 5.

Para a valoración do solo urbano empregaranse os criterios do artigo 24º e 28º do RDL 2/2008.

Tómase como referencia os datos obtidos das seguintes fontes:

- A ponencia de valores do termo municipal de Poio, realizada pola Xerencia territorial do Catastro no ano 2002 e cunha vixencia e 10 anos.

- Valoracións da oficina virtual tributaria.

- Coeficiente de actualización do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

- ORDEN ECO/805/2003, de 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certos finalidades financeiras.

- Método de valoración por repercusión e método de valoración por comparación.

Por tanto, dos valores básicos de repercusión que representan as circunstancias medias do ámbito considerado no que os terreos están cualificados no PXOM como Ordenanza 5 de edificación de baixa densidade, vivenda unifamiliar, obtense a seguinte valoración:

superficie	valor medio inicial	coeficiente actualización	coeficiente por ejecución directa	valor actualizado	valoración
12,04 m ²	60,00 €/m ²	1,2	1,3	93,60 €/m ²	1.126,94 €

"

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal e que di o que segue: “Asunto: Informe de valoración dos traballos a executar de recuamento de valo existente para CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JAIME ACUÑA GONZÁLEZ E A SUA DONA DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA, PARA EXECUCIÓN DE LA OBRA DE “HUMANIZACIÓN DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON”

Para a execución das obras relativas ao proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MÓN E RÚA DO CONVENTO”, se está levando a cabo a proposta dun convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello e propietarios de parcelas afectadas pola ampliación da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Món.

En relación ao convenio entre o Concello de Poio e D. JAIME ACUÑA GONZÁLEZ E A SUA DONA DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA, proponse o recuamento do valo lateral dereito, a reconstrución e axuste do valo lateral esquerdo e o acondicionamento da entrada con mestura bituminosa, da súa propiedade con fronte ó vial do asunto. Os traballos que se executarán quedan definidos e valorados a continuación:

UD	DESCRIPCION	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
ud	Axuste e acondicionamento do valo lateral esquerdo.	1,00	95,00	95,00
m ²	Valo de cerramento de 2,00 m de altura media executado en pedra granítica.	8,00	65,00	520,00
ud	Acondicionamento da entrada á parcela con mestura bituminosa (MB).(25x4 m)	1,00	480,00	480,00
TOTAL (euros)				1.095,00

”

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal e que di o que segue: “Asunto: Informe comparación entre valor de terreos a ceder e o custo das obras a realizar para o CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JAIME ACUÑA GONZÁLEZ E A SÚA ESPOSA DONA DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA, PARA EXECUCION DE LA OBRA DE “HUMANIZACION DA RUA GONZALO FERNANDEZ DE LA MORA Y MON”

En relación ó convenio de xestión e planeamento que se pretende asinar entre o Concello de Poio e os señores JAIME ACUÑA GONZÁLEZ e a súa esposa DONA DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA para a ocupación do terreo propiedade destes últimos na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon para a execución das obras de "humanización" da rúa, e vistos os informes do técnico que subscribe sobre a valoración dos terreos da cesión e das obras a realizar, que se resumen a continuación:

Valoración das actuacións de recuamento de valo existente: **1.095,00 €**

Valoración dos terreos a ceder: **1.126,94 €**

Dedúcese que o valor dos terreos é superior en 31,94 € ao custo das actuacións a executar polo Concello de Poio de demolición e reconstrución dun novo cerramento asi como os traballos a realizar para o recuamento das afeccións da zona de cesión.”

Informe conxunto emitido pola Interventora e Secretaria Xeral do Concello e que di o que segue: “Asunto: convenio urbanístico de planeamento e xestión

Situación: rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon; parcela nº 9 (exp. 53/12); parcela nº 11, 12 e 13 (exp. 54/12) e parcela nº 5 (exp. 55/12).

Interesado/a: José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penela González; José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira; Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva

Expediente: 53/12, 54/12 e 55/12.

Dolores Sartal Alvariñas, interventora accidental do Concello de Poio e Paula Ramos Díaz, funcionaria con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), emiten o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

- Informe da arquitecto municipal de 28 de marzo de 2011.
- Informe do enxeñeiro municipal de 31 de maio de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 35,30 m² por importe de 3.304,08 euros (exp. 53/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de demolición de cerramento de parcela e elementos existentes, construción de valo de cerramento lateral de 1,20 m executado en pedra granítica; construción de valo de cerramento frontal executado en pedra granítica e adecuación de dúas ramplas de garaxe e elevación de portal existente para adaptalo á nova rasante, por importe de 2.328,05 euros, de 2 de xuño de 2011(53/12).
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 976,03 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 53/12).
- Convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penela González para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 3 de xuño de 2011. Aparece asinado polos interesados. Achega copia de escritura pública de compravenda nº 3299 autorizada polo notario Eduardo Méndea Apenela en Pontevedra o 29 de xullo de 2002 e copia da escritura nº 694 autorizada polo notario César Gutiérrez Herrero en Sanxenxo o 5 de xullo de 1972 de compravenda, inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra. (exp. 53/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de 10 de maio de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 76,48 m² por importe de 7.158,53 euros (exp. 54/12).
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de demolición de cerramento de parcela e acondicionamento de terreo con reposición de solado das mesmas características existentes, construción de cerramento de 1 m executado en pedra granítica con reixa de forxa (cerraemtno frontal e laterais a ambos lados da casa), desprazamento de portal de entrada existente ao aparcadoiro e rampa de formigón HM-20 de acceso a garaxe, por importe de 3.275,00 euros, de 10 de maio de 2011(54/12).
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 3.883,53 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 54/12).
- Convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 12 de maio de 2011. Aparece asinado polos interesados. Achega copia de escritura pública de donación nº 4612 autorizada polo notario Eduardo Méndea Apenela en Pontevedra o 24 de setembro de 1997 e copia da escritura nº 283 de aportación e agrupación de fincas autorizada polo notario Luis Darrieux de Ben en Pontevedra o 7 de febreiro de 2007, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra. (exp. 54/12).

- Informe do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 de valoración dos terreos a ceder ao concello, 12,04 m2 por importe de 1.126,94 euros (exp. 55/12)
- Informe do enxeñeiro municipal de valoración dos traballos a executar de recuamento de valo existente no lateral esquerdo, valo de cerramento e acondicionamento da entrada a parcela con mestura bituminosa, por importe de 1095,00 euros, de 3 de xuño de 2011 (exp. 55/12)
- Informe de comparación de valores do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 no que se informa que o valor dos terreos a adquirir polo concello é superior en 31,94 euros ao valor dos traballos a executar polo concello (exp. 55/12)
- Convenio urbanística de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" de 3 de xuño de 2011. Aparece asinado polos interesados (exp. 55/12)
- Copia da escritura pública núm. 2095 de 3 de outubro de 2002, autorizada en Pontevedra polo notario Rafael Sanmartín Losada de declaración de obra nova e aportación á sociedade de gananciais de terreo sito na rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon cunha superficie de 403 m2. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra nº 1, finca rexistral nº 11.782, folio 165 do Libro 134 de Poio, Tomo 1581 do arquivo. Na devandita documentación obra copia de certificación catastral gráfica e descriptiva da finca e inmueble (exp. 55/12).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS.

5. A partir do sinalado pola arquitecto municipal con data 28 de marzo de 2011, antecedente 2. (planos 4.1 e 4.2 de usos pormenorizados do solo urbano de San Salvador) e nos mesmos termos o informe do enxeñeiro municipal de 3 de xuño de 2011 (plano 0.4 de ordenación xeral PXOM), os terreos afectados teñen a consideración de solo urbano.

O PXOM do Concello de Poio non está adaptado á LOUGA polo que en atención a súa disposición transitoria primeira apartado a), deberáse en atención ao disposto nos arts. 11 e 12 do seu texto, verificar se se trata dun ámbito de solo urbano consolidado ou non consolidado.

6. Os convenios, preséntanse como de planeamento e xestión, polo que o concello adquire unha superficie de terreos para ampliación de viario con motivo das obras incluídas no Proxecto "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon" co compromiso de que na revisión do PXOM que se está a tramitar se altere a aliñación que corresponde ao seus terreos liberando as vivendas e muros. Así mesmo o Concello comprométese á realización de diversas obras tal e como se describen nos antecedentes de feito. Se como consecuencia da revisión non se acadase a liberación do aliñamento, o concello cuantifica a indemnización en favor dos particulares en 11.287,22 euros. Os particulares comprométese pola súa banda, a segregrar a superficie de cesión ao Concello.

7. En función da referida clasificación do solo urbano en función da concorrencia ou non das circunstancias previstas nos citados arts. 11 e 12 LOUGA, a obtención de terreos para dotacións públicas locais, non estando previsto no art. 19 LOUGA a cesión obrigatoria e gratuita para tal finalidade, a diferenza do que sucede noutras na normativa urbanística doutras comunidades autónomas, en solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado deberase realizar conforme ao establecido no art. 167 LOUGA.

Tal e como se advertía por intervención e secretaría en informes anteriores, entre outros no emitido con data 5 de maio de 2011, non consta no expediente pronunciamento en relación ao carácter da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, de simple red local ou de conexión entre sistemas xerais ou de verdadeiro sistema xeral nos termos do art. 165.2º LOUGA para os efectos da correcta aplicación do establecido nos referidos arts. 166 e 167 LOUGA (distinción non obstante que na práctica non tería alcance en solo urbano consolidado por canto as formas de obtención obtención de uns e outros son as mesmas a tenor dos arts. 166.1º e 167.1º LOUGA: expropiación, convenio urbanístico ou permuta forzosa con PMS), ou aclaración da posible contradición existente entre a redacción do obxecto do convenio e o reflectido no informe da arquitecta municipal de 28 de marzo de 2011. Concurrido unha identidade de obxecto entre os convenios a tramitar e o informado nese momento para o convenio a asinar con motivo da mesma obra, reproducense as consideracións realizadas no mesmo:

"...FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Emitido informe conxunto de Secretaría e Intervención , con data 20 de abril de 2011 con relación o borrador do convenio do día 14 de abril de 2011, se recibe un novo borrador de Convenio de data 5 de maio de 2011, que ó conter algunha variación con respecto o anteriormente presentado , se volve a emitir novo Informe acerca do mesmo.

Dado que son diversas as cuestións a estudar no Informe que nos ocupa imos tratar de darlles un tratamento individualizado a cada unha das cuestións que se plantexan con vistas a tratar de proporcionar unha resposta o mais clara posible.

1.- Da posibilidade de adquisición de terreos para dotacións públicas mediante Convenio.

No borrador da proposta de Convenio posta a disposición desta Secretaría e Intervención se fixa o obxecto fundamental do mesmo na cláusula primeira na que se establece que ; *“O obxecto fundamental da presente proposta de convenio, basease na necesidade que ten o Concello de Poio de ter a disponibilidad do terreo afectado pola execución da obra do proxecto de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon redactado por o Enxeñeiro Municipal D.Jose Luis Arias Rodríguez en decembro de 2009 para o que necesita o concello adquirir os terreos dos outros comparecentes que se identifica no plano que se achega confeccionado por o Enxeñeiro Municipal e que comprende a parcela Nº 6 de 114,35 m2 e a parcela Nº 7 de 18 ,91 m2 e valorandose por o Enxeñeiro Municipal os terreos a ceder ao Concello na cantidade de 12.473,14 € (.....)”*.

Non obstante , en primeiro lugar temos que aclarar que no Informe da Arquitecta Municipal de 28 de marzo de 2011 se expón o seguinte; “ *No proxecto aprobado para as obras de Humanización no que respecta a Rúa Gonzálo Fernández de la Mora y Mon os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.*” A vista da contradición existente entre a cláusula primeira do Convenio , anteriormente transcrita e do Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 , se debería aclarar con carácter previo a aprobación do borrador do convenio se efectivamente son necesarios estes terreos para a execución do proxecto “Humanización da Rúa Gonzálo Fernández de la Mora y Mon” , proxecto que xa foi aprobado, que é Obxecto dunha subvención por parte do Ministerio de Cultura e que xa foi adxudicado ; ou ben se trata de obras que non teñen cabida neste proxecto ou que inicialmente non estaban incluídas no mesmo. Por o que a vista desta contradición se debería solicitar Informe Técnico que aclarase as dúbidas existentes, a vista dos problemas que poden xurdir e que analizaremos no apartado 2. deste Informe .

Por o que respecta a posibilidade de asinar Convenios de Xestión de Planeamento debemos facer unha referencia o réxime xurídico que se establece na LOUGA 9/2002 con as súas respectivas modificacións. Acerca desta posibilidade o artigo 233 desta disposición legal establece que ; “*Concepto, alcance e natureza.*

1. A Administración Autónoma e os municipios, así como as súas organizacións adscritas e dependentes e as demais organizacións por eles creadas conforme a esta Lei, poderán celebrar, conxunta ou separadamente, e sempre no ámbito das súas respectivas esferas de competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, en orde á súa colaboración e máis eficaz desenvolvemento da actividade urbanística.

2. A negociación, celebración e cumprimento dos convenios urbanísticos a que se refire o número anterior rexerese polos principios de transparencia e publicidade.

3. Serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios que contravengan, infrinxan ou defrauden obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas legais ou regulamentarias, incluídas as do plan urbanístico, en especial as reguladoras do réxime urbanístico do chan e dos deberes dos propietarios do mesmo.

4. Os convenios regulados nesta sección terán para todos os efectos carácter xurídico-administrativo e as cuestións relativas á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia do órgano xurisdiccional contencioso-administrativo.”

Así, en principio xa se faculta ós Municipios para a celebración de Convenios Urbanístico, Convenios que estarán sometidos en todo caso as normas imperativas legais e regulamentarias ,incluídas o Planeamento Urbanístico , tal e como establece o apartado 3 do artigo antes transcrito, tendo en conta que a contravención destas disposicións xerará a inmediata nulidade das estipulacións que se establezcan nos mesmos.

A continuación a LOUGA distingue entre Convenios de Planeamento e de Execución do Planeamento, establecendo o artigo 234 o que segue; “*Obxecto.*

Os convenios urbanísticos diferenciaranse polo seu contido e finalidade en:

Convenios Urbanísticos de Plan: Aqueles que inclúan ou poidan ter como consecuencia ou resultado posibles modificacións do plan urbanístico, ben directamente, ben por ser estas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado.

Convenios Urbanísticos para a Execución do Plan: Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limítense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan”.

No caso que nos ocupa se denomina o borrador do Convenio posto a disposición desta Secretaría e Intervención coma Convenio de Xestión e Planeamento, figura que se nos antoxa canto menos extraña , dado que a LOUGA , fai mención os Convenios Urbanísticos do Plán e Convenios Urbanísticos para a execución do Plán , pero non fai mención a esta figura mixta de Convenio de Xestión e Planeamento que como unha sorte de “refrito” refunde as dúas figuras nunha soa modalidade que por un lado planea e por outro executa , canto menos bastante dubidosa pero que imos tratar de analizar en profundidade .

No tocante os Convenios de Planeamento debemos estar o artigo 235 no que se establece o seguinte:

“*Artigo 235. Convenios urbanísticos de plan.*

A Administración autónoma e os municipios, así como os organismos adscritos ou dependentes dunha e outros, poderán celebrar entre si e con outras administracións convenios para definir de común acordo e no ámbito das súas respectivas competencias:

a) Os criterios de ordenación a que deba axustarse o plan urbanístico e as súas modificacións e revisións.

b) Os termos en que deba preverse no plan urbanístico, ou as súas modificacións ou revisións, a realización dos intereses públicos que xestionen.

Cando se tramiten os procedementos de aprobación dos plans de ordenación urbanística ou das súas modificacións ou revisións aos que se refiran os convenios previstos no número anterior, estes deberán ser incluídos, para coñecemento xeral, como anexo á memoria do proxecto ou entre a documentación sometida ao preceptivo trámite de información pública, se son posteriores á aprobación inicial.

Con ocasión do exercicio da potestade de plan, a Administración autónoma e os municipios, no ámbito das súas

respectivas competencias e conxunta ou separadamente, poderán celebrar con calquera persoas, públicas ou privadas, convenios urbanísticos relativos á formación, modificación ou revisión dun plan de ordenación urbanística.

Os convenios a que se refire o número anterior:

a) Só poderán negociarse e subscribirse co carácter de preparatorios da resolución e até o momento en que o procedemento de aprobación do plan ou, no seu caso, da súa modificación ou revisión sexa sometido ao preceptivo trámite de información pública. (neste senso debemos destacar que o PXOM do Concello de Poio está actualmente en proceso de revisión e aínda non foi sometido a exposición pública.)

b) As seus estipulaciones só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación. En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte neles, da potestade de plan.

c) Deberá incluírse, entre os seus estipulaciones, a cuantificación de todos os deberes legais de cesión e determinarse a forma en que estes serán cumpridos.

A ordenación urbanística derivada do convenio celebrado deberá incorporarse ás correspondentes determinacións e documentos do plan.”

Entrando no análise das cláusulas do Convenio que fan referencia a posible modificación do planeamento , dado que inclúen modificacións no mesmo no tocante as aliñacións e ancho do vial previstas na actual planimetría do PXOM aprobado por este concello no ano 2000, estes Informantes teñen a ben dicir o que segue:

Na cláusula terceira do borrador do Convenio se establece que; “(...) *Comprometendose tamén o Concello a que na revisión do PXOM que se tramita actualmente lles quede liberada da aliñación que figura actualmente no Plán xeral a edificación destinada a vivenda dos comparecentes fixándose a aliñación definitiva da rúa na revisión do Plán xeral sen afectar a vivenda dos mesmos nin ao valo de cerramento unha vez retranqueado e construído (...)*” Acerca desta cuestión no Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 se afirma que co convenio que se pretende asinar é posible materializar un ancho de vial de 8,50 metros medidos a partir do valo de contención existente na marxe esquerda do vial , destacando posteriormente que no PXOM vixente se define nos planos 4.1 e 4.2 un ancho de vial de 12 m, e que no proxecto de revisión do PXOM se define un ancho de vial de 9,40 m , concluíndo que os planos de ordenación dos proxectos de revisión actualmente en fase de tramitación a fase previa a aprobación inicial o ancho definido para a rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon é menor que o definido no PXOM vixente, recoñecendo que este proxecto de revisión do PXOM é un documento en tramitación que pode sufrir modificación no transcurso desta por motivos de diversa índole.

Por o tanto aínda que o obxecto do Convenio se definía por a necesidade que ten o Concello de adquirir os terreos necesarios para executar un proxecto de obras , consistente (básicamente) en cambiar o sentido dun vial , construción de birarrúas e asfaltar e incrementar o espacio do mesmo , ata un ancho inferior o recollido na planimetría do PXOM actual , implica coma condición desta adquisición, o compromiso de modificación da aliñación actual , e da anchura do vial.

É precisamente este espírito modificador das determinacións recollidas no planeamento actual o que lle aporta esa natureza de Convenio de Planeamento, aludida o comezo do noso Informe, posto que os convenios urbanísticos de execución do plan , se celebran para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do mesmo, e no caso que nos ocupa se recollen obrigacións para o Concello que inclúen modificacións a tramitar no marco do actual procedemento de revisión do plan.

O problema ven dado por que , tal e como enunciábase cando expusimos o réxime xurídico dos Convenios de Planeamento , estes convenios se subscriben con carácter preparatorio a resolución (e dicir da aprobación definitiva do PXOM) , e “*as súas estipulaciones só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación*” remarcándose a continuación que ; “ *En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte neles, da potestade de plan.*” , mentres que no caso que nos ocupa o exercicio polas Administracións Públicas da potestade do plan , queda en boa medida condicionado polo feito de que no caso de que na aprobación definitiva do plán non se consiga desafectar totalmente a edificación destinada a vivenda e o cerramento reconstruído , os outros asinantes do Convenio terán dereito a que o Concello os indemnicen con a cantidade de 12.473,14 €, por non descoidar que esta modificación nas determinacións do planeamento, futuramente a ser traspasadas o documento definitivo que será obxecto da aprobación que finalizará o procedemento de revisión do plan, van a ser inmediatamente executadas , posto que estes terreos recuados conforme a futura aliñación son necesarios para a execución da obra do proxecto de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.”.

Aínda que a cantidade indemnizatoria variou con respecto do primeiro borrador a este , dado que pasou de 20.000 € a 12.473,14, cantidade que coincide con a valoración dos terreos exposta por o Enxeñeiro Municipal de data 14 de abril de 2011, estes Informantes en base a unha maior seguridade xurídica informan que no tocante a parte que de Convenio de planeamento se refire incumple , en boa medida , as estipulacións recollidas no artigo 235 incurrido nun vicio de nulidade de conformidade con

o apartado 3 do artigo 233; amobolos dous recollidos o comezo deste Informe.

No tocante a natureza propia dun convenio urbanístico para a execución do plan , comezaremos analizando o artigo 236 no que se precisa que; “*Convenios urbanísticos para a execución do plan.*”

1. *A Administración autonómica e os municipios, así como as entidades públicas adscritas ou dependentes dunha e outros e os consorcios creados por tales administracións, poderán celebrar, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, convenios con persoas públicas ou privadas para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do convenio.*

2. *Os convenios nos que se acorden os termos do cumprimento de deberes legais de cesión pola súa substitución polo pago de cantidade en metálico cando non poidan cumprirse con solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección pública en virtude da reserva correspondente, e, especificamente, a dos terreos en que se localice o 10% do aproveitamento tipo do ámbito de referencia deberán incluír, como anexo, a valoración pertinente, practicada polos servizos administrativos que teñan atribuída tal función, con carácter xeral ante a correspondente administración.”*; tendo en conta que dende o punto de vista procedimental no artigo 237 se vai a concretar todo o relativo a celebración e perfeccionamento e se regula o seguinte; “*Celebración e perfeccionamento.*”

1. *Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e en, polo menos, un dos xornais de maior difusión na provincia, por un período mínimo de vinte días.*

2. *Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de plan co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento, substituíndo esta a a prevista no número anterior.*

3. *Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá, á vista das alegacións, elaborar unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu caso, renuncia.*

4. *O texto definitivo dos convenios haberá de ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro do quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido devandito prazo sen que tal firma tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel.”*

Unha vez feitas estas consideracións xerais con a finalidade de establecer o marco xurídico no que nos imos a mover , procederemos a analizar a posibilidade do obxecto do mesmo , que non é outra que a adquisición duns terreos de titularidade privada con a finalidade de executar o o proxecto de obra “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”, por o que imos facer un análise dos Capítulos VII e VIII do Tit IV da LOUGA, capítulos que se refiren a obtención de terreos para sistemas xerais e dotacións públicas.

Pero en primeiro lugar consideramos necesario facer unha breve reseña introductoria acerca destes terreos destinados a dotacións públicas ou sistemas xerais, introdución obtida do traballo “Dotacións públicas, espazos libres e zonas verdes como factor de calidade da cidade.” elaborado por Ángel Ruiz Checa , para a prestixiosa revista xurídica de el Consultor. Esta introdución nos servirá , sen dubida ningunha , para fixar os contidos onde nos imos mover.

O equipamento é peza fundamental e condicionante de todo desenvolvemento urbano . O pleno desenvolvemento da vida en comunidade require da existencia dunha serie de elementos para atender de forma adecuada as necesidades colectivas que demanda a sociedade, con todo zonas verdes e dotacións públicas foron institucións que aínda reflectidas nas leis non se lles dispensou todo o amparo e a protección necesaria.

Na lexislación estatal non existiu nunca un concepto perfectamente diáfano e acuñado condensado nun precepto dedicado ex profeso a concretar que haxa de entenderse por dotación pública . O tratamento que o ordenamento xurídico fai do solo dotacional é relativamente recente, xa que as dotacións públicas non se regulan até o Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril (A LEI 611/1976), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aínda que na Lei do Solo de 1956 (A LEI 9/1956) xa latexa a preocupación do lexislador por estas cuestións , regulando na súa art. 3.1 como facultades concernentes á competencia urbanística sobre plan as de concretar o trazado de vías públicas e medios de comunicación, espazos libres, centros cívicos de ensino e culturais, aeroportos e lugares análogos. É de destacar a falta de concreción dun réxime xurídico específico para cada tipo de dotación, sen que poidan distinguirse entre dotacións locais e sistemas xerais.

Na Lei de Solo de 1976 apréciase a preocupación do lexislador polos usos dotacionais, por canto nas determinacións de carácter xeral que o Plan de Ordenación ha de conter figuran: os sistemas xerais de comunicación e as súas zonas de protección, os espazos libres destinados a parques públicos e zonas verdes en proporción non inferior a cinco metros cadrados por habitante, zonas deportivas e de recreo, templos, centros docentes, sanitarios, culturais, rede viaria e aparcadoiros. Habemos de destacar que para iso se introduce a figura do estándar urbanístico, en virtude do cal a Lei se limita a establecer uns criterios mínimos que deben ser respectados, en todo caso, polos plans urbanísticos so pena de incorrer en nulidade naquilo en que os contradigan ou se opoñan . De forma máis detallada refírese ás dotacións públicas o art. 25 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño (A LEI 1195/1978), polo que se aproba o Regulamento de Plan Urbanístico.

Podemos definir a dotación pública como: “*os terreos, edificios e instalacións que o plan cualifique como tales, por*

estar destinados ao establecemento dos usos colectivos e servizos públicos precisos para asegurar o dereito da poboación a unha mellor calidade de vida dos núcleos urbanos” .

Seguindo a MORENO LÓPEZ definiremos ás dotacións como os servizos de interese público e social establecidos de forma proporcional ás necesidades e características socioeconómicas da cidade e a súa zona de influencia. As dotacións así definidas concréntanse na práctica en infraestruturas e equipamentos.

A dispersión normativa que padece desde hai anos o noso sistema xurídico débemos levar a distinguir entre o réxime xurídico contido na lexislación estatal e o réxime propio das distintas normas autonómicas. O Texto Refundido da Lei de Solo distingue no seu art. 16 entre dotacións públicas e redes xerais. Esta mención debe conectarse coa Exposición de Motivos do propio Texto Refundido, que sinala no seu apartado IV, que *“o estatuto da cidadanía inclúe dereitos e deberes de orde socio-económico e ambiental de toda persoa con independencia de cales sexan a súa actividade ou o seu patrimonio, é dicir, no entendemento da cidadanía como un estatuto da persoa que asegure a súa goce en liberdade do medio no que vive, a súa participación no medio no que vive, a súa participación na organización de devandito medio e o seu acceso igualitario ás dotacións, servizos e espazos colectivos que demandan a calidade e cohesión do mesmo”*. A pesar da retórica que se emprega na Exposición de Motivos do Texto Refundido, cabe colegir que o lexislador está a pensar á hora de falar de dotacións públicas naqueles solos destinados á execución de equipamentos que, pola súa natureza, están chamados a servir á colectividade, xa sexa porque están orientados á definición e posta en práctica do *“modelo de cidade”*, xa porque poden ser utilizados por todos os *“cidadáns”* . É por iso polo que o Texto Refundido da Lei de Solo concreta minimamente o obxecto das dotacións ao falar a título de exemplo de viarios, espazos libres e zonas verdes, como paradigmas do que deben ser as infraestruturas de carácter dotacional; é neste sentido no que han de entenderse as distintas referencias a *“redes xerais de servizos”*, ou, como tamén sinala a lei, a *“redes de dotacións e servizos”*.

Sucede, con todo, que os solos correspondentes a estas dotacións ou redes non poden destinarse exclusivamente a viarias ou espazos libres, senón que para o establecemento do modelo de cidade, é necesario que o solo se destine a outros moitos equipamentos e servizos, tales como redes de infraestruturas, comunicacións, servizos públicos e de interese xeral.

Na actualidade a regulación legal das dotacións públicas habemos de buscala na lexislación das diferentes Comunidades Autónomas, ao amparo do art. 148.1.3.^a da Constitución (A LEI 2500/1978).

As dotacións públicas atopan a súa regulación fundamental nos preceptos das leis relativos ao plan . Debendo de distinguir entre sistemas xerais ou dotacións públicas de carácter xeral e dotacións públicas locais.

1. Sistemas Xerais

As dotacións públicas de carácter xeral ou sistemas xerais defínense porque dan servizo e cumpren unhas funcións que abarcan máis dun ámbito de plan. Neste sentido ordenan estruturalmente a cidade, establecendo zonas de espazos libres, equipamentos colectivos, infraestruturas como subministración, saneamento e depuración de augas, electricidade, alumado telecomunicacións e outros servizos que poidan establecerse. As dotacións que configuran a rede de sistemas xerais realízase desde o plan.

Podemos concluír que, a falta dunha definición xeral, o Texto Refundido da Lei de Solo, e aínda de forma illada e asistemática refírese a varios elementos fundamentais do concepto de sistemas xerais ou, por usar a súa nova terminoloxía, de redes xerais de servizos. Tales elementos son:

- a) A orixe da cesión obrigatoria do solo por parte dos particulares. A Lei establece claramente o deber de ceder os solo e ademais, o deber de correr cos gastos e coa execución das infraestruturas necesarias para a súa conexión.
- b) O destino a usos e finalidades que poden definirse como de interese xeral, na medida que serven á colectividade e están orientados a execución do modelo de cidade que pretende desenvolver o Plan. Entre estes usos a Lei cita, con carácter enunciativo, os seguintes:

Viarios, espazos libres e zonas verdes.

Infraestruturas de conexión coas redes de potabilización, subministración e depuración de auga e coas infraestruturas de transporte público que se requiran para unha mobilidade sustentable.

Á hora de analizar a definición dos sistemas xerais por parte da pléyade de disposicións autonómicas vixentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo atopámonos con que o tratamento que se dispensa a esta institución non é nin moito menos homoxéneo nin uniforme. Ademais das diverxencias na terminoloxía, existen notables diferenzas no que aos termos en que se definen os sistemas xerais ou redes públicas refírese. Da variedade lexislativa imos tentar esbozar un concepto. Os sistemas xerais son os usos característicos aos que se destina solo de titularidade pública, obtido normalmente pola Administración Pública a través de cesión directa dos titulares anteriores, relacionados co establecemento de infraestruturas ou a prestación de servizos que se caracterizan todos eles pola satisfacción de usos colectivos ou intereses xerais e, en definitiva, pola contribución esencial á definición e execución do *“modelo de cidade”* previsto no plan.

Os elementos básicos deste concepto son os seguintes:

- A) Titularidade pública. Non cabe dúbida de que os solo sobre os que se asintan os sistemas xerais son de titularidade pública. A titularidade pública dos solo non predetermina a natureza xurídica do solo en si, nin por suposto a natureza e mesmo a titularidade das instalacións que se executen sobre ese solo. A posibilidade de edificar elementos de natureza patrimonial sobre ou baixo o solo é pacíficamente admitida .

B) Obtención por ministerio da Lei. Os sistemas xerais caracterízanse igualmente porque o solo que se destina ao seu establecemento, execución e desenvolvemento é obtido por parte das Administracións Públicas titulares a través dos medios establecidos na Lei. Dentro destes, ocupa un lugar importante a cesión que a Lei prevé a favor das Administracións Públicas, e que constitúe un dos deberes básicos que conforman o estatuto da propiedade do chan. O art. 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo establece que o réxime urbanístico da propiedade do solo é estatutario e resulta da súa vinculación a concretos destinos, nos termos dispostos pola lexislación sobre ordenación territorial. Os propietarios de solo deben satisfacer concretos deberes para materializar os seus dereitos urbanísticos. O dereito a transformar o terreo, a realizar obras, a executar as previsións que lle recoñece o plan, a incorporar ao seu patrimonio o aproveitamento urbanístico, a exercer o *ius aedificandi*, etc, son dereitos que están supeditados ao cumprimento de determinados deberes urbanísticos. FORTES LÓPEZ di que as cesións obrigatorias fundaméntanse nunha sólida convicción que deriva de dúas ideas básicas: a necesidade de que a asignación do beneficio que outorga aos propietarios do chan teña algunha contrapartida e atope unha xustificación e, doutra banda, a conveniente obtención dos recursos mínimos para satisfacer as obrigacións e servizos públicos que a urbanización xera. Atopando o seu encaixe constitucional no art. 47, ao proclamar “*que a comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos*” e canalizar eses deberes e cesións como unha manifestación da función social da propiedade inmobiliaria, segundo establece o art. 33 CE (A LEI 2500/1978).

Estas cesións obrigatorias integran o estatuto básico da propiedade inmobiliaria e, en consecuencia, a súa regulación é competencia do lexislador estatal, que con fundamento no art. 149.1.1 da Constitución debe preservar a igualdade no exercicio dos dereitos. O Tribunal Constitucional na Sentenza 61/1997, de 20 de marzo (A LEI 9921/1997) lembrou esta afirmación.

O Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo, no seu art. 16 precisa as cesións obrigatorias de maneira esencial ao establecer os deberes que implican as actuacións de urbanización ou de dotación.

Esta cesión ten á súa vez tres caracteres fundamentais: é directa, obrigatoria e gratuíta. O deber de cesión convértese, así, nun das canles a cuxo través materialízase o principio de participación da comunidade nas plusvalías. Xunto á cesión existen outras formas de obter os terreos que se destinarán á execución e establecemento de sistemas xerais, como son a ocupación directa, a permuta de terreos ou de aproveitamento ou, mesmo, a expropiación.

Entrando xa no análise concreto da normativa autonómica primeiro debemos facer unha definición de dotación pública e sistema xeral, definición que se establece no artigo 165 no que se establece que; “*Definicións.*

1. *Enténdese por terreos destinados a dotacións públicas os de titularidade do municipio ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma que tenden a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo o carácter de bens de dominio público.*

2. *Son terreos de sistemas xerais os dotacionais públicos que están deseñados ou previstos para o servizo da totalidade do municipio e, en especial, para implantar as infraestruturas básicas do modelo de cidade.*

3. *Non terán o carácter de sistemas xerais os terreos, instalacións e infraestruturas de titularidade estatal ou autonómica de carácter supramunicipal que non estean contemplados no plan xeral, e cuxa vocación exceda do servizo ao municipio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.*

4. *Son terreos destinados a dotacións locais os dotacionais públicos de titularidade do municipio, que están deseñados ou previstos predominantemente para o servizo do polígono ou sector, no seu caso.”* Así a vista deste artigo no suposto que nos ocupa estaríamos ante unha dotación local, aínda que este tipo de cuestión sería máis adecuado que fosen concretadas por un Informe Técnico. Por o que respecta os modos de adquisición de terreos para dotacións públicas se establecen con carácter xeral no artigo 167 que regula o que segue; “*Obtención de terreos destinados a dotacións locais.*

1. *Os terreos destinados polo plan a dotacións locais en chan urbano consolidado obtéranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do chan.*

2. *Os terreos destinados a dotacións locais en chan urbano non consolidado e en chan urbanizable obtéranse mediante cesión obrigatoria e gratuíta a través do sistema de actuación que se adopte ou por expropiación, ocupación directa ou permuta forzosa.*

A obrigación de cesión gratuíta dos terreos destinados a dotacións de carácter local inclúe tamén a súa urbanización, á conta dos propietarios incluídos no correspondente polígono.” Así se establecen con carácter xeral tres sistemas; convenio, expropiación ou permuta forzosa. No caso que nos ocupa esta modificación do ancho do vial ata 8,50 m, non está contemplada no PXOM do Concello, dado que nos planos 4.1 e 4.2 do PXOM actual se define un ancho de vial de 12 m.

Neste senso debemos de ter en conta que que a xurisprudencia do TS ven esixindo con carácter xeral que previamente a expropiación dos terreos necesarios para dotacións públicas estas estean contempladas no Plán, e que a LOUGA non establece unha diferenciación en canto a esixencia de previsión de destino no Plan para os supostos que se adquiran estes terreos por Convenio, ou por expropiación ou permuta.

Esta conclusión é lóxica dende o punto de vista da conceptualización do Plán coma previsión, coma debuxo do que se quere que sexa unha cidade, coma modelo, concepto en consonancia con a definición global de ordenación do territorio, así o artigo 52. da LOUGA fai as seguintes; *Consideracións xerais.*

1. Os plans xerais de ordenación municipal, como **instrumentos urbanísticos de ordenación integral**, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o chan para o establecemento do réxime xurídico correspondente, **definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.**

2. O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que nos mesmos determiníense e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.

3. Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de repartición, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da Comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.” De feito no artigo 56 da LOUGA xa se establecen as determinacións que deberá conter os PXOM no núcleo rural, entre as que se fixan as seguintes; “Artigo 56. Determinacións en chan de núcleo rural.

1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a ordenación detallada dos núcleos rurais e, para ese efecto, incluírán as seguintes determinacións:

Delimitación do seu perímetro.

No seu caso, emprazamento reservado para dotacións e equipamentos, sinalando o seu carácter público ou privado.

Trazado da rede viaria pública e sinalización de aliñacións.

Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como das características estéticas da edificación e da súa contorna.

Previsión das áreas dos núcleos rurais nos que se contemple a realización de actuacións de carácter integral, nese caso deberá delimitar os correspondentes polígonos e garantir a integración da actuación coa morfoloxía, os servizos e as características do tipo básico ao que pertenza o núcleo en que se insira, sen que a densidade máxima da actuación integral poida superar as vinte e cinco vivendas por hectárea. En ningún caso poderán preverse actuacións integrais nos núcleos histórico-tradicionais, nin na parte delimitada como tal nos núcleos rurais complexos.

Cantas outras resulten convenientes para a ordenación e mellora do núcleo e salvagárdaa das canles naturais e as redes de camiños rurais, así como para a conservación e recuperación da morfoloxía dos núcleos histórico-tradicionais e da súa estrutura parcelaria histórica e os seus usos tradicionais.

Fixación dos indicadores que deban dar lugar á necesidade de redactar un plan especial de ordenación dun núcleo rural para facer fronte á complexidade urbanística sobrevinda no mesmo.”

Así na opinión destes informantes con carácter previo a tramitación e sinatura deste Convenio se debería proceder ou ben, a tramitación dunha modificación puntual do PXOM que recollese a modificación da rede viaria así coma na aliñación vixente na actualidade, así coma a planimetría da mesma e os terreos afectados por esta modificación da aliñación, ou por outra banda aproveitar o procedemento de revisión do plán, para introducir estas modificacións. Do contrario se estaría mensocabando o réxime xurídico dos convenios de xestión dado que tal e como enunciabamos a principio deste Informe cando definíamos os convenios de xestión como; “**Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limitíense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan.**”

Por tanto, por moi loable que poida ser o querer mellorar unha dotación pública mediante a ampliación ou reforma da mesma para uso e disfrute dos veciños, tamén debemos ter en conta que a ordenación do territorio e primeiro planificación e posteriormente execución e non o revés, a execución de proxectos de obras que supoñen unha alteración do plán e posteriormente tratar de legalizar a través do instrumento de planeamento correspondente”

Segundo o informe emitido pola arquitecto municipal de 28 de marzo de 2011, o ancho actual definido para o vial no PXOM é de 12 m (consideración técnica 3.) e nas propostas de convenio é de 8,50 m.

A salvo erro ou omisión involuntaria, o a aprobación do proxecto de obras no levou consigo a declaración de utilidade pública das actuacións nel contempladas.

Polo que para as funcionarias que subscriben este informe seguen a mater vixencia as consideracións realizadas no informe de 5 de maio anteriormente transcritas: ou se modificaba previamente o PXOM, de acordo cos arts. 93 e 94 LOUGA (opción rexeitada pola corporación) para lexitimar a adquisición dos terreos con destino a viario co ancho descrito ou o suposto habitador existente tería que consistir, a través dalgún dos sistemas sinalados no art. 167.1º LOUGA, na ampliación do viario ate os 12 m recollidos no planeamento xeral, xa que como indica a arquitecto municipal e posteriormente intervención e secretaría, as determinacións contidas no anteprojecto de planeamento teñen o carácter de mera previsión, debendo ser obxecto de dous convenios diferenciados, un de planeamento con modificación do ancho e alineacións do viario no seu caso, e outro posterior de xestión.

8. En relación as consideracións igualmente realizadas sobre a dispoñibilidade dos terreos e os requisitos previstos na lexislación contractual aplicable, seguen a manter igualmente vixencia as consideracións realizadas por intervención e secretaría no seu informe de 5 de maio de 2011 ás que nos remitidos e se transcribe de seguido:

"... 2.- Do cumprimento do requisito da dispoñibilidade de terreos necesarios para a execución dun proxecto de obras .

Neste senso resulta clarificadora o Informe 13/2009, de 25 de setembro de 2009 , emitido por a Xunta Consultiva de Contratación , que resulta clarificador no tocante a esta cuestión . Neste Informe a Xunta consultiva de contratación afirma o seguinte; “ *A consulta exposta polo Alcalde de Benicásim (Castellón) desexa coñecer cando debe esixirse o requisito de dispoñibilidade dos terreos a que se refiren os artigos 110.2 do á Lei de Contratos do Sector Público e 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas así como se tal requisito pode ser acreditado mediante unha cesión dos terreos necesarios para a execución do contrato de obra correspondente realizada en documento privado e, consecuentemente sen constancia en documento oficial establecido pola normativa directamente aplicable, todo iso para axilizar os trámites necesarios para a preparación e aprobación do expediente de contratación.*

Unha das características do contrato de obras é que as mesmas se executen nunha ben propiedade do órgano de contratación. A tal fin a Lei de Contratos do Sector Público no seu artigo 110.1 dispón que aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, que será requisito indispensable para a adxudicación en todos os procedementos, sinalando o apartado 2 a excepción referida a tal requisito nos expedientes de contratación referentes a obras de infraestruturas hidráulicas, de transporte e de estradas, nos que se dispensará do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos. Respecto dos casos de cesión de terreos ou locais o apartado 3 esixe que tales cesións se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar a dispoñibilidade dos terreos, a achega dos acordos de cesión e aceptación polos órganos competentes.

3. A dispoñibilidade dos terreos como documento incorporado ao reformulo do proxecto, trámite que se verifica novamente no acto de comprobación de reformulo, regulado no artigo 212 da Lei e no artigo 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ten por finalidade garantir que o órgano de contratación dispón efectivamente dos terreos sobre os que se executarán as obras tanto en canto refírese á instrumentación do expediente como respecto da posición que o contratista asume no contrato, configurándose como sinalamos por tal motivo como un requisito básico do contrato de obras.

4. A dispoñibilidade dos terreos acredítase mediante o documento de titularidade do mesmo con expresión da súa libre disposición previo cumprimento, respecto das Entidades locais, das disposicións establecidas ao efecto no Regulamento de bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, das que cabe destacar a obrigatoriedade de inscrición do ben no Rexistro da Propiedade e a incorporación ao inventario dos bens e dereitos da Entidade local.

En canto ao que se refire á cesión dos bens ao Concello cabe precisar que só están excluídos de cumprir os requisitos de orde xeral cando tal cesión foi efectuada por unha Entidade pública, o que segundo se deduce da consulta recibida non é o caso.

Establecidos tales requisitos, as normas reguladoras han de cumprirse no sentido que son promulgadas e das que cabe concluir que non se aprecia a posible excepción de cumprimento da regra establecida, debendo en consecuencia o Concello acreditar a dispoñibilidade dos terreos no momento de reformulo do proxecto, sen poder demorar tal acreditación ao momento en que se formalice a anunciada permuta.”

Esta cuestión non é un tema baladí , tanto en cuanto , tal e como enunciabamos o comezo do noso Informe , este proxecto de obras xa foi aprobado e adxudicado estando a obra en curso de execución. Por tanto , cobra importancia o tema anteriormente mencionado acerca de si os terreos que se tratan de obter son necesarios para a execución deste proxecto , tal e como se anuncia na cláusula primeira deste Convenio, ou ben no proxecto aprobado para as obras de humanización, os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte o vial tal e como se establece no Informe Técnico asinado por a Arquitecta Municipal con data 28 de marzo de 2011.

No caso de que efectivamente estes terreos estivesen contemplados no proxecto de humanización que foi aprobado, adxudicado e está en curso de execución , se estaría incumplindo o apartado 1 do artigo 110 da Lei de Contratos do Sector Público, toda vez que se agora estes terreos van a ser obxecto de cesión , evidentemente aínda non están inscritos no Rexistro da Propiedade deste Concello , e por tanto aínda non se ten a dispoñibilidade sobre os mesmos....”.

Cabe lembrar que o art. 233.3º LOUGA sanciona cun vicio de nulidade de pleno dereito todas aquelas estipulacións convencionais que supoñan o incumprimento da normativa, non so a urbanística senon igualmente a contractual aplicable as administracións públicas.

9. A execución dos compromisos vinculados aos aspectos de convenio de xestión urbanística suporán para o concello a realización de prestacións en especie definidas nos antecedentes de feito do presente informe por un total de 6.698,05 euros.

Obra nos expedientes informes do enxeñeiro municipal no que se xustifica que o valor de ditas prestacións non supera o importe da valoración dos terreos.

A elo debe engadirse a indemnización fixada como incumprimento polo concello dos compromisos vinculados á alteración do PXOM cuantificados na cláusula terceira das propostas de convenio en 11.287,22 euros (3.001,75, exp. 53/12; 7158,53 euros, exp. 54/12 y 1.126,94 euros exp. 55/12) e os custes de elevar a escritura pública a cesión dos terreos e o pago dos

tributos derivados das operacións.

Tendo en conta a tramitación previamente levada a cabo de dous convenios urbanísticos anteriores con motivo da execución das referidas obras nos que se contemplaban compromisos de investimento a favor dos interesados afectados por importe de 24.647,60 euros e que actualmente o crédito existente para afrontar este tipo de gastos na aplicación 453.60900 onde se procedeu a contabilizar o compromiso de gasto derivado do investimento adxudicado á empresa Sercoysa, Proyectos y Obras, S.A., "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon e rúa Convento" existe crédito retido actualmente polo importe correspondente á baixa menos o exceso de obra executada, recollida na certificación final, 18.014,99 euros que pertence na porcentaxe do 63,8 % á subvención outorgada polo Ministerio de Cultura para a realización do investimento mencionado (11.493,56 euros) e na porcentaxe de 36,2 % a un préstamo para financiar o investimento solicitado no exercizo 2010 (6.521,43 euros), polo que **únicamente podería dispoñerse do importe financiado con cargo ao préstamo solicitado polo concello, é decir, 6.521,43 euros para a totalidade dos convenios xa tramitados e por tramitar.**

Á marxe do cuestionamento xurídico da licenza de segregación correspondente aos terreos a adquirir, cabe destacar que a lexislación urbanística galega non contempla unha regulación específica sobre as consecuencias que xenera o incumprimento das estipulacións dos convenios urbanísticos, sendo necesario distinguir segundo se trate de convenios de planeamento ou de xestión urbanística.

Respecto dos convenios de planeamento, a xurisprudencia nega a existencia de responsabilidade patrimonial nos termos dos arts. 139 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao considerar que non hai dano provocado polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos (STS de 3 de abril de 2001, rec. nº 8856/1996; STS de 17 de novembro de 2003, rec. nº 1827/2001; STSJ de Canarias de 9 de xullo de 2006, rec. nº 402/2003; STS de 27 de decembro de 2005, rec. Nº 4875/2002.) nin da regulada no Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, por entender que as meras expectativas urbanísticas derivadas de convenio non son susceptibles de xenerar indemnización ningunha, polo que é necesario que se produza unha perda do aproveitamento previamente patrimonializado polo cumprimento dos deberes de cesión, urbanización e equidistribución (STS de 5 de xaneiro de 1990; STS de 28 de setembro de 1993; STS de 18 de outubro de 1993; STS de 7 de decembro de 1994; STS de 11 de febreiro de 1995; STS de 9 de decembro de 1997; STS de 27 de febreiro de 1999; STS de 12 de abril de 2006, rec. nº 228/2003; STS de 2 de novembro de 2006, rec. nº 3307/2003; STS de 12 de decembro de 2007, rec. nº 2911/2005; STSJ de Valencia de 30 de xaneiro de 2007, rec. nº 1873/2004; STSJ de Santa Cruz de Tenerife de 20 de novembro de 2006, rec. Nº 1294/2003).

Desta forma a construción doutrinal do incumprimento realízase pola consideración do convenio urbanístico como contrato, no que se pacte unha indemnización dos danos e prexuízos que o incumprimento pola Administración poda causar ao particular ou repoñer a éste na situación xurídica anterior. Máis para elo debería ser acreditado o incumprimento culpable da Administración na tramitación da modificación do planeamento ou a súa manifesta ilegalidade ao que debe engadirse que os terreos que como tipo de "prestación anticipada" se ceden polos interesados, serán obxecto de contraprestación en especie. Esta debe ser a xuízo desta intervención e secretaría o réxime aplicable igualmente para o incumprimento das cláusulas propias do convenio de xestión.

En razón as consideracións realizadas, infórmase desfavorablemente a proposta de convenio urbanístico de planeamento e xestión entre o Concello de Poio e Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva, D. José Antonio Castro Debén e a súa esposa Dña. María Angeles Caldas Castiñeira; D. José Manuel Otero Pena e a súa esposa Dña. Flora Isabel Penala González, con motivo da execución das obras "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon".

10. En canto á tramitación dos convenios, deberá seguir as regras marcadas no artigo 237 LOUGA:

- Subscrición inicial entre as partes (fase xa realizada).

- Información pública por un período mínimo de 20 días mediante a inserción de anuncio no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

- Redacción de proposta de texto definitivo dando conta ás persoas coas que se teña negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.

- Ratificación polo órgano competente e sinatura dentro dos 15 días seguintes á notificación da probación do texto definitivo.

É órgano competente para a tramitación de convenio de planeamento, tanto inicial como para a súa ratificación posterior (artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local, o Pleno e de forma contraria, o alcalde, ou por delegación efectuada por Decreto de 30 de xuño de 2011 na Xunta de Goberno Local, éste último órgano colexiado.

Ase mesmo, deberá observarse o contido do artigo 70 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, introducido pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 30 de xuño, poñendo a disposición dos cidadáns que así o soliciten, exemplares dos convenios urbanísticos que se formalicen. ”

A Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada o 03 de xullo de 2012 informou favorablemente dito convenio e que se sigan os trámites que indica a Secretaria e Interventora no seu informe.

Con data 10/07/2012 deuse conta á Comisión Informativa de Urbanismo do **informe emitido pola secretaria e pola interventora acctal do Concello o día 04/07/2012 e que di o que segue:** “Asunto: Rectificación informe emitido con data 03/7/2012 en canto á existencia de crédito dispoñible emitido pola Interventora Acctal, M^a. Dolores Sartal Alvariñas e a Secretaria do Concello, Paula Ramos Díaz, con respectos a:

Asunto: convenio urbanístico de planeamento e xestión

Situación: rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon; parcela nº 9 (exp. 53/12); parcela nº 11, 12 e 13 (exp. 54/12) e parcela nº 5 (exp. 55/12).

Interesado/a: José Manuel Otero Pena e Flora Isabel Penela González; José Castro de Ben e M^a Ángeles Caldas Castiñeira; Jaime Acuña González e Dolores Martínez Villanueva

Expedientes: 53/12, 54/12 e 55/12.

Advertido erro no informe emitido con data 02/07/2012 en canto á existencia de crédito municipal para afrontar os investimento propostos nos convenios de referencia, na aplicación 453.60900, onde se contabilizou o compromiso de gasto derivado do investimento adxudicado á empresa Sercoysa proyectos e obras, S.A. “humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon e Rúa Convento”, informamos que existe crédito retido actualmente polo importe correspondente á baixa menos o exceso de obra executada e recollida na certificación final, de 18.014,99 euros, dos que 480,51€ pertencen á subvención outorgada polo Ministerio de Cultura (65% do custo de realización do investimento mencionado), e 17.534,48 euros pertencen a un préstamo para financiar o investimento solicitado no exercizo 2010, polo que únicamente podería dispoñerse do importe financiado con cargo ao préstamo solicitado polo Concello, é dicir, 17.534,48€ euros para a totalidade dos convenios xa tramitados e por tramitar.”

Non suscitándose debate ningún por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á subscripción inicial do Convenio Urbanístico de xestión e planeamento entre o concello de Poio e D. Jaime Acuña González e D^a. Dolores Martínez Villanueva para a execución da obra de Humanización da rúa Fernando Gonzalo de la Mora y Mon asinado con data 3 de xuño de 2011.

Segundo: Someter o expediente á información pública por un período mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Terceiro: Unha vez sometido á información pública proceder á redacción de proposta de texto definitivo dando conta ás persoas coas que se teña negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.

Cuarto: Ratificación polo órgano competente e sinatura dentro dos 15 días seguintes á notificación da probación do texto definitivo.

Quinto: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3715.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2011.- Sometido a votación a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por 10 votos a favor (8 BNG e 2 POSE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha de conformidade co disposto no artigo 87 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta polo Secretaria presente na sesión do expediente formado pola Intervención Municipal co motivo da aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2011 e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gober nación e Contas de data 19 de xuño de 2012 na que se acordou ditaminar favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2011 e someter o expediente á información pública polo prazo de 15 días durante os que e oito máis os interesados poderán interpoñer ou presentar reclamacións, reparos ou observación.

Con data 25 de xuño de 2012 publicouse o devandito anuncio do Boletín Oficial da provincia número 121, non presentándose alegación ningunha de conformidade coa certificación emitida pola Secretaria Xeral de data 24 de xullo de 2012.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2011 debendo de dat conta ao Tribunal de Contas antes do 15 de outubro de conformidade co establecido no artigo 212.5 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3716.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE POIO, PARA A CESIÓN DE DÚAS VIVENDAS, FINCA E EDIFICACIÓNS ANEXAS NO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DE CHABOLISMO.- Sometido á votación á inclusión do presente expediente na orde do día por non ser ditaminado previamente por Comisión informativa ningunha de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais este queda aprobado polo voto a favor dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

Dáse do expediente tramitado e do acordo número 3696 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2012 no que se acordou Iniciar os trámites establecidas no artigo 110 do Real decreto legislativo 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

Consta no expediente proposta do Alcalde de data 30 de xullo de 2012 e que di o que segue; “Con data 1 de febreiro de 2008 e mediante escritura pública número 240 da notaría de D. Luis Darrieux de Ben o Concello de Poio adquiriu unha finca sit na parroquia de Santa María de Caritel sinalada co número 80 do Ermo Municipal de Pontecaldelas con destino ao realoxamento de poboación dentro do programa de erradicación do chabolismo, mediante contrato de aluguer e así dar cumprimento ao convenio de colaboración asinado con data 26 de novembro de 2007 entre o concello de Poio e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Mediante sentenza do Xulgado contencioso administrativo número 2 de Pontevedra declárase nulo o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se adxudican as vivendas sitas no lugar de Caritel, sentenza ratificada polo fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 22 de xullo de 2010, polo que as vivendas non poderán ser utilizadas polo Concello de Poio para a finalidade prevista no convenio asinado e anteriormente mencionado, polo que ante a imposibilidade do Concello de Poio de darlle uso ás citadas vivendas e o interese do IGVS en acceder á titularidade das citadas vivendas para o desenvolvemento das súas competencias en materia de erradicación do chabolismo e acceso á vivenda digna en colectivos de exclusión social.

Polo anteriormente descrito e de conformidade co acordo adoptado polo Pleno desta Corporación de data 26 de xuño de 2012 na que se acordou iniciar os trámites establecidos no artigo 110 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais e unha vez incorporado ao mesmo a seguinte documentación: nota simple emitida polo Rexistro da Propiedade de Pontecaldelas no que se acredita que as fincas 9586, 9587 e 9588 atópanse debidamente inscritas a favor do Concello de Poio, Certificación emitida pola Secretaria Xeral de data 18 de xuño de 2012 na que se acredita que os bens obxecto do convenio atópanse debidamente inscritos no Inventario de bens, Informe da interventora accidental de data 24 de xullo de 2012 no que se pon de manifesto que segundo os datos que obran non consta que o IGVS teña débedas pendentes en período executivo con este Concello, propono ao Pleno desta Corporación a adopción dos seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á cesión gratuíta das fincas número 9586, 9587 e 9588 ao Instituto Galego da Vivenda e Solo con destino ao desenvolvemento das súas competencias en materia de erradicación do chabolismo e acceso á vivenda digna en colectivos de exclusión social.

Segundo: Someter o expediente á información pública durante o prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no BOP de Pontevedra.

Terceiro: De non formularse alegación ou reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase aprobado definitivamente.

Cuarto: Proceder á realización dos trámites correspondentes no Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

Quinto: Dar traslado do acordo adoptado ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.”

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto a favor dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou prestar aprobación á proposta da alcaldía reseñada nos seus propios termos adoptándose os seguintes acordos:

Primeiro: Prestar aprobación á cesión gratuíta das fincas número 9586, 9587 e 9588 ao Instituto Galego da Vivenda e Solo con destino ao desenvolvemento das súas competencias en materia de erradicación do chabolismo e acceso á vivenda digna en colectivos de exclusión social.

Segundo: Someter o expediente á información pública durante o prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no BOP de Pontevedra.

Terceiro: De non formularse alegación ou reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase aprobado definitivamente.

Cuarto: Proceder á realización dos trámites correspondentes no Inventario de Bens e Redeiros Municipais.

Quinto: Dar traslado do acordo adoptado ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3717.- MOCIÓN CONXUNTA CONTRA A REFORMA DO RÉXIME LOCAL E AS MEDIDAS ECONÓMICAS DO PP.- Sometido á votación á inclusión do presente expediente na orde do día por non ser ditaminado previamente por Comisión informativa ningunha de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais este queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura ao texto na moción presentada polo Gripo Municipal do BNG e o Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral o 27 de xullo de 2012, número 3757 sobre unha nova regulación do goberno e administración local e que di o que segue: “Dende a aprobación da Constitución de 1978, con acordo, diálogo e consenso construímos e consolidamos entre todos un estado democrática. Estes foron os principios polos que se acometeron as reformas que afectaban á estrutura institucional do Estado.

Durante este tempo pasamos por momentos difíciles nos que mesmo o noso modelo de convivencia democrática se puxo en xogo, afrontamos xuntos os efectos das crises económicas, e precisamente vencemos e superamos esas dificultades grazas aos esforzos de toda a cidadanía e da unidade dos grupos políticos.

Durante estes 32 anos de Concellos democráticos, o ámbito local foi un exemplo de como se pode gobernar, defendendo os intereses dos veciños, xuntando vontades políticas, buscando a colaboración e a cooperación e os resultados foron visibles no progreso dos nosos pobos e cidades.

A autonomía local foi un referente avalado pola Constitución e pola Carta Europea como garantía de democracia, de cohesión social e da articulación dun país, historicamente desigual no social e no económico.

Entre todos deseñamos un modelo local capaz de dar máis e mellores servizos aos cidadáns, conformamos entidades locais que son exemplo de participación, de convivencia e de solidariedade, contribuíndo a garantir a cohesión social en todo o territorio a través da xestión de servizos e prestacións no ámbito local, dende a proximidade e a solidariedade.

Dende a súa creación a Federación Española de Municipios e Provincias – FEMP, e mesmo a Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP, consolidáronse como lugar de encontro, entendemento e consenso de todos aqueles que por principios e vocación se senten municipalistas, mantendo como obxectivo o fomento e defensa da autonomía das Entidades Locais.

Os Concellos non son responsables do déficit do Estado. Nin no seu conxunto, nin nas Administracións Públicas. Pódense aportar as cifras e a porcentaxe sobre o total de endebedamento.

Mesmo se chega a criminalizar aos concellos como responsables últimos dunha crise da que eles pouco ou nada teñen que ver. Durante as últimas semanas difúndense dende a dereita política e mediática múltiples e diversas opinións ou declaracións que semellan poñer en dúbida o bo e correcto funcionamento dos Concellos e o traballo que día a día, e na inmensa maioría das ocasións sen recibir remuneración algunha, miles de Alcaldes/esas e concelleiros/as fan nos seus pobos e cidades.

Un traballo municipal e veciñal dun incalculable valor se observamos o servizo que prestan aos cidadáns, servizos que non se poden avaliar empiricamente, servizos cuxo principal valor está en que se prestan porque a proximidade aos cidadáns lles permite coñecer e dar axeitada resposta aos seus problemas.

A cidadanía, nas urnas, co seu voto, axuíza o labor dos seus Alcaldes, das súas Casas do Concello, ten nas súas mans decidir o goberno do seu pobo ou cidade, elixir ós homes e mulleres que deben tomar as decisións sobre a xestión dos servizos públicos prestados, sobre o investimento e sobre a execución de infraestruturas municipais.

A cidadanía ten nas súas mans decidir se os que toman as decisións deben seguir facéndoo: a esixencia dos cidadáns de maior ética e transparencia aos representantes políticos debe ser contestada axeitadamente para así facer fronte aos ataques que dende posicións interesadas e con intereses espurios se está a facer da política e da democracia local.

Compartimos que as leis que regulan o ámbito local necesitan dunha revisión que aborde a repartición de competencias, o financiamento, as retribucións dos Alcaldes e Concelleiros (as daqueles que as reciben), a simplificación administrativa, as funcións das entidades locais intermedias e avanzar na transparencia e a participación cidadá.

Como sinala a Comisión Executiva da FEGAMP, no seu acordo de 18 de xullo deste ano, a nova regulación estatal debe solucionar os problemas do municipalismo en Galicia, onde a necesidade dun cambio de financiamento, tendo en conta a dispersión poboacional, é fundamental.

Ademais, esta nova regulación estatal debe respectar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en xestión e ordenación da Administración Local, así como os principios contidos na Carta Europea de Administración Local ratificada por España no 1988.

Polas nosas conviccións democráticas, por respecto e coherencia á nosa historia compartida durante estes anos e sen

dúbida polos veciños aos que representamos, este traballo débemolo facer dende o diálogo e dende o consenso para garantir que os nosos concellos poidan seguir prestando os servizos que esperan de nós os cidadáns e para garantir a democracia do noso país.

Por iso, os grupo municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**

1. Reafirmar a importancia das entidades locais que nunha realidade tan complexa, diversa e difícil, están a contribuír de forma inequívoca a vertebrar o territorio, contribuír á cohesión social, e prestar servizos esenciais e básicos, descentralizados e de proximidade para todos.

2. Rexeitar calquera reforma da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei Electoral (LOREG) que veñan a limitar a autonomía municipal, recoñecida pola Constitución, e que pretenda restar capacidade de decisión á cidadanía sobre a administración local e os seus representantes.

3. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.

4. Defender unha reforma do Réxime Local que xurda do debate político coas Corporacións Locais e do consenso que presidiu a vixente lexislación. Os Concellos teñen persoalidade xurídica plena e son gobernados e administrados polas Corporacións (artigo 140 da Constitución Española). Non cabe expropiación das súas competencias en favor doutras institucións.

5. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.

6. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.

7. Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno de España, ao Goberno da Xunta de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso e do e do Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP.”

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG a Sra. Silvia Díaz Iglesias a que explica a motivación pola que presentan a moción para o seu debate en pleno xa que o que se pretende coas novas medidas que se están a adoptar polo goberno central é mermar ás corporacións locais coa invasión de competencias.

A Sra. Besada Lores di que o Grupo Municipal Socialista está totalmente en contra das novas medidas que se están a adoptar e considéranas un ataque frontal á democracia, era visto que se ían adoptar medidas, pero nunca me imaxinei que se chegara a estes extremos co recorte de dereitos adquiridos. Estamos de acordo en que hai que facer reformar, pero sempre dunha forma consensuada pero falando sempre cos sectores implicados. E cando pedimos a supresión das deputación pedimos todas, non soamente nas que goberna o PP.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, o Sr. Ángel Moldes Martínez manifesta que se lles gustaría que desde a FEGAMP e a FEMP se regulase a normativa das administracións locais e se posicione.

O Sr. Martínez Blanco di que se regula a FEGAMP e a FEMP sería o mesmo que agora xa que neste momento están presididas polo PP, con isto o único que se pretende é volver a un centralismo, pretenden eliminar aos concellos e para iso estanllando máis importancia e traslado de competencias ás deputacións.

Para realmente reducir gastos, debíades empezar pola eliminación dos centos de empresas públicas que existen, e que non son necesarias, que ademais o persoal que está ao fronte cobra soldos desorbitantes e que non pasan un proceso selectivo ningún, coma nas administracións onde o seu salario ven determinado por lei e así se recorta tamén por lei, pódese consultar calquera cidadá, non sucede o mesmo co soldo destes empregados das empresas públicas. A proposta do PP de redución dun 30% é unha medida demagóxica. O que hai que facer e empezar pola supresión das deputacións e empresas públicas, xa que os concellos é a administración máis preto aos cidadáns.

O Sr. Moldes Martínez di que nestes sete meses que levan gobernando xa fixeron recortes en empresas públicas.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que na actualidade as Deputacións non serven para nada, non ofrecen ningún servizo directo e non recadan nada. Trátase dun aparato caciquil no que se gasta millóns de euros . O que ten que facer o goberno é gobernar e non facer seguidismo alemán.

Unha vez rematada a quenda de intervencións e sometida a votación os acordos da moción estes quedan aprobados por

10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOR), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Reafirmar a importancia das entidades locais que nunha realidade tan complexa, diversa e difícil, están a contribuír de forma inequívoca a vertebrar o territorio, contribuír á cohesión social, e prestar servizos esenciais e básicos, descentralizados e de proximidade para todos.

Segundo: Rexeitar calquera reforma da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei Electoral (LOREG) que veñan a limitar a autonomía municipal, recoñecida pola Constitución, e que pretenda restar capacidade de decisión á cidadanía sobre a administración local e os seus representantes.

Terceiro: Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.

Cuarto: Defender unha reforma do Réxime Local que xurda do debate político coas Corporacións Locais e do consenso que presidiu a vixente lexislación. Os Concellos teñen persoalidade xurídica plena e son gobernados e administrados polas Corporacións (artigo 140 da Constitución Española). Non cabe expropiación das súas competencias en favor doutras institucións.

Quinto: Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.

Sexto: Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.

Sétimo: Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno de España, ao Goberno da Xunta de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP.

MOCIONES URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

3718.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PSOE E PP POLA QUE SE REXEITA A NOVA UBICACIÓN DE EDAR-POIO PROPOSTA POR AUGAS DE GALICIA.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación pola Secretaria presente na sesión do escrito de data 31 de xullo de 2012 e que di textualmente: “D^a. Consuelo Besada Lore, voceira do PSOE, D^a. Silvia Díaz Iglesias, voceira do BNG e D. Ángel Moldes Martínez voceiro do PP na corporación que vostede preside, presentan a moción para o seu debate en Pleno EXPOSICIÓN DE MOTIVOS tendo coñecemento de que Augas de Galicia iniciou os traballos preliminares para a redacción dun proxecto de EDAR que se pretende instalar no entorno da Praia do laño, os grupos políticos do PP, PSOE e BNG de Poio, atendendo ás valoracións de carácter medio ambiental e social, consideramos que unha infraestrutura deste tipo vai ter unha incidencia moi negativa sobre este lugar que con dúas praias e un paseo marítimo recién construído transformouse nun dos lugares de esparcemento con máis afluencia de veciños de Samieira.

Por todo o exposto, solicítase do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos: MOCIÓN

1º.- Rexeitar o lugar escollido para a instalación da Estación Depuradora de Augas Residuais para as parroquias de Raxó e Samieira, no entorno das praias do Laño e O Caeiro.

2º.- Instar a Augas de Galicia para que se estuden outras alternativas para situar a EDAR.”

Polo Sr. Alcalde procédese a explicar o contido da moción que ven a responder e apoiar ás peticións dos veciños e veciñas do lugar de Samieira, para rexeitar a ubicación da Estación Depuradora de Augas Residuais contemplada no proxecto que está a redactar Augas de Galicia.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a moción presentada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Rexeitar o lugar escollido para a instalación da Estación Depuradora de Augas Residuais para as parroquias de Raxó e Samieira, no entorno das praias do Laño e O Caeiro.

Segundo: Instar a Augas de Galicia para que se estuden outras alternativas para situar a EDAR.

3719.- PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMPROMISO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA AXENDA ESTRATÉXICA DE TAMBO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación do expediente polo que se tramita unha subvención para o desenvolvemento do proxecto Axenda Estratéxica para a Illa de Tambo que será financiado nun 70% por Fundación Biodiversidade e o 30% restante polos Grupos de Acción Costeira solicitando do Concello un compromiso de colaboración co Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra.

Pola Concelleira Delegada de Pesca e Marisqueo, a Sra. Consuelo Besada Lores explica que o compromiso do Concello basearíase principalmente na achega de documentación que poida existir no concello e que permita a realización dun inventario de riqueza marina e aérea, non supoñendo gasto ningún.

Non suscitándose debate ningún, o pleno da corporación polo voto a favor dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: O Concello de Poio, en colaboración co Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra, comprométese a colaborar no proxecto AXENDA ESTRATÉXICA PARA A ILLA DE TAMBO.

A entidade colaborará facilitando a información dispoñible sobre a Illa de Tambo. Nos seus arquivos e ademais participará nos foros de discusión sobre a Axenda Estratéxica para a Illa de Tambo.

3720.- URBANISMO, EXP. 63/12, RECTIFICACIÓN DE ERRO DE GRAFIADO DO PXOM DE CAMÑO EXISTENTE EN CASALVITO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación do expediente tramitado polo departamento de urbanismo e dos informes emitidos polos técnicos municipais e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecta Municipal e que di o que segue: “En relación á solicitude presentada por Vanessa M^a Irago Albar e José Manuel Gómez Valiñas de licenza de obra nun terreo situado en rúa Casalvito, de Casalvito, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

1. O obxecto da solicitude é a construción dunha vivenda unifamiliar, unha edificación auxiliar e unha piscina.
2. Achégase coa solicitude a seguinte documentación:

- proxecto básico redactado por espinosa & rodríguez architects projects managers, s.l.p., asinado por Antonio Espinosa Murías e Antonio Rodríguez Martín e visado polo COAG o 14/02/2012
- Xustificante de liquidación do imposto de plusvalía no ORAL
- Copia da escritura del pacto sucesorio de mellora coa entrega de bens a favor de Vanessa M^a Irago Albar, de 09/06/2011, rexistrada e que inclúe o certificado de medición da superficie real do terreo así como a certificación descritiva e gráfica
- Autorizacións de Deputación Provincial para acceso á parcela, edificación e cerramento, coas correspondentes prórrogas

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Logo de examinar o proxecto e demais documentación presentados, resulta o seguinte:

- Segundo o plano 0.7 de ordenación xeral do PXOM, o terreo está clasificado como solo de núcleo rural mixto (SNR M) e cualificado como Ordenanza 6, de vivenda unifamiliar en núcleo rural.

Segundo o réxime transitorio da LOUG, as condicións do solo de núcleo rural en planeamentos adaptados á Lei 1/1997, serán as establecidas na Disposición Transitoria Primeira apartado e) da LOUG (última redacción da Lei 2/2010, do 25 de marzo), sen prexuízo das maiores limitacións establecidas no planeamento vixente.

- Respecto dos aliñamentos, a Ordenanza 6 do PXOM establece o aliñamento de viais en solo de núcleo rural a 4m do eixo do vial ao que dea fronte o terreo. A superficie de cesión para ampliación de vial é a resultante do replanteo do aliñamento sobre o terreo.

No plano S02 do proxecto (visado o 14/02/2012), defínese o estado actual do terreo e a súa topografía. Neste plano indícase que o terreo ten fronte á estrada provincial EP 0604 C-550 Pereiro-Casalvito e a un camiño público municipal.

Logo de comprobar no plano 0.7 do PXOM, resulta que non aparece reflectido o camiño municipal.

Realízase unha comprobación nos planos 31-C e 32-C do catastro do 1956 e resulta que dito camiño corresponde co camiño que conectaba a estrada autonómica PO-308 co lugar de Pereiro. Con posterioridade, a apertura da estrada provincial EP 06/04 Casalvito- Pereiro cortou o camiño en dous tramos. Na actualidade, o primeiro tramo do camiño non aparece reflectido na súa totalidade na cartografía do PXOM. Reflicítese un tramo AB e non se reflicite o tramo BC.

Reflicítese sobre o plano catastral os tramos de camiño e sinálase o tramo B-C non grafitado na cartografía do PXOM vixente.

Sen prexuízo do informe que emita o enxeñeiro municipal ao respecto das características do camiño público, semella existir un erro gráfico no plano 0.7 de ordenación xeral do PXOM.

- Respecto da superficie de cesión para ampliación de viais definida no proxecto:

No plano S03 do proxecto (visado o 14/02/2012) sinálase o aliñamento a 4m do eixo definido na Ordenanza 6 do PXOM e o aliñamento definido por Deputación Provincial para cerramento. Cuantifícase a superficie de cesión para ampliacións de viais resultante do replanteo do aliñamento definido por Deputación Provincial e do aliñamento respecto do vial municipal.

No plano S04 do proxecto (visado o 14/02/2012) sinálase o aliñamento a 4m do eixo definido na Ordenanza 6 do PXOM e o aliñamento definido por Deputación Provincial para cerramento. Cuantifícase como superficie de cesión a superficie derivada do replanteo do aliñamento definido por Deputación Provincial.

Seguindo o criterio derivado dos informes da secretaria xeral e do asesor xurídico, ámbolos dous de 02/04/2012, ao respecto das cesións a viais que non son de titularidade municipal, de acordo coa Lei de Estradas de Galicia, debe de esixirse exclusivamente a cesión da superficie resultante do aliñamento oficial definido no PXOM, si ben o cerramento do terreo deberá de emprazarse na liña sinalada pola Administración titular da estrada, neste caso, Deputación Provincial.

Neste caso, debe de procederse a rectificar o plano S03 do proxecto de forma que se reflectan as superficies derivadas do criterio municipal. Si ben, faise constar que por oficio de Alcaldía de 11/07/2012 realizouse a consulta á Deputación Provincial de Pontevedra e solicitou pronunciamento expreso ao respecto do criterio municipal e, de estar conforme, se informe das condicións de urbanización aplicables aos terreos de titularidade provincial afectados.

Á data deste informe, non consta pronunciamento da administración provincial polo que parece prudente esperar a dito pronunciamento antes de esixir ao promotor a achega da documentación modificada.

- Respecto do obxecto do proxecto e o seu contido documental:

6. O obxecto é a construción dunha vivenda unifamiliar illada, unha edificación e unha piscina auxiliares a esta.

7. No plano UR2, defínese o cerramento de parcela de 2m de altura tendo en conta a rasante do vial de titularidade municipal. Ao respecto, o promotor debe de solicitar expresamente a licenza de obra para a construción do cerramento debendo xuntar coa solicitude o presuposto correspondente ou xustificación de que a execución material das obras están incluídas no presuposto xeral do proxecto.

8. O plano UR1 define a urbanización proposta para os viais. Ao respecto debe de pronunciarse o enxeñeiro municipal e, concretamente, a Deputación Provincial no que respecta ao terreo afectado pola estrada de titularidade provincial.

9. O proxecto básico está visado polo COAG o 14/02/2012 si ben o visado non é obrigatorio, en cumprimento do artigo 2º do Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

10. No proxecto básico xustifícase a normativa urbanística de aplicación. Respecto do cálculo dos parámetros, no proxecto calcúlase a partir da superficie neta de parcela resultante de descontarlle á superficie bruta a superficie de cesión. No caso de que se teña que rectificar o plano S03 de aliñamentos e cesións, deberá de recalcularse os parámetros edificatorios sobre a parcela neta resultante da modificación.

11. O proxecto básico cumpre coa documentación mínima esixida no Anexo I do Código Técnico de Edificación. Xustifica o documento básico DB-SI de seguridade contra incendios.

12. Contén estudo de xestión de residuos a nivel de proxecto básico, en cumprimento do RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

INFORME

Polo exposto, informo que, previamente á concesión da licenza, deberán de resolverse as seguintes cuestións:

– De ser procedente, rectificar o erro de grafiado detectado no plano 0.4 de ordenación xeral do PXOM, no que respecta ao tramo que conecta a PO-308 coa estrada EP 0604 C-550 Pereiro-Casalvito, xa que nos antecedentes catastrais (planos 31C e 32C de 1956) formaba parte do vial público que conectaba a estrada PO-308 co lugar de Pereiro

– Logo de recibir o pronunciamento expreso de Deputación Provincial ao respecto do criterio municipal en relación ás cesións e ás limitacións de propiedade derivadas da aplicación da Lei de estradas de Galicia e como resultado deste pronunciamento, deberá de esixirse ou non a modificación do plano S03 de cesións

– Respecto do proxecto básico presentado:

1. Se procedera a modificación do plano S03, no proxecto deberá de calcularse os parámetros urbanísticos da Ordenanza 6 tendo en conta a superficie neta de parcela que resulte de dita modificación

2. O promotor deberá de solicitar expresamente a licenza para o cerramento de parcela proposto no plano UR2, xuntando coa solicitude o correspondente presuposto ou indicando que a valoración da execución material das obras está incluída no presuposto xeral do proxecto (en que capítulo)

3. O proxecto de execución desenvolverá o proxecto básico presentado coas modificacións que deriven dos trámites previos á licenza anteriormente indicados

– Debe de remitirse á Deputación Provincial o plano UR1 para autorización previa da urbanización proposta para o vial de titularidade provincial”

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello e que di o que segue: “Visto o expediente de urbanismo nº 63/12, de Dña. Vanessa Mª Irago Albar e José Manuel Gómez Valiñas, que solicitan licenza de obra nun terreo sito en rúa Casalvito do lugar de Casalvito, rectificación do erro no Plan Xeral, e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, teño a ben informa-lo seguinte:

Primeiro.- Con data 19 de xullo de 2012, a arquitecto municipal emite informe sobre a licenza solicitada indicando no apartado 2 das consideracións técnicas o seguinte: “respecto dos aliñamentos, a ordenanza 6 do Plan Xeral establece o aliñamento de viais en solo de núcleo rural a 4 metros do eixo do vial ao que dea fronte o terreo. A superficie de cesión para ampliación de vial é a resultante do replanteo do aliñamento sobre o terreo.

No plano S02 do proxecto (visado o 14 de febreiro de 2012), defínese o estado actual do terreo e a súa topografía. Neste plano indícase que o terreo ten fronte á estrada provincial EP 0604 C – 550 Pereiro – Casalvito e a un camiño público municipal.

Logo de comprobar no plano 0.7 do Plan Xeral, resulta que non aparece reflectido o camiño municipal.

Realízase unha comprobación nos planos 31-C e 32-C do catastro do 1956 e resulta que dito camiño corresponde o camiño que conectaba a estrada autonómica PO – 308, co lugar de Pereiro. Con posterioridade, a apertura da estrada provincial EP 0604, Casalvito – Pereiro cortou o camiño en dous tramos. Na actualidade, o primeiro tramo do camiño non

aparece reflectido na súa totalidade na cartografía do Plan Xeral. Reflictese un tramo AB e non se reflicte o tramo BC. Reflictese sobre o plano catastral os tramos de camiño e sinálase o tramo BC non grafitado na cartografía do Plan Xeral vixente.

Sen perxuízo do informe que emita o enxeñeiro municipal ao respecto das características do camiño público, semella existir un erro gráfico no plano 0.7 de Ordenación General do Plan Xeral de Poio”.

Terminando o seu informe indicando, que previamente á concesión da licenza deberá resolverse as seguintes cuestións *“de ser procedente, rectificar o erro de grafado detectado no plano 0.4 de ordenación xeral do PXOM, no que respecta ao tramo que conecta a PO – 308 coa estrada EP 0604 C- 550 Pereiro – Casalvito, xa que nos antecedentes catastrais (planos 31C e 32C de 1956) formaba parte do vial público que conectaba a estrada PO – 308 co lugar de Pereiro”*.

Segundo.- O expediente deberá ser informado polo enxeñeiro municipal, no referente á consideración ou non como camiño público o tramo BC, que non aparece reflectido no Plan Xeral, indicando os servizos de que dispón o camiño, si se destina a uso público e si conecta ou non con outros camiños públicos.

Por todo isto, previamente á concesión ou non da licenza de obra solicitada e sen perxuízo do informe que emita o enxeñeiro municipal, e do que emita a Secretaría Xeral tendo en conta o informe da arquitecto municipal e que o tramo BC aparece xa identificado no catastro histórico do ano 1956, non incluíndose dito camiño por erro no Plan Xeral actualmente vixente, pode o pleno do Concello previo dictame da Comisión informativa de Urbanismo, aprobar por maioría absoluta a rectificación do erro existente no Plan Xeral, incluíndo no mesmo, como camiño de uso público e municipal o tramo BC indicado no informe da arquitecto municipal e cuio acordo deberá publicarse no BOP, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e non entrando en vigor o acordo que se adopte ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Igualmente o acordo que se adopte deberá notificarse á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Comunicándose igualmente o acordo que se adopte, co plano grafitado do camiño ó equipo redactor da revisión do Plan Xeral para que inclua o mesmo na revisión do Plan Xeral que se aprobe. ”

Informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello e que di o que segue: “INFORME

Antecedentes máis destacados

– Solicitud presentada con data 15 de marzo de 2012, número rexistro de entrada 1391, para a construción de vivenda unifamiliar aislada, edificación auxiliar e piscina á que se achega entre outra documentación, proxecto técnico redactado por espinosa & rodriguez arquitectos managers, s.l.p., visado polo COAG con data 14 de febreiro de 2012. Achegan copia da autorización concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra e da prórroga igualmente outorgada para liña de peche, sendo ámbas do exercizo 2011.

– Informe da arquitecto municipal de 19 de xullo de 2012.

– Con data 23 de xullo de 2012, número rexistro de entrada 3673, recíbese comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra na que se responde á consulta remitida por esta entidade o 13 de xullo de 2012, no que reoterando o criterio do asesor xurídico e de secretaría conclúese: “...Á vista do exposto conclúese que as limitacións á propiedade determinadas pola lexilación sectorial de estradas non supoñen título habilitante para que o Concello poida esixir dos particulares afectados a cesión dos terreos vinculados ás referidas limitacións...”.

Consideracións xurídicas

1. Conforme ao art. 2.2 PXOM e o artigo 10 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, están suxeitas ao deber de obter previa licenza, as obras de nova planta.

2. Segundo o plano de ordenación xeral O.7 a escala 1:5000, tal e como reflicte o informe técnico, a parcela sitúase nun área clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural mixto.

Para os efectos no art. 72.1º LOUGA e da necesidade de redactar e aprobar Plan Especial de ordenación do núcleo rural, non ten ordenación diferida polo PXOM máis non consta no expediente se segundo os indicadores marcados no apartado 1.5.3 da Normativa do PXOM concorre ou non indicador algún que esixa ou recomende a redacción do referido plan.

3. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio (BOP nº 193, de 6 de outubro de 2000, fórmase e apróbbase baixo a vixencia da Lei 1/1997, de 22 de marzo, do solo de Galicia.

En canto figura de planeamento non adaptada á vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e

protección do medio rural de Galicia, resultan aplicables as previsións establecidas na **disposición transitoria primeira apartado e)**, na redacción dada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Polo que en función da remisión efectuada polo apartado e) da disposición transitoria primeira, poderíase entender que no ámbito do solo de núcleo rural delimitado ao amparo da Lei 11/1985, rexerá a ordenación urbanística recollida no planeamento municipal en todo o que non se opoña ao réxime xenérico dos artigos 24 a 28 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, debendo respetar as especificacións marcadas en materia e **altura, superficie e ocupación en función do grado de consolidación**, e sen perxuízo das maiores limitacións establecidas pola normativa local en cuio caso, deberíanse aplicar estas últimas, tal e como acontece coa porcentaxe de ocupación en parcela fixada na Ordenanza 6 nun 35% . Non obstante de interpretarse motivadamente pola Xunta de Goberno Local que a porcentaxe de ocupación fixado na ordenanza municipal tan so aplica ás construcións principais, considera esta informante tal e como ven indicando de forma reiterada nos seus informes que en caso ningún no total da parcela poderase exceder por tanto do máximo de ocupación marcado na normativa autonómica que non discrimina entre construcións principais nin auxiliares como tampouco o fai ao longo desa normativa común para todo o solo de núcleo rural que conforman os citados arts 24 a 28 LOUGA, tan solo para os invernadeiros que se executen en solo de núcleo rural tradicional (art. 29.1º.h) LOUGA), e cando o fai (26.1º.c) ou 28.1º.a) e e) LOUGA) é para aplicar o mesmo réxime, a interpretación contraria, a xuízo desta informante, provocaría un efecto contrario ao marcado polo lexislador autonómico sen que a remisión á normativa municipal por ser máis restrictiva poda dar lugar, en base a unha excepcionalidade contemplada en planeamento non adaptado e polo tanto previo á LOUGA, a alterar as porcentaxes máximas comentadas.

Desta forma segundo esta secretaría, debe quedar acreditado no expediente que tendo en conta que na mesma parcela executarase piscina exterior e construción auxiliar, non se exceda da porcentaxe máxima de ocupación en parcela no sentido indicado.

4. En canto ao uso, o artigo 25.2º LOUGA establece como uso característico das edificacións en solo de núcleo rural, o residencial.

5. O informe técnico emitido pola arquitecto municipal platexa ademáis dúas cuestións:

a) A relativa ás cesións a realizar en base ao criterio polo asesor xurídico e esta secretaría sobre o alcance das denominadas limitacións á propiedade previstas na lexislación sectorial en materia de estradas. Desta forma e entre outros informábase con data 2 de abril de 2012 no expediente 309/11:

“... ”

Os artigos 29 a 39 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Carreteras de Galicia, regulan as denominadas "Limitacións da propiedade" definindo unha área de influencia na que se distinguen tres zonas (dominio público, servidume e afección) na que por razón do interese público presente e a súa protección determínanse unha serie de condicións e obrigas de necesario cumprimento polos propietarios afectados.

Máis ditos límites no acadan a xuízo desta informante o deber de cesión de superficie ningunha ni tan siquiera para a zona de dominio público na que pese ao seu destino, será a administración titular, no presente expediente, a Xunta de Galicia, a que deberá proceder a súa adquisición por algunha das formas previstas legalmente. O propio art. 30.1º de dita lei dispón ao articular: "Integran a zona de dominio público os terros adquiridos por título lexítimo pola Administración titular da estrada para a construción da mesma ou dos seus elementos funcionais".

... ”.

Tal e como se describe nos antecedentes de feito este é igualmente o criterio que mantén a Deputación Provincial de Pontevedra reflectido no informe do servizo de asistencia a municipios de 17 de xullo de 2012. Elo para os efectos da modificación do plano S03 e o cálculo dos parámetros edificatorios da Ordenanza 6 na parcela neta agora resultante.

b) A posible existencia dun erro de grafado detectado no plano 0.4 de ordenación xeral do PXOM no que respecta ao tramo 0.4 de ordenación xeral do PXOM, no que respecta ao tramo que conecta a PO-308 coa estrada EP 0604 C-550 Pereiro-Casalvito.

Esta secretaría sen xa pronunciado en distintas ocasións sobre o particular: tanto sobre a necesidade de proceder á realizar os trámites previstos no procedemento regrado de investigación de oficio se existisen dudas sobre a súa titularidade conforme ao sinalado na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, como o réxime excepcionalmente aplica á rectificación de erros pola falta de cobertura en PXOM tratándose dunha determinación esencial para esta clase de solo, como é o emitido con data 16 de novembro de 2009:

“... ”

Segunda.- A rectificación de erros e a a revisión do planeamento. Límites.

A solicitude formulada polo alcalde con data 4 de maio de 2009 facía referencia a informe desta Secretaría de 20 de abril de 2008:

“...Segundo.- Procedemento proposto. Rectificación de erros materiais.

A Clausula terceira do Convenio delimita entre os compromisos que asume o concello de Poio: “a) Rectificar o erro existente no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio en canto as aliñacións da Rúa Peirao...”. Para elo baséase no informe emito polo equipo redactor do Plan ao que se fixo referencia nos antecedentes de feito.

É aplicable ao ámbito do planeamento urbanístico o mecanismo da rectificación de erros prevista no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non recollendo figura análoga a lexislación urbanística:

“As Administracións públicas poderán así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”

Pero coma cuestión previa é preciso deslindar o campo de aplicación desta figura no ámbito do planeamento urbanístico, de marcado carácter excepcional segundo a xurisprudencia

A Sentencia de 8 de xaneiro de 1998, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias fundamento xurídico oitavo sinala ao particular:

“Por otra parte si la técnica de la rectificación de errores materiales tiene como principal consecuencia el descarte de la doctrina de los actos consentidos, no resulta de invocación en hipótesis conceptuales que recaban los trámites rigurosos de los arts. 102 y 103 del LPC, radicando por tanto el problema en determinar la fronteras entre el error de hecho y derecho, a fin de evitar el llamado fraus legis, negándose siempre que su apreciación implique un juicio valorativo o exija una operación de calificación jurídica y por supuesto siempre que la rectificación represente realmente una alteración fundamental del sentido del acto, pues se niega aquella libertad en caso de duda o cuando la comprobación del error cual aquí acaecel (sic), exige la aportación de datos de los que no hay constancia en el expte., porque el error al que se refiere el art. 105 es solamente error evidente, que consiste en mera equivocación que no transforman ni perturban la eficacia substancial del acto en el que se advierten”

Máis claramente a Sentencia do 24 de xuño de 1993 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid establece o concepto de erro material e lembra o doutrina xurisprudencial sobre a súa aplicación e distinción doutro tipo de procesos:

“Segundo. Eliminado el obstáculo procesal que la Administración demandada ha opuesto a la viabilidad de la pretensión actora y, por ello, a la decisión de la cuestión de fondo suscitada con la interposición del recurso contencioso-administrativo, procede entrar al examen de la misma no sin antes poner de manifiesto que el Plan General cuya corrección de errores materiales aquí se impugna ha sido anulado por esta Sala por introducir en su aprobación definitiva modificaciones sustanciales sin reiterar el trámite de información pública mediante (Sentencias 112/1992, de 6 de marzo -Sección 2ª-; 533/1992, de 14 de julio -Sección 1ª-; y 626/1992, de 7 de septiembre -Sección 1ª-), circunstancia de la que debe deducirse el limitado alcance del pronunciamiento que hagamos en esta Sentencia.

Pues bien, la cuestión litigiosa se reduce a constatar si los errores materiales corregidos mediante el acto recurrido son realmente tales o, si por el contrario, no pueden reconducirse a dicha categoría jurídica debiendo concluirse que la Comunidad de Madrid, aplicando el artículo 111 de la Ley de Procedimiento Administrativo y por ello por vía inadecuada, ha procedido a modificar algunas determinaciones del Plan General de Ordenación Urbana de Las Rozas de Madrid.

Así las cosas, debe tenerse presente que el procedimiento previsto en el artículo 111 de la Ley de Procedimiento Administrativo tiene por finalidad arbitrar una fórmula que evite que simples errores materiales y patentes pervivan y produzcan efectos desorbitados o necesiten para ser eliminados de la formalidad de los costosos procedimientos de revisión (véase Sentencia del Tribunal Supremo de 27 de febrero de 1990), lo que avoca a una necesaria interpretación y aplicación restrictiva del mencionado precepto legal y del procedimiento en él contemplado (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 21 de abril de 1978 y 18 de septiembre de 1985) para evitar que a través del mismo se encubra una auténtica potestad revisora de oficio, eludiendo los trámites formales de los artículos 109 y 119 de la propia Ley (véase Sentencia del Tribunal Supremo de 1 de febrero de 1991).

En esta línea interpretativa ha de ponerse de manifiesto que **el error material es aquel que merece la calificación de independiente de cualquier opinión o criterio que pueda sustentarse en orden a la calificación jurídica de la figura, situación, etc., en que el error de hecho se haya producido (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 20 de abril de 1966, 4 de julio de 1973, 31 de mayo de 1974, 20 de julio de 1984 y 5 de noviembre de 1985)**. En otras palabras, el error de hecho es aquel que versa sobre un hecho, cosa o suceso, esto es, algo que se refiere a una realidad independiente de toda opinión, criterio particular o calificación, debiendo poseer las notas de ser evidente, indiscutible y manifiesto (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 17 de diciembre de 1965, 5 de diciembre de 1977, 17 de junio de 1981 y 6 de abril de 1988). Se trata en suma de <<errores>> accidentales que resultan del propio expediente administrativo (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 20 de julio de 1984, 30 de mayo de 1985, 31 de enero de 1989 y 27 de febrero de 1990).

Siendo ello así, para que exista error material o de hecho se requiere:

a) Que posea realidad independiente de la opinión o criterio de interpretación de las normas jurídicas aplicables (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 17 de octubre de 1983, 20 de julio de 1984, 22 de octubre de 1986 y 25 de febrero de 1987).

b) Que se pueda constatar teniendo exclusivamente en cuenta los datos del expediente administrativo (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 20 de julio de 1984, 30 de mayo de 1985, 31 de enero de 1989 y 27 de febrero de 1990).

c) Que se pueda rectificar sin que padezca la subsistencia jurídica del acto que lo contiene (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 20 de julio de 1984, 30 de mayo de 1985, 31 de enero de 1989, 27 de febrero de 1990 y 1 de febrero de 1991).

Tercero. De lo anterior se deduce que el control del acto administrativo recurrido debe hacerse no tanto desde la perspectiva de las consecuencias, en orden a las determinaciones urbanísticas, que se derivan de las dieciséis correcciones acordadas sino desde la consideración de si los extremos rectificadas pueden conceptuarse como verdaderos errores materiales que se deducen de modo evidente, indiscutible y manifiesto de la propia documentación del Plan General definitivamente aprobado.

Desde esa perspectiva podemos ya concluir, como lo ha hecho el Perito que ha emitido informe en este juicio, que las rectificaciones identificadas en el acuerdo recurrido con los números 9, 11, 13, 14 y 15 lo son de verdaderos <<errores>> materiales padecidos en la documentación gráfica del Plan, en cuanto a través de ellas se trata de corregir meros desaciertos de rotulación en los planos o adaptar siglas.

Otro tanto cabe decir de aquellas rectificaciones mediante las que se eliminan las contradicciones existentes entre planos de la documentación gráfica del Plan (las números 7 y 10). Se trata de contradicciones gráficas cuya confrontación con la correspondiente ficha normativa pone de manifiesto el error de delineación padecido en el plano corregido, no existiendo, pues, en dichos dos supuestos modificación alguna de las determinaciones del Plan General de Las Rozas sino mera corrección de un error material de delineación.

Otro tanto cabría decir de la rectificación identificada con la número 1, mediante la que en el plano 2c se corrige la falta de línea de cierre del suelo urbano del casco de Las Rozas, tal y como aparece grafiada en el plano 1c. Sin embargo, como afirma el Perito, practicada la rectificación dicha línea de cierre no coincide en ambos documentos, de manera que en el plano 2c rectificado una porción de suelo de forma triangular ha pasado de estar clasificada como suelo urbano a estarlo como suelo no urbanizable. A la misma conclusión ha de llegarse en relación con la rectificación

número 3 en la que si bien se trata de corregir la contradicción existente entre los planos 2a y 2b, al rectificar el primero de dichos dos planos se hace de manera que no coincida con lo grafiado en el segundo, provocando que determinadas zonas del suelo cambien de clasificación. Estamos, pues, en presencia de dos subrepticias modificaciones del Plan mediante el cambio de clasificación urbanística de porciones de terreno adoptada por un procedimiento, el de <<rectificación>> de <<errores>> materiales, inadecuado para ello, por lo que en este punto el acto recurrido debe ser declarado nulo [artículo 47.1,c) de la Ley de Procedimiento Administrativo].”

Cabe así destacar un dos límites aos que se refiere a anterior sentencia : a rectificación de erros materiais procedendo despois de correxidos non se altera ou cambia o contido do acto administrativo de maneira que subsiste con iguais efectos e alcance. Desta forma e a título de exemplo a xurisprudencia ve inviable que por aplicación da rectificación de erros se modifique a alineación dun callejón.

...”.

No escrito de contestación á consulta plantexada polo concello do servizo provincial de urbanismo negábase a posibilidade de utilizar a vía do art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro por tres motivos:

- A necesidade de realizar una verdadeira operación de valoración.
- Implica unha toma en consideración de datos que non figuran no expediente do propio plan.
- Afecta a unha determinación esencial do Plan Xeral para o solo de núcleo rural.

Respecto a primeira delas, erro de feito ou de dereito, é preciso determinar qué cabe entender por “**valoración**”. O fundamento xurídico undécimo da Sentenza de 28 de decembro de 1998 do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña sinala:

“...**Undécimo:** Es oportuno abundar en la valoración que se acaba de anticipar porque constituye el núcleo de la cuestión litigiosa.

Considera la Sala que el lamentable error producido cuando se confeccionaron el índice, el plano y las fichas del Catálogo no puede subsanarse por el procedimiento del art. 105.2 L 30/1992 que permite a la Administración, en cualquier momento, rectificar de oficio o a instancia de los interesados los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos. Aquí no se trata en verdad de un simple error material, de inequívoca apreciación, porque hay que dirimir una alternativa mediante un juicio cargado de valoración: o se considera que la inclusión de la fotografía en la ficha -y congruente descripción- obedece a un error del equipo técnico redactor del Catálogo, o por el contrario que el error se da en el nombre y dirección reflejados en la ficha. Es el dilema que ya se apuntaba al comienzo del FJ 2.º.

Pues bien, para resolver razonablemente este dilema considera el Tribunal que hay suficientes elementos e indicios: el deseo del Consistorio de catalogar el «Corral de la Vila» en atención a un interés histórico, ya consignado en un informe del archivero municipal de 16 Dic. 1988 que obra en las actuaciones; el concluyente informe de los arquitectos redactores del Catálogo y su declaración testifical acerca del error sufrido al fotografiar la pequeña masía en lugar del corral; la definición neutra que se hace de este edificio en ficha 444, simplemente morfológica, que no comporta la afirmación de algún valor artístico o arquitectónico; la inexistencia en los autos y en las actuaciones administrativas del menor dato que avale la catalogación de esta masía, opinión también sustentada por los arquitectos en su declaración testifical; el tipo de protección que se recoge en la ficha -el VII, correspondiente «a aquells edificis situats fora del sòl urbà (masies o assimilables) que responden a les caracteriques de l'arquitectura tradicional. El Pla Especial defineix la seva protecció, no tan sols de l'edifici en sí, sinó de l'entorn més immediat al mateix (barri, era, bassa, i altres) i que en algún cas inclou elements de més valor arquitectònic-arqueològic que la masia en sí (cas de les torres de defensa)», de acuerdo con el art. 5 de las normas urbanísticas del Plan Especial-, inadecuado a la masía en cuestión, un edificio de vivienda integrado en la trama del ensanche urbano; la existencia de masías similares que no se han tomado en consideración; la calificación urbanística del solar, que sería incompatible con la protección cultural; y la misma ubicación en el plano e índice del Catálogo (haciendo esquina con la plaza Joan Duran i Ferret). El conjunto de todos estos datos justifica que se pueda informar favorablemente la descatalogación de la masía sita en c/ Vidal i Barraquer. No hay por qué mantener la protección de un edificio que nunca se quiso catalogar, ni hay constancia de que fuese susceptible de ello. ...”.

Non obstante, a situación descrita na devandita sentenza non é extensible áo expediente que está a ser obxecto de informe, por canto non existe dualidade de solucións ou alternativas posibles nin é necesario realizar operación ningunha de interpretación de normas xurídicas aplicables por canto o camiño é preexistente ou non ao propio PXOM, cun determinado trazado. Tampouco se ve afectada a clasificación de solo que proceda aplicar aos terreos afectados.

O feito de que o erro afecte a unha determinación propia do PXOM para solo de núcleo rural (art. 56.c) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), como límite á utilización da rectificación prevista no art. 105.2º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, implicaría case a imposibilidade de que fose utilizada tal figura no ámbito urbanístico ou cando menos, solo tería cabida en aspectos que fosen propios de planeamento de desenvolvemento.

A xuízo desta informante tal limitación non pode ser aplicada de forma aislada senon sempre de forma conxunta cos demais requisitos descritos pola xurisprudencia, interpretación que ven avalada polo feito de que aquela tería admitido que a rectificación afecte a tal clase de determinacións (Sentencia do 24 de xuño de 1993 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid nos termos xa analizados).

Xa que tal e como establece o Tribunal Supremo na súa Sentenza de

“...

SEXTO.- Desde luego que la rectificación del error conlleva importantes consecuencias: esa Unidad de Actuación pasará ahora a regirse por unas determinaciones urbanísticas distintas a las anteriores equivocadas, pero eso nada dice sobre la existencia del error. El error existe o no con independencia de sus consecuencias; puede ser nimio o de consecuencias importantes,

pero el artículo 105-2 no dice que sólo los primeros sean salvables y aun pudiera concluirse que son precisamente los segundos los que con mayor razón deben ser corregidos....”

En canto á segunda das circunstancias que deben concurrir, o servizo provincial de urbanismo sinala que é necesario acudir a documentación que non integra o expediente. Pese a elo, deberá ser o equipo redactor do propio Plan o que determine especificamente se na documentación integrante do mesmo se incluía ou non, o camiño existente.

E elo tendo en conta que de expediente poderían facerse, como mínimo dous definicións. A primeira e máis restrictiva que parece ser a seguida no escrito de contestación da administración autonómica de xullo de 2009 cando indirectamente asume que “expediente” debe reconducirse ao conxunto definido no art. 61 da Lei 9/2002, do 30 de decembro e o resultante da tramitación administrativa pero excluindo como tal a que previamente serviu para a formación dos distintos planos, estudo do asentamento poboacional etc como é a documentación catastral que permite acreditar a existencia previa PXOM do trazado non previsto no mesmo. A segunda, acudindo á definición que de expediente ofrece o dereito administrativo local e así o art. 164.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

“Constitúe expediente o conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encaminadas a súa execución”.

A propia Lei 9/2002, de 30 de decembro, acolle de forma expresa esta segunda concepción de expediente ao sinalar no segundo inciso do artigo 85:

“...A consellería no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental tanto do proxecto de plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas.
...”.

O informe remitido pola asesoría xurídica da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinalaba expresamente:

“...Tendo en conta o anterior, a corrección proposta nos termos que se formula, en principio, non supón modificación algunha sobre o contido do plan xeral, nin a alteración das súas previsións, senón que se limita ó recoñecemento dunha realidade física que non quedou plasmada no seu día na elaboración e aprobación do plan xeral”.
...”.

Aínda que tal e como xa se expuso non se produce alteración ningunha na clasificación de solo sí existe cambio na descripción que do camiño ofrece o Plan aumentando o seu trazado na superficie non prevista.

Cabe reiterar que a rectificación de erros ten que ser aplicada segundo abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo dunha forma restrictiva sendo por tanto de utilización excepcional para aqueles erros que sexan claros, patentes e evidentes sen que en caso ningún poda producir perxuízo a terceiros.

Con data ten entrada no concello informe do equipo redactor do Plan no que se indica expresamente :

“...Por tanto la documentación reconoce como perteneciente al sistema general viario las vías construídas para la circulación de vehículos y peatones, sin embargo en los Planos del Plan General (Ordenación General 7) el trazado del denominado Estanco Vello no se encuentra grafiado en su totalidad coincidiendo el grafiado con el de la cartografía base que sirvió para la elaboración del Plan General.

Respecto al Catastro Histórico, su utilización durante el proceso de elaboración y tramitación del documento, fue testimonial, circunscribiéndose a situaciones muy concretas, derivadas e algún escrito de alegación, no utilizándose para el caso que nos ocupa...”.

Desta forma, en razón ao exposto, podendo existir outros moitas situacións nas que concorran similares circunstancias, tendo sido iniciado procedemento de revisión das determinacións do PXOM e o uso restrictivo que da aplicación da rectificación de erros debe realizarse, a funcionaria que subscribe o presente informe recomenda a utilización doutra clase de procedementos previstos na lexislación urbanística aplicable o a inclusión na documentación do indicado procedemento de revisión....”.

Consta acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local respecto da natureza pública do camiño (aínda que non se ten sustanciado conforme oa procedemento de referencia). Non existe un informe técnico no que se describa o camiño ao que se pretenda dar cobertura no PXOM nin constancia do propio camiño cando se formulou, entre a documentación que serviu para a súa formulación, seguindo a ter vixencia as consideracións realizadas respecto do procedemento de revisión do Plan dado o carácter

excepcional da aplicación desta figura.

Respecto das restantes cuestións introducidas no informe da arquitecto municipal (construción de valo de cerramento) e de acordarse a rectificación polo Pleno, deberase requirir aos interesados para que aporten a documentación correspondente, momento a partir do cal emitíranse novos informes, técnico e xurídico.”

A Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión ordinaria realizada o 31 de xullo de 2012 adoptou o seguinte ditame.

Primeiro: Esta comisión considera que dito camiño é público, debendo de iniciarse os trámites necesarios para a rectificación de erro material producido no grafiado do Plan Xeral de Ordenación Municipal para reflectir no mesmo dito camiño.

Segundo: Requirir do promotor que cumprimente o informe emitido pola Arquitecto Municipal.

Toma a palabra o Concelleiro Delegado de Urbanismo quen explica que o expediente tratouse na Comisión Informativa de Urbanismo realizada o mesmo día e do que se trata sería de aprobar a rectificación no grafiado no PXOM do devandito camiño, xa que soamente aparece grafiado a parte final do mesmo, e non a parte onde nace o camiño que sería en Casalvito, por iso se fai necesario a tramitación do expediente como erro no grafiado.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto a favor dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Rectificar o erro de grafiado detectado no plano 0.4 de ordenación xeral do PXOM, no que respecta ao tramo B-C que conecta a estrada EP 0604 Casalvito-Pereiro co camiño público municipal (rúa Cela)..

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e vinte e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria, dou fe.

CERTIFICO QUE É COPIA DA ORIXINAL

Vºe pr.
O alcalde

A secretaria acctal

Luciano Sobral Fernández

Consuelo de la Peña Costoya